



Tal como el mesmo con certeza desexaba, a memoria de Fermín Penzol (1901-81) está indisolublemente vencellada á Biblioteca e á Fundación que levan o seu nome, e que en 1963 deixou como perenne legado á cidade de Vigo e ao pobo galego. No presente volume ofrécese unha pluralidade de perspectivas sobre a súa personalidade e sobre a significación dese seu legado. Unha personalidade definida polos trazos felizmente conxugados de galeguismo a toda proba, bibliofilia tan experta canto apaixonada, e unha abraiante xenerosidade, á altura do seu amor polo país galego, o seu idioma e a súa cultura. Un legado bibliográfico e documental que constituíu un firme alicerce para o desenvolvemento duns saberes galegos emancipados, especialmente no campo das humanidades.

Colabora



FERMÍN PENZOL UNHA OBRA PARA UN PAÍS

# FERMÍN PENZOL

## UNHA OBRA PARA UN PAÍS

50 anos  
da Fundación Penzol





FERMÍN PENZOL

UNHA OBRA

PARA UN PAÍS

**EDICIÓN**

María Dolores Cabrera, Henrique Monteagudo

**COORDINACIÓN EDITORIAL**

Xosé M. Soutullo

**DOCUMENTACIÓN E SELECCIÓN DE FONDOS**

Benito Ramírez, Marián Vidal

**REVISIÓN DE FONDO EDITORIAL****DESEÑO DA COLECCIÓN**

Fausto C. Isorna

**MAQUETACIÓN**

Hayat Husein

**COLABORADORES DA EDICIÓN**

Ricardo Beiras, Xoán Bernández, Benxamín Casal, Xosé Francisco Domínguez, Olga Gallego, Pedro López, Xulián Parga, Xulio Souto, Antón Vidal, Alfonso Zulueta de Haz

**FOTOGRAFÍAS**

Arquivo de Editorial Galaxia, Arquivo da Fundación Penzol, Arquivo familiar de Fermín Penzol, Deputación de Pontevedra (Juan Carlos Simón), Daniel Lema

**COLABORACIÓN DE TEXTO****COLABORACIÓN DE DISEÑO**

ISBN (FUNDACIÓN PENZOL) 978-84-614-4175-4

ISBN (EDITORIAL GALAXIA) 978-84-9865-312-0

DEPÓSITO LEGAL VG 898-2010

**COLABORACIÓN DE DISEÑO**

IMPRESO EN Gráficas Lizarra

**COLABORACIÓN DE DISEÑO****COLABORACIÓN DE DISEÑO****AGRADECIMIENTO ESPECIAL**

Francisco Fernández del Riego

**AGRADECIMENTOS**

Archivo General de la Universidad Complutense, Archivo General del Ministerio de Justicia, Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra, Biblioteca da Deputación de Ourense, Deputación de Pontevedra, Biblioteca Pública Municipal “Menéndez Pelayo” de Castropol, Federación de Libreiros de Galicia, Fundación Otero Pedrayo, IES Sánchez Cantón de Pontevedra, Museo de Pontevedra, Parroquia de Nuestra Señora de la Encina de Ponferrada, Real Academia Galega, Televisión de Galicia.

Xesús Alonso Montero, Xosé Luís Axeitos, Ana Barbazán Iglesias, Reis Camiña Castro, Rafael Canseco, Antolín de Cela, Patricia Arias Chachero, José Antonio Durán, Tereixa García Sabell, Helena González, Eduardo Gutiérrez, Xurxo Martínez, Xosé Neira Vilas, Manuel Peleteiro, Avelino Pousa Antelo, María del Carmen Prieto, Luís Rei, Rafael Sánchez Agustino, Antón Santamarina, Xosé Carlos Valle Pérez, Ovidio Vila Pernas-Blog “Castropol”, en especial á familia de Fermín Penzol (Blanca Jiménez, Amalia Jiménez e Xulio Souto).

# FERMÍN PENZOL

## UNHA OBRA

## PARA UN PAÍS

**EDICIÓN**

MARÍA DOLORES CABRERA

HENRIQUE MONTEAGUDO


	FERMÍN PENZOL	27	<i>Os silencios de Fermín</i> Valentín Paz-Andrade		NO RONSEL DA PENZOL	134	<i>Un lugar de encontros</i> Xosé Luís Franco Grande
10	<i>Home galego</i> Francisco Fernández del Riego	28	<i>Este é dos bos e xenerosos</i> Isidoro Millán	114	<i>Fermín Penzol: bibliofilia e política</i> Xesús Alonso Montero	135	<i>O goce do tempo detido</i> Helena González Fernández
12	<i>Fermín Penzol. Cronobiografía</i>	28	<i>Fermín Penzol en Barcelona</i> Basilio Losada	116	<i>A tripla "revelación" da Penzol</i> Gonzalo Allegue	136	<i>Unha e moitas débedas coa Fundación Penzol</i> Gerardo González Martín
18	<i>Conversa con Fermín Penzol, o gran bibliófilo galego</i> Salvador Lorenzana	29	<i>Unha lembranza da figura humana e cordial de Fermín Penzol</i> Isaac Díaz Pardo	117	<i>A Fundación Penzol e o Instituto da Lingua Galega</i> Rosario Álvarez Blanco	137	<i>A Penzol, un manantío de galeguidade</i> Modesto Hermida
	FERMÍN PENZOL NA MEMORIA DOS VELLAS AMIGOS			118	<i>Unha onza de chocolate</i> Rosa Aneiros	139	<i>A Penzol, unha fonte de auga fresca e permanente</i> Bieito Ledo
22	<i>Discanto para Fermín Penzol</i> Fermín Bouza-Brey	29	<i>Vir generosae ac clarae indolis</i> Sebastián Martínez-Risco	120	<i>As tardes na Penzol</i> Valentín Arias	140	<i>A Penzol nos tempos en que as bibliotecas eran delito</i> Gustavo Luca de Tena
23	<i>Hai kai a Fermín Penzol, bibliófilo</i> Uxío Novoneyra	30	<i>Non se sabe tanto</i> Eduardo Blanco Amor	121	<i>Da Fundación Penzol</i> Miguel Barros	141	<i>A imaxe da Lealdade</i> X. L. Méndez Ferrín
23	<i>Canto de outono para a túa volta</i> Salvador García-Bodaño	30	<i>Penzol entra nunha librería...</i> Ricardo Carballo Calero	122	<i>Lembranzas de tempos non tan vellos</i> Justo Beramendi	142	<i>A cartografía e o territorio na Biblioteca Penzol</i> Gonzalo Méndez Martínez
24	<i>Nesta xuntanza amistosa...</i> Ramón Piñeiro	31	<i>Botando alicerces en silencio... alentamos. Aínda alentamos e alentaremos sempre</i> Xosé Manuel Beiras	123	<i>O silencio</i> Carmen Blanco	143	<i>Penzol</i> Xose Neira Vilas
25	<i>Era galego fronteiriço...</i> Manuel Rodrigues Lapa		A FUNDACIÓN PENZOL E O GALEGUISMO	124	<i>Luz da Penzol</i> Xan Carballa	144	<i>A Penzol onte e hoxe</i> Camiño Noia
25	<i>O sorriso de Fermín Penzol</i> Domingo García-Sabell	54	<i>Historia da Fundación Penzol e a súa significación</i> Alfonso Zulueta de Haz	125	<i>A Biblioteca Penzol, arcano do noso saber</i> Xavier Castro	145	<i>A Penzol acougadora</i> Craig Patterson
25	<i>Os espellos de Fermín Penzol</i> Marino Dónega	60	<i>A Biblioteca Penzol como Biblioteca Nacional de Galicia</i> Olga Gallego Domínguez / Pedro López Gómez	127	<i>Arredor da Penzol</i> Baldomero Cores Trasmonte	146	<i>A biblioteca dun soño, a biblioteca dos meus recordos</i> Carmen Pérez Pais
26	<i>Fermín Penzol en Mondoñedo</i> Álvaro Cunqueiro	66	<i>A Fundación Penzol e a memoria do galeguismo</i> Ramón Villares	129	<i>A Penzol</i> Antón Costa Rico	147	<i>Vinculeiros de Fermín Penzol</i> Miguel Anxo Seixas Seoane
26	<i>Dende neno e estudante alentaba a idea dela</i> Ramón Otero Pedrayo	71	<i>A Fundación e Bibioteca Penzol e a Filoloxía galega</i> Henrique Monteagudo	130	<i>A esmorga á luz da Penzol</i> Xosé Manuel Dasilva	150	<i>A Fundación Penzol cae no vinte e catro...</i> Xohana Torres
26	<i>Un encontro</i> Xosé Luís L. Cortón	81	<i>A Editorial Galaxia e a Fundación Penzol. Galeguismo civil</i> Víctor F. Freixanes	132	<i>Pasar por Penzol é vivir</i> José Antonio Durán	151	<i>O noso planeta Penzol</i> Dolores Vilavedra
27	<i>Coñecín a Penzol...</i> Xosé Ramón e Fernández Oxea			132	<i>Don Paco e a illa do tesouro</i> Camilo Fernández Valdehorras	152	<i>A gran recompensa do noso labor</i> Marián Vidal Fraile
27	<i>A obra de Penzol</i> Álvaro Gil Varela						

*“Vir generosae ac clarae indolis”*

Sebastián Martínez-Risco

FERMÍN PENZOL

Fermín Penzol por Xaime Isla



# Home galego

Francisco Fernández del Riego

**N**a historia cultural galega dos nosos días o nome de Fermín Fernández Penzol-Labandera ten un fondo significado. A andadura dos seus días todos decorreu polos vieiros dunha galeguidade entrañábel. De primeiras cómpre dicir que se trata dun home que vive conforme a si mesmo, e que, asemade, andou a se revelar coma personaxe de fonda dimensión. Coñecemos a Penzol dende hai moito; e a traveso dese coñecemento pescudamos o que puidemos na anchura e mais na profundidade da súa aventura espiritual.

Sempre soubo ser Penzol un galego excepcional elaborado en home de arestora por tantas cousas anergas da nosa terra e do noso espírito. Estea onde estea, faga o que faga, maniféstase decote coa mesma humanidade eterna e nova.

Penzol é home que ama as actitudes. Pero non as actitudes superficiais, senón a actitude fonda diante das cousas básicas. El e mais a súa obra reflicten un acento definidor fronte de feitos vitais e actuais da nosa cultura. Galego deica a cerna, contemplativo e realista, sabe onde está e como ha estar sempre. Fillo da Galicia histórica, na encrucillada de dous mundos fronteirizos —o berciano do seu pai e o asturiano da súa nai—, sente afervoadamente canto hai de auténtico nas esencias nutricias.

Mesmo por iso, enteiro, soubo Penzol cal era a súa misión en tempos desnorteados, e cumpriuna, fiel ás súas crenzas. Por

ser así, un home tan fiel e tan galego, de tanto carácter, os seus días foron deixando, e han deixar para o porvir, un calco inabalábel. Hai nel unha grande impresión de lealdade coa propia vida; unha lealdade que trae a entrega —outra magnífica actitude máis— a este non doado e abritado mundo da nosa reconstrución autóctona.

Fronte dunha común autosatisfacción provocada por certa viveza na xogada económica ou de tipo individual, espíritos coma o de Penzol son un edificante exemplo. Advírtenos a tempo que existe outro xeito de xogadas para acadar os cumes dunha verdadeira grandeza. Todo o vivir de Penzol está guiado por ese senso de grandeza.

Coidamos que ninguén, por moi discípulo que sexa da xenreira ou da envexa, antre os que o coñecen, poida atribuírle algo que represente menoscabo ou diminución da súa íntegra beleza moral; algo que, no máis lene, faga acanear a súa realidade de paradigma nos eidos da humana honestidade e da distinguida modestia.

Penzol é unha rara amosa de equilibrio e de limpeza. Un galego fondo. A súa afección polos libros, a súa inquietude polos problemas do país, a súa curiosidade polo pasado e o seu infatigábel galeguismo, son notas que, antre outras, definen a súa personalidade. Trátase dun home de gran saber bibliográfico. Porén como ten o “vicio” da modestia, gusta de vivir un algo no isolamento. Estableceuse, así, nunha zona que é a da bondade, “nin envexado nin envexoso”.

Pero hai máis aínda. A figura de Penzol —na súa entrega aos valores culturais galegos—, opera coma unha potencia unificadora, harmonizadora de vontades, suscitadora de franca e liberal fraternidade. Baixo do seu nome, ergueito xa a símbolo dunha corrente moral e cultural, poden todos folgadoamente acubillarse. Todos aqueles que saiban comprender o vencello que une o home coa súa terra natal, e mais a lección que ensina aos seus contemporáneos e á posteridade.


Non hai dúbida de que, dentro da cultura galega, o nome de Penzol gañou unha verdadeira autoridade. E isto é irrefutábel na orde máis concreta e fría dos feitos. Fronte do seu xeneroso esforzo non cabe a indiferenza nin o esquezo, senón que cómpre calibrar canto vale e representa na súa chea adicación a Galicia. Polo demais, inda sendo home dunha intimidade pecha, trátase dunha intimidade poboada de refinamentos.

Sabido é, naturalmente, que existen galegos dos máis variados estilos. Pero, sobre todo, existe unha louvábel cras de galegos: os que cumpren coa súa vocación. Un pulo baril e indiscutíbel dirixiu a Fermín Penzol por un camiño de galeguidade, que resultou —afortunadamente para el e para nós— o seu. Por iso, cantos temos adivinado a calidade de primeira man que aflora sinxelamente no seu labor de servizo, emprestámoslle en todo intre unha viva atención e unha cordialidade alentadora.

Penzol está inserido na mellor tradición da nosa cultura. E a homenaxe máis eficaz que lle podemos ofrecer é a de proseguir, vivificar e anovar esa gloriosa tradición, cos pés moi firmes na terra entrañábel e os ollos postos no alto.

Ser, pois, un home fiel a Galicia e á súa cultura, é unha singular cualidade que esixía estas liñas de afecto. De afecto e de admiración a un home que —despois de tantos anos de esforzo— segue a ser un manantío de amor ao país, capaz de crear outra volta unha Biblioteca galega se non a tivera creado xa ■

\* Francisco Fernández del Riego foi dende a súa inauguración, en 1963, e ata xaneiro do 2010, xa nonaxenario, ininterrompidamente, o director da Biblioteca Penzol e a verdadeira *alma mater* da mesma. Este texto, asinado co pseudónimo de *Salvador Lorenzana*, foi publicado no libro *Homenaxe a Fermín Penzol* no ano 1972.



Caricatura de Siro publicada no número 73 de *Grial*

# Fermín Penzol

## Cronobiografía

### 1901-1910

Fermín Luís Fernández Penzol-Labandera, fillo único de Indalecio Fernández López, berciano, e mais de María de la Anunciación Penzol-Labandera, asturiana do fronteirizo Castropol, nace ás dezaseis horas do día 19 de agosto de 1901, en Sahagún de Campos (León), localidade na que o pai exercía de xuíz.

Ao pouco tempo a familia trasládase a Mondoñedo, vila natal dalgúns dos devanceiros maternos. Alí transcorren os primeiros e felices anos da súa infancia e amiga cos fillos do médico e poeta Manuel Leiras Pulpeiro, por quen sentirá unha grande admiración e de quen promoverá con posterioridade, en 1970, unha edición completa da súa obra.

### 1911-1920

O 27 de xuño de 1911 realiza o exame de ingreso para acceder aos estudos de bacharelato no Instituto General y Técnico de Pontevedra, centro de notable claustro, ao que no mesmo ano 1916 en que Fermín remata o seu bacharelato se incorpora Castelao como profesor axudante de Debuxo. Algo máis tarde, en 1919, tamén o fará Losada Diéguez como catedrático de Psi-

coloxía e Lóxica. Entre os nomes de alumnos que por aquelas datas estudan no mesmo instituto salientan, entre outros, Valentín Paz-Andrade, Fermín Bouza-Brey, Xerardo Álvarez Gallego, Bibiano Fernández Osorio-Tafall e máis tardiamente Xosé Filgueira Valverde. Esta etapa de adolescencia pontevedresa coincide, e mesmo vén propiciada, por un novo destino do pai na Audiencia Provincial.

A partir de outubro de 1916, e por decisión paterna, cursa a carreira de Dereito na Universidade Central de Madrid, no vello caserón da San Bernardo, acatándoa non sen certa contrariedade, pois el tiña mentes de facela en Santiago de Compostela, canda outros compañeiros de estudos. A familia, con outro traslado profesional do proxenitor á capital, fixa o novo domicilio na rúa do Pez, 38, 1º.

Neste “desterro” madrileño entra en contacto con algúns amigos galegos, entre eles co mindoniense Ángel Rego e, seica sabedores da saída do voceiro nacionalista *A Nosa Terra*, tentarán conseguila nos quioscos. Non a atopan, mais si, sorprendentemente, un exemplar d’*O Tío Marcos da Portela*, que Fermín merca decontado. Faise co enderezo da primeira publicación, subscríbese a ela e comeza a colaborar coas xentes das Irmandades da Fala, iniciando deste xeito un activo proselitismo galeguista.

Ao mesmo tempo, consciente da importancia e da necesidade da lectura dos textos de nós para un mellor coñecemento do país e da súa historia, acode con frecuencia á biblioteca do Museo de Pedagogía. Alí traballaba Luís Cortón, neto de Pascual Cortón e curmán de Xohán Vicente Viqueira, entusiasta mozo galeguista, con quen axiña traba amizade.

Tamén comeza a visitar adoito as librarías de vello e os postos de lance madrileños na procura de libros, revistas ou todo tipo de documentos relativos a Galicia que daquela se podían atopar. Enceta así unha ininterrompida vocación de bibliófilo que co tempo había de configurar unha das mellores e máis completa biblioteca privada de temática galega.

A partir de entón, como apunta Ramón Piñeiro, o seu amigo e biógrafo, vai desenvolver o seu galeguismo en dous planos distintos, aínda que complementarios e intimamente ligados: o da acción política e o da bibliofilia. Penzol amará os libros porque amaba o seu país.

Nesta altura coñece persoalmente a Castelao cando na Casa de Galicia, un dos lugares de encontro dos estudantes galegos residentes en Madrid, inaugura a exposición sobre os debuxos do posterior álbum *Nós* o 22 de maio de 1920.

### 1921-1930

A comezos dos anos vinte promove e funda na capital con outros compañeiros universitarios chegados de Galicia o grupo nacionalista denominado Mocidade Céltiga, vencellado ideolóxico e politicamente ás devanditas Irmandades da Fala e que terá como principal mestre e guieiro a Vicente Risco. Con Fermín como Conselleiro Primeiro, forman parte da súa primeira directiva, Salvador Mosteiro, Xaquín Pena, Modesto Piñeiro, Domingo López Valcárcel, Ramón R. Somoza, Luís Cortón, Ignacio R. Varela, Xesús Carracedo e Lois Cortiñas.

Da xénese e evolución deste grupo ao longo do seu aproximado quinquenio de existencia, así como das súas actuacións, reivindicacións e contactos, dan noticia os documentos e mais a correspondencia mantida aqueles anos por Penzol, como animador e peza fundamental do mesmo, con algúns dos “irmáns” e protagonistas do galeguismo do momento, incluso cos de alén mar. Especialmente abundante é a conservada con Víctor Casas.

Outros nomes de simpatizantes coa causa que daquela residían en Madrid son Emilio González López, Xosé Ramón Fernández-Oxea (*Ben-Cho-Shey*), e os sobriños de Domingo López Valcárcel, os irmáns lucenses Fernández López. Con todos eles manterá Fermín unha perdurable amizade.

Por declaracións propias sabemos que colabora con Ramón Cabanillas na primeira e efémera revista infantil, *As Roladas. Folla dos Rapaciños Galegos* (1922), na que mesmo se lle atribúe algún dos seus textos anónimos. Co Poeta da Raza manterá tamén ao longo dos anos unha estreita e duradeira relación.

Rematada a carreira, logo de preparar e aprobar as oposicións a Rexistrador da Propiedade, en xullo de 1930 toma posesión do seu primeiro destino na vila de Ordes. A esta seguirán, nun obrigado peregrinar no exercicio da profesión sempre coa saudade e a esperanza frustrada de achegarse definitivamente á terra, as localidades de Pastrana, Alburquerque, Ávila, Sariñena, Castuera, Castropol —onde por vínculos familiares e afectivos demora voluntariamente bastante tempo nos anos cincuenta e sesenta—, Ferrol, Manresa, Avilés, Santa Cruz de Tenerife e Barcelona, praza na que se xubila.

### 1931-1940

Logo de fundarse o Partido Galeguista, ponse en contacto con Alexandre Bóveda e afíliase. En Madrid, a onde segue acudindo con frecuencia, asiste aos parladoiros que no café Regina tiñan Castelao, Otero Pedrayo, Villar Ponte e Suárez Picallo, daquela deputados nas Cortes Constituíntes da II República.

En 1936 forma parte activa do Comité madrileño que organiza a Campaña a favor do Estatuto de Autonomía de Galicia e colabora na organización do concorrido mitin celebrado no Teatro Alkázar da capital o 21 de xuño. No acto, presidido por Roberto Blanco Torres, xefe do Gabinete de Prensa do Presidente da República, actuarán como voceiro do galeguismo Francisco Fernández del Riego, o deputado Edmundo Lorenzo como representante dos socialistas, e pola Esquerda Republicana Emilio González López.

Fica na capital ata a entrega do Estatuto nas Cortes e o 16 de xullo sae en tren para Ponferrada. Os fatídicos acontecementos



do 18 dese mes collen a Fermín coa súa nai na casa paterna da Praza da Encina desta localidade, onde dous anos antes, en abril de 1934, recibira sepultura o pai, don Indalecio, despois de finar en Madrid.

### 1941-1950

Logo da guerra, en 1943 coñece a Ramón Piñeiro na tertulia que con outros galeguistas residentes na capital —Álvaro Gil, Evaristo Mosquera e *Ben-Cho-Sbey*— tiña lugar no café La Granja del Henar. Principia así unha fonda e fraternal amizade, perdurable ata o final dos seus días. Nos duros anos da ditadura partillarán a actividade política de reorganización do galeguismo na clandestinidade, ademais das relacións coas outras forzas nacionalistas e de oposición ao réxime franquista do resto do Estado.

En abril de 1946, cando Piñeiro é detido, xunto cos irmáns Cesáreo e Camilo Saco, e posteriormente encarcerado, o cargo de Secretario Político do partido pasa a ser cuberto por Fermín Penzol. No exercicio do mesmo, se lle atribúen algunhas das cartas e textos enviados —co pseudónimo de *Santiago Pol*— a Castela cando este formou parte do Goberno republicano de Giral en París como ministro. Son os tempos das desavinzas políticas entre o galeguismo do interior e mais o do exilio.

Finados os pais, o 8 de decembro de 1949 casa con Blanca Jiménez, ribadense, dende aquela inseparable compañeira e colaboradora. O matrimonio non tivo fillos. Este enlace contribúe aínda máis a estreitar os seus lazos co país e co fogar materno da vila fronteiriza de Castropol, onde vive nos anos que na vila exerce de rexistrador da propiedade e no que despois pasará longas estadias e será adoito visitado por múltiples amigos e galeguistas. Grande amante dos deportes náuticos, nomeadamente dos de remo, vai ser durante moitos anos promotor, benfeitor e presidente do Club de Mar castropolense e mais das súas regatas.

Cando en 1950 se crea a Editorial Galaxia, pola súa proximidade e afinidade tanto persoal como ideolóxica co grupo dos fundadores, colabora dende o principio coa nova empresa político-cultural. Vencellada a esta estratexia colectiva de concienciación galeguista, e da necesidade de recuperación da nosa memoria histórica, está a xenerosa decisión de doar en vida para uso público e proveito do país a valiosa biblioteca persoal que o experto e xa recoñecido bibliófilo fora teimosa e pacientemente configurando, sen relear esforzos nin prezos, ao longo de máis de corenta anos da súa existencia.

### 1951-1960

En 1951 foi proposto para académico correspondente da Real Academia Galega por Carré Alvarelllos, Vales Villamarín e Villar Ponte, sendo nomeado en maio de 1952.

Seareiro das tertulias da época, nas súas continuas idas e estadias madrileñas, frecuenta entre outras a do café Lyon d'Or, na rúa Alcalá, un dos puntos de encontro da intelectualidade galega residente na capital. Dela, e dalgúns dos participantes neste faladoiro, na altura dos anos cincuenta —Cabanillas, *Ben-Cho-Sbey*, Álvaro Gil, Faustino Santalices, Gamallo Fierros, Martínez Barbeito ou Pura Vázquez— deu noticia escrita recentemente o profesor Alonso Montero.

Na plenitude da súa vida, a finais de setembro de 1956, e asesorado por Ramón Piñeiro, fai entrega simbólica en Vigo dos seus valiosos fondos a Galaxia, á que confía o depósito, custodia e administración dos mesmos para que sexan postos ao servizo dos estudosos e investigadores da nosa realidade histórica e cultural. Actúa como receptor o presidente da editora, Ramón Otero Pedrayo, e interveñen no acto varios membros do Consello de Administración.

Acórdase establecer a futura biblioteca en Vigo por carecer daquela a cidade dunha institución galega destas caracterís-

ticas, e mais por ter nesta localidade o domicilio social Galaxia. Ao longo dos seguintes anos, no tempo que demora entre esta data e a inauguración do novo centro, lévanse a cabo as múltiples e necesarias tarefas preparatorias para a súa posta en marcha, tales como a pescuda de local, o seu axeitado acondicionamento, a embalaxe e transporte dos fondos dende os diferentes lugares de procedencia, así como a recepción e preparación dos mesmos.

### 1961-1970

Xa na década dos sesenta, o 7 de abril de 1963 formalízase mediante escritura notarial a devandita doazón e constitúese a Fundación Penzol como institución xurídica responsable do seu goberno. Noméase para rexela un padroado presidido por Fermín e composto por relevantes personalidades da cultura galega: Otero Pedrayo, Gómez Román, Antonio Fernández López, Ramiro Isla, García-Sabell, Carballo Calero, Fernández del Riego, Ferro Couso, Fernández Albor, Ramón Piñeiro e Franco Grande.

Case un mes despois, o 5 de maio, inaugúrase oficialmente o centro no número 24 da rúa viguesa de Policarpo Sanz, nuns locais da Caixa de Aforros Municipal de Vigo, grazas ás xestións e á xenerosidade de Antonio Fernández López e Xaime Isla Couto. No acto imparte unha conferencia titulada “Os romanistas italianos e a literatura medieval galego-portuguesa” o profesor luso Manuel Rodrigues Lapa. Asiste unha nutrida concorrencia de galeguistas e intelectuais procedentes de diversos puntos do país e mais do veciño Portugal, así como unha importante e significativa representación de mozos universitarios composteláns, garantes da continuidade.

Compoñían a colección inicial 7.751 libros e 6.012 folletos, revistas, periódicos, manuscritos e documentos diversos, traídos das residencias de Ponferrada, Madrid e Castropol, as tres principais cidades da xeografía vital de Fermín, xunto con Santiago de Compostela xa nos seus derradeiros anos. Este fondo funda-

cional verase incrementado e arriquecido con posterioridade polo propio Penzol e pola súa muller, identificada plenamente co seu labor, así como por numerosas achegas de sucesivos padroeiros e particulares, ou de institucións e editoriais próximas, tanto de dentro como de fóra do país, nomeadamente do mundo lusófono.

Dende os seus comezos e ata o 2010, xa nonaxenario, Francisco Fernández del Riego exerceu de director da biblioteca. Coa súa presenza, traballo cotián e desinteresada entrega, fixo posible que a Penzol rendese ao longo dos anos un servizo impagable á cultura de nós. Don Paco personifica, pois, a *alma mater* da mesma. Canda el, Nancy Miranda desenvolveu incondicionalmente, tamén dende o principio, os labores de auxiliar de biblioteca.

Á misión específica da Fundación, a custodia do seu valioso patrimonio, uniuse dende o principio un complementario labor de formación e difusión cultural, artellando cursos, conferencias, mostras bibliográfico-documentais e actividades diversas. Ao primeiro proxectouse a creación de tres seminarios interdisciplinares coa intención de formar novos investigadores no estudo da nosa realidade, escasamente contemplada naqueles tempos na universidade compostelá. Mesmo se arbitrou un sistema de bolsas e axudas económicas.

Tamén, en colaboración coa Editorial Galaxia, publicáronse unha serie de obras, entre as que salientan *A vida e fala dos devanceiros: escolma de documentos galegos dos séculos XIII ao XVI*, preparada por Ferro Couso, e a edición da obra poética completa de Manuel Leiras Pulpeiro, por Franco Grande.

### 1971-1980

Logo de percorrer e permanecer por motivos profesionais nas diferentes cidades e vilas máis arriba enumeradas, en 1971, xa xubilado, fixa definitivamente a residencia en Compostela,

que alterna con delongadas estadias en Castropol. No mesmo ano, o 23 de maio, recibe na Casa-Museo de Rosalía de Castro de Padrón o Pedrón de Ouro, galardón de recoñecido prestixio dentro do ámbito cultural galego.

Co gallo da devandita xubilación, en 1972 publícase o libro colectivo non venal e de tiraxe limitada, *Homenaxe a Fermín Penzol*, que en coidada edición recolle case medio cento de colaboracións de amigos e doutras persoas próximas nas que se recrean a súa encomiable traxectoria humana, cultural e política. Entre outros participan: Xaime Isla, Ramón Piñeiro, Carballo Calero, Paz-Andrade, Otero Pedrayo, *Ben-Cho-Shey*, Álvaro Cunqueiro, Fernández del Riego, Marino Dónega, García-Sabell, Ánxel Fole, Xohán Ledo e Fermín Bouza-Brey.

O 4 de novembro de 1973 é nomeado académico de honra da Real Academia Galega polo seu mecenado e xeneroso servizo prestado á cultura de noso. A proposta fora presentada en xuño de 1972 por Domingo García-Sabell, Ricardo Carballo Calero e Francisco Vales Villamarín.

Xa no solpor da súa vida, e fiel ao seu compromiso co país, coa chegada da democracia, en 1977 asina, xunto a outras personalidades galegas, o coñecido “Manifesto dos 29”, documento de chamada ás organizacións partidarias avogando por un pacto a prol da autonomía plena para Galicia. Algo máis tarde, en 1979, ao crearse o novo Partido Galeguista, malia o seu xa feble estado de saúde, solicita a entrada no mesmo.

En 1980 tamén forma parte do colectivo Realidade Galega, promovido por Ramón Piñeiro, García-Sabell e Xaime Isla, e constituído por persoas de diversas procedencias, maiormente intelectuais, que compartían a súa preocupación polo incipiente proceso autonómico de Galicia e polo futuro do texto estatutario.

Neste mesmo ano recibe a satisfacción de ver publicada a *Guía das coleccións bibliográficas e documentais da Fundación Penzol*, da autoría dos arquivistas Olga Gallego e Pedro López. Ambos os

dous, a segunda dende os seus comezos, foron e son permanentes colaboradores e asesores da institución.

## 1981

A piques de cumprir os 80 anos, por problemas cardio-respiratorios, falece en Santiago o 5 de marzo de 1981. Logo de ser velado no seu domicilio particular, cuberto coa bandeira galega, o féretro foi trasladado a Castropol, onde está soterrado.

A revista *Grial* dedícalle un monográfico póstumo titulado “Fermín Penzol. In memoriam”, no que de novo se recollen unha serie de lembranzas e gabanzas de vellos amigos e coñecidos.

Dous anos despois do seu pasamento, o 11 de novembro de 1983, o Concello de Vigo acorda en sesión plenaria pór o nome de Fermín Penzol a unha rúa do casco vello, próxima á sede onde na actualidade está situada a institución.

Incrementados ininterrompidamente os fondos ao longo dos anos con múltiples e sucesivos depósitos, doazóns e legados, diante da insuficiencia de espazo que presentaban os locais iniciais, e grazas á teimosía e xestións de Del Riego, a institución asina en 1985 un convenio co Concello de Vigo, sendo alcalde Manuel Soto, e outro posterior durante o mandato de Carlos Príncipe. Froito dos mesmos lévase cabo o traslado da sede da entidade á Casa Galega da Cultura, sita na praza da Constitución, e a Biblioteca e mais o Arquivo pasan a dispoñer dunhas amplas e funcionais instalacións e dun persoal cualificado que permiten unha maior accesibilidade e un mellor funcionamento dos mesmos.

En febreiro de 1997 Blanca Jiménez, como presidenta da Fundación, recibe no Pazo Quiñones de León de Vigo, de mans do alcalde Manuel Pérez, o recoñecemento de “Galega destacada”, concedido pola Asociación de Mulleres “Diálogos 90”.

Dous anos máis tarde, nun acto celebrado en Santiago de Compostela, a Federación de Libreiros de Galicia na súa oitava edición concede á Penzol o Premio Irmandade do Libro na modalidade de Institucións.

No ano 2002 de novo Blanca Jiménez é distinguida coa Medalla Castelao, outorgada pola Xunta de Galicia a aqueles galegos e institucións protagonistas dunha obra merecente de tal distinción. Con esta entrega volve a recoñecerse o exemplar mecenado de Fermín Penzol a prol da nosa cultura e mais a relevancia da súa biblioteca, como un dos centros de investigación humanística máis importantes da Galicia contemporánea ■

## Bibliografía consultada

- Alonso Montero, Xesús. “Escritores galegos, letras galegas en Madrid: tertulia do café Lyon d’Or (1952-1954)”, en *Madrugal* 7 (2004), pp. 11-30.
- Durán, José Antonio. *Penzol. Máis que un bibliófilo, máis que unha fundación*. Madrid: Taller de Ediciones J. A. Durán, s. a. [Vídeo].
- Fernández del Riego, Francisco. “Conversa con Fermín Penzol, o gran bibliófilo galego”, en *Galicia Emigrante* 26 (1957), pp. 2-4. Asinada co pseudónimo de Salvador Lorenzana.
- “A biblioteca e o arquivo da Fundación Penzol”, en *Boletín de Estudios Vigueses* 2 (1996), pp. 7-15.
- *A Xeración Galaxia*. Vigo: Galaxia, 1996.
- Gallego Domínguez, Olga; López Gómez, Pedro. *Guía das coleccións bibliográficas e documentais da Fundación Penzol*. Vigo: Fundación Penzol, 1980.
- Jiménez, Blanca. “A Fundación Penzol”, *Homenaxe a Ramón Piñeiro*, A Coruña: Fundación Caixa Galicia, 1996, pp. 73-77.
- Piñeiro, Ramón. “Penzol, Fermín”, en *Gran Enciclopedia Galega*. Silverio Cañada, vol. 35, p. 180.
- “A personalidade política de Fermín Penzol”, en *Grial* 73, (1981), pp. 279-288. Recollido en H. Monteagudo (ed.). *O espertar da conciencia galega. Galeguismo, cultura e identidade (Ensaio e artigos dispersos. 1959-1990)*. Vigo: Galaxia, 2009.
- Vidal Fraile, María Ángeles. “A biblioteca de don Fermín Penzol”, en *Actas das I Xornadas de Arquivos, Bibliotecas e Museos de Galicia (1ª. 1987. A Coruña)*. A Coruña: ANABAD-GALICIA, 1987, pp. 415-482.
- “Biblioteca Penzol”, en *A Buguina. Boletín do Programa Urbano-Vigo* 2 (1998), pp. 16-18.
- VV AA. *Homenaxe a Fermín Penzol*. Vigo: Galaxia, 1972.

## Conversa con Fermín Penzol, o gran bibliófilo galego

Salvador Lorenzana

18 **O** nome de Fermín Penzol Labandera ten un nidio significado no panorama cultural da Galicia contemporánea. Non é Penzol un escritor de sona, nin unha figura que goste da publicidade. A súa personalidade cualifícase por unha modesta pero total entrega ó país galego, ó seu espírito e á súa cultura. Fermín Penzol é unha liña firme e continuada de servizo a Galicia. Formado, dende moi mozo, no ambiente das vellas Irmandades da Fala, permaneceu sempre fiel ós principios da máis pura galeguidade. Exercendo a profesión de rexistrador da propiedade, tivo de vivir moitos anos afastado fisicamente da terra natal. Pero enxamais deixou de se sentir espiritualmente identificado con ela.

Unha das facetas que caracterizan a Penzol é a súa intelixente bibliofilia. Con auténtica vocación amorosa polo libro galego, foi axuntando, día a día e ano tras ano, moreas de volumes e documentos relativos a Galicia. Hoxe a súa biblioteca de obras galegas é, sen ningunha dúbida, a segunda en importancia de cantas de carácter particular existen no país.

Inspirado polo fondo patriotismo que o singulariza, Penzol acaba de facer entrega á Editorial Galaxia da magnífica biblioteca que foi constituíndo ó longo da súa vida toda. O feito ten unha sinalada transcendencia para o porvir, que ninguén debe descoñecer xa.

Apenas rematado o solemne acto de entega, no que estiveron presentes as máis destacadas figuras da nosa intelectualidade, abordamos a Penzol para lle tirar as respostas a unha grea de interrogantes. Sereno, sorrinte, con naturalidade perfecta, déixase apreixar no cepo das nosas preguntas. Observámolo co rabiño da atención namentres falamos. Contéstanos con cinguida frase galega, sen présas e sen pausas, mesuradamente. Os seus movementos tamén son repousados. Dá a impresión de estar moi sobre de si:

—¿Cando comezaches a mercar libros galegos?

—Ós quince anos, a pouco de chegar a Madrid, a onde meu pai fora destinado. Os primeiros que merquei foron *Galicia anti-gua*, de G. de la Riega; *Varones ilustres de Galicia*, de Pardiñas Villardefrancos, e dous ou tres tomos da *Galería de gallegos ilustres*, de Vesteiro Torres. Procedían da biblioteca do duque de Béjar e estaban á venda nun posto da rúa de San Bernardo.

—¿Que motivo te levou a mercar libros galegos?

—Nos comezos, o simple desexo de lelos e posuílos. Co tempo, cando xa levaba axuntada unha boa cantidade deles, decatéime de que se lle podía prestar un bo servizo á cultura galega entregándolle un instrumento bibliográfico no que poder estudar o noso pasado histórico, a evolución das nosas letras, os problemas da realidade e da vida de Galicia que foron atopando reflexo no libro, no folleto, no artigo. Dende entón e durante anos e anos fun axuntando cantos libros, folletos, documentos, revistas e xornais publicados en Galicia, ou a Galicia referentes, me foi posíbel adquirir, coa intención de os entregar un día á Terra a través dalgunha institución cultural idónea.

—¿Por que te decidiches a llos entregar a Galaxia?

—Polo desexo de que todo ese material bibliográfico que fun axuntando comece canto antes a ser útil á cultura galega. Axunteino para Galicia e a Galicia llo entrego por medio de Galaxia, que é, antre as entidades culturais da nosa terra, a que, ó meu ver, reúne as meirandes garantías de fidelidade e de eficiencia

dinámica en orde á revitalización da nosa cultura. Deste xeito ríndolle unha homaxe de admiración e de estimanza pola súa laboura, coa esperanza de que lle sirva de alento espiritual.

—¿Onde coidas que se emprazará a túa biblioteca?

—Quizais en Vigo. Ten en conta que, sendo como é unha das nosas cidades máis importantes, carece de institucións culturais galegas. A Coruña ten a Real Academia Galega —cunha biblioteca espléndida— e mais o Arquivo de Galicia. Santiago ten a biblioteca da Universidade e mais a do Instituto P. Sarmiento, nas que, máis ou menos, se poden facer estudos sobre as nosas cousas. En Lugo, Ourense e Pontevedra, ora nos respectivos Museos, ora nas Comisións de Monumentos, ora no Arquivo Histórico de cada unha delas, pódese traballar sobre temas da cultura galega. Vigo, cidade de gran puxanza económica, necesita tamén centros de investigación e de estudo da nosa cultura.

—*As razóns son convincentes. Cántanos agora datos relativos á formación da túa biblioteca. Por exemplo: ¿Que libros importantes perdistes de mercar por che se adiantar outro bibliófilo? ¿Deixaches de mercar algún libro por falta de cartos? ¿Que libros non puidiches atopar nunca no mercado? ¿Que libros che levou moito tempo atopar? ¿Que libros non chegaches nunca a ver diante? ¿Cal foi o libro máis caro que mercaches?*

—Pois, que eu me lembre neste intre, perdín de mercar un exemplar con adicatoria do *Cancioneiro da Vaticana*, editado por Teófilo Braga, que atopei na Librería Rodríguez. Custaba dez pesos, que eu non tiña. Fun correndo á casa e conquerín que mos dese miña nai. Cando voltei á librería —aínda non pasara unha hora— atopeime coa sorpresa de que xa o mercara Cotarelo. Anos máis tarde tamén se me escapou por pouco tempo un folleto dunha ducia de páxinas sobre a viaxe do Apóstolo a Galicia, un folleto raro que non o vira no catálogo de Villaamil y Castro nin no do P. Atanasio e que, cando o fun percurar, facía pouco que o mercara un arqueólogo por mil cincocentas pesetas.

Entre os libros que nunca atopei no mercado, inda que se venderon, lémbrome destes dous: *A gaita gallega*, de Pintos, e mais o *Diccionario de escritores gallegos*, de Murguía.

Libros que me levou moito tempo atopalos hai bastantes. Lémbrome, por exemplo, da *Historia de Tuy*, de Sandoval. En cambio, nun mesmo mes atopei tres exemplares.

Entre os libros que percurei con teima, e que nunca cheguei a ver, está a *Historia da Casa de Saavedra*, da que sei, por un catálogo vello de Vindel, que se vendeu hai moitos anos un exemplar.

O libro máis caro que merquei deica agora foi un tomo de documentos en galego do Mosteiro de San Martiño de Santiago. Custoume once mil pesetas.

—¿Cal é o libro máis raro da túa biblioteca?

—Coido que será o *Aerarium commune utriusque iuris*, editado en Mondoñedo por Agustín Paz en 1550.

—¿Que outros libros pouco frecuentes chegaches a reunir?

—Para che responder cumpridamente teríamos que botar man do ficheiro. Así, de memoria, lémbrome de algúns: *Opúsculo e compendiosa obra que demuestra la venida y predicación evangélica de nuestro Santísimo Patrón Tutelar de las Españas Santiago el Mayor a nuestro hispánico emispherio*, de fray Ignacio Catoyra. Coido que se trata da primeira edición, ou sexa, da que describe Villaamil no número 338 do seu catálogo. *Excelencias del Glorioso Apóstol Santiago, libro primero compuesto por don Antonio Calderón; libro segundo, por don Gerónimo Pardo Villarroel*, Madrid, 1658. Neste libro descríbese a liñaxe de Pardo de Cela. *El clarín de la Fama, y cittara de Apolo*, do P. Maestro Baltasar Rubio, Santiago, 1708. *Colección biográfica de los Tipos Notables de Galicia desde los tiempos más remotos hasta nuestros días. Entrega 1ª* (única publicada. Contén unha historia dos Fontaos), Madrid, 1853. Entre os libros estranxeiros sobre Galicia, citareiche estes tres: *Viaggio in Ponente A San Giacomo di Galitia e Finisterrae*, de Domenico Laffi. Boloña, 1681. *Pèlerinage d'un paysan picard a Saint Jacques de Compostelle au commencement du XVIII siècle, publié et annoté*

par le baron de Bonnault d'Houët, Archiviste Paléographe, Mon-  
didier, 1890. *Letters from Portugal and Spain*, de Adam Neale,  
Londres, 1809.

—¿Conqueriches tódalas “Historias” de Galicia e das cidades e vilas galegas?

—Todas, menos a *Historia de Sarria*.

—¿Que manuscritos interesantes figuran na túa biblioteca?

—Entre outros: *El búho gallego con las demás aves de España haciendo Cortes, preside en ellas el Aguila Real como imperial señora de todas. Catálogo general del Museo Romero Ortiz. O Catálogo*, de Villaamil y Castro. *Historia de la Casa de Pimentel. Libro 3º (J. C.) de Instrumentos pertenecientes al Real Monasterio de San Martín de Santiago*. Un libro titulado *Apuntaciones*, no que se trata da catedral de Santiago, da de Mondoñedo, da de Granada e doutros temas diversos, libro que, pola caligrafía, semella ser do P. Sarmiento. O *Nobiliario*, de Antonio Diz López Sotomayor, e varios máis que agora non lembro.

—E documentos, ¿telos moi interesantes?

—Ademais de inumerábeis preitos, que sempre son interesantes pola documentación que proporcionan, teño as *Cédulas Reales*, de Enrique IV, nomeando virrei de Galicia o conde de Trastámara (da familia de Lemos), e mailas *Cartas* de Filipe II ó marqués de Cerralbo, Capitán Xeneral de Galicia.

—¿Que bibliófilos galegos do noso tempo consideras máis relevantes?

—Cando eu comecei a miña laboura coido que os tres máis notables era Rey Soto, Cotarelo e Vaamonde Lores. Rey Soto reuniu unha espléndida biblioteca galega que, segundo teño ouvido dicir, pénsalla deixar á cidade de Ourense. Vaamonde Lores foi, en realidade, o verdadeiro creador da gran biblioteca da Real Academia Galega. O esforzo destes dous bibliófilos será eternamente proveitoso para a vida da nosa cultura. Mágoa que non ocorrese o mesmo co realizado por Cotarelo. Non se comprende como a Universidade de Santiago non fixo as xestións necesarias

para adquirir a biblioteca galega de Cotarelo. Perdeu, inexplicablemente, esa excepcional oportunidade de lle prestar un gran servizo cultural a Galicia.

—Como bibliófilo, ¿cales son, para o teu gusto, os libros galegos mellor editados?

—En primeiro lugar, a antoloxía titulada *Rosalía-Pondal-Curros*, editada en París por Monte Medulio, que é unha verdadeira xoia. Despois, varios libros de Castelao: *As cruces de pedra na Galiza*, editado en Bos Aires con espléndida pulcritude; a edición de luxo de *Un ollo de vidro*, dirixida por Quintanilla; a edición de luxo de *Os vellos non deben de namorarse*, feita por Galaxia, e mais o álbum *Nós*. Tamén hai que sinalar varios de Luís Seoane: *Catro poemas galegos*; *Estampas campesinas*; *Na brétema*, *Sant-Iago*. Pode dicirse que a edición do libro galego mellorou moito e segue mellorando en calidade artística. Seoane en América e Xohán Ledo en Galicia son os dous grandes renovadores do noso libro.

—Tantos anos de familiaridade coa cultura galega danlle un gran valor testemuñal á túa opinión sobre os homes e os feitos. Dános, de xeito resumido, o teu xuízo sobre ese período.

—Antes de nada haberá que o dividir nas tres etapas que coido máis representativas: As Irmandades da Fala, o Seminario de Estudos Galegos e Galaxia. As Irmandades tiveron a súa mellor evolución na revista *Nós*.

As tres obras que tiveron meirande influxo na mocidade durante a etapa das Irmandades, foron *Da terra asoballada*, de Cabanillas, o álbum *Nós*, de Castelao, e a *Teoría do nacionalismo galego*, de Vicente Risco. Na exposición que celebrou Castelao na Coruña o ano 20 déronse conferencias en galego a cargo de Viqueira, Risco, Villar Ponte e o propio Castelao, que foron o gran comezo cultural do noso idioma na súa expresión oral, que máis tarde, con Otero Pedrayo, acadou esplendor e riqueza incomparábel.

O Seminario de Estudos Galegos marcou o comezo da etapa que podíamos chamar de “investigación en equipo” dentro

da evolución da nosa cultura. Traballouse seriamente en moitos campos, mais quizais fose no campo da Arqueoloxía onde esta etapa foi máis fecunda. A obra de Cuevillas é a máis lograda, a que máis metodicamente cumpriu o seu obxectivo.

Galaxia representa a terceira etapa, ou sexa, a etapa actual. Con estar aínda na fase inicial do seu desenvolvemento, xa lle imprimiu a súa fisiognomía á nosa vida cultural. Caracterízase polo seu alento renovador e pola incorporación do ensaísmo rigoroso.

Na etapa das Irmandades —na que incluíu, como evolución súa, a revista *Nós*—, a figura intelectual de meirande influencia e prestixio foi Vicente Risco; na etapa do Seminario, a figura máis autorizada era Cotarelo; na actual de Galaxia, a figura máxima é Otero Pedrayo. Ó longo das tres etapas foise afirmando como figura simbólica Castelao.

—¿Cando coñeciches ti a Castelao?

—No ano 1920 en Madrid, na exposición que fixo na Casa de Galicia (Alcalá, 10) dos debuxos do álbum *Nós*, á que acudía tódolos días o escritor e pensador político portugués António Sardinha.

—¿Cal foi o primeiro escritor galego que coñeciches persoalmente?

—Ramón Cabanillas, a quen lle axudamos, entre Cortón e mais eu, a facer *As Roladas*, primeira revista infantil que se publicou en galego. Soamente saíron dous números, subvencionados por Leonardo Rodríguez. A finalidade era adoitar os rapaces a ler e escribir en galego, polo que se pensaba en publicar colaboracións espontáneas dos nenos. Por certo que se recibiron algunhas.

—¿Cales son, ó teu xuízo, os valores máis representativos de todo o ciclo cultural que ti abrangues?

—En poesía, coido que *De catro a catro*, de Manuel Antonio; na prosa, *Cousas* de Castelao; na oratoria, Otero Pedrayo; na investigación, xa che dixen que a obra de Cuevillas como prehistoriador; na pintura, coido que Maside. E penso que tamén é de xustiza destacar a obra de Gómez Román, xa que foi, nos

derradeiros coarenta anos, o que máis eficazmente ten traballado polo conqurimento dun estilo galego na arquitectura.

## CABO

Fermín Penzol está definido nas respostas que acaba de nos dar. Como galego e como amigo se non pode desexar un home máis xurdio, dun trato máis cómodo e elegante coma o que ofrece o seu contacto.

Todos os que o coñecen saben até que punto de distinción sinalou a presenza da súa personalidade no campo da cultura galega. De calquera xeito, o caso é que o inxente esforzo realizado por Penzol terá unha rexa proxección futurista. Arestora adoitan a se cotizar máis as pretensións que as realizacións; os bruídos verbais, xeralmente engalados, que as realizacións auténticas, verdadeiras de verdade. Temos a seguranza de que neste aspecto, o gran bibliófilo amigo será redescuberto e outamente estimado polos homes do mañá.

Remataremos co brindis que quixemos pronunciar na home-naxe que tódolos seus admiradores lle temos tributado:

—Por moitos libros, Penzol! ■

*Galicia Emigrante* 26, Buenos Aires, 1957

## Fermín Penzol na memoria dos vellos amigos

22

*A seguinte selección de textos recrea vivencias e convivencias que con Fermín tiveron algúns dos seus moitos amigos e compañeiros. Estas lembranzas foron escritas dende o afecto que lle profesaban pola súa bonhomía e dende a admiración e o agradecemento xerados pola súa xenerosa e exemplar doazón. A selección está extractada maiormente do libro Homenaxe a Fermín Penzol (1972), publicado co gallo da súa xubilación e definitivo asentamento en Galicia. Dous deles proceden do número póstumo da revista Grial (1981), titulado “Fermín Penzol. In memoriam”.*

### Discanto para Fermín Penzol Fermín Bouza-Brey

¡Madia leva, tocaio,  
ter a carón de ti a Galiza en roda!  
Xentes de fe e de esperanza sen desmaio.  
Toda a Galiza... ¡Toda!

Artistas e escritores,  
os vellos loitadores  
e os novos que sufriron lostregazos  
e foron escarnidos,  
os que lidaron sen perder os azos  
e da Patria fuxidos,  
os finados a tiros e a cantazos  
nas cunetas, nos matos, nos eixidos...  
e eu tamén, meu amigo,  
estou aquí contigo.  
E eu tamén, meu tocaio,  
ao teu cabo o vello corazón che traio.

Foi en Madrid, nos días  
da nosa mocedad. Libros antigos  
nos fixeron amigos  
da Costa de Moyano nas porfias,  
que os libros son baraza  
que inda hoxe nos confunde e nos abraza.  
Despois, o amor á terra nos fermenta,  
eu no canto das Rías,  
ti na banda irredenta:  
Castropol, Vegadeo e Ponferrada,  
¡anacos da Galiza posfazada!

¡Rúa do Pez. “Café  
Campinas”. Pesadelo  
das lembranzas. Afiado coitelo  
da memoria que fai o seu fincapé  
na amizade cordial de Cotarelo,  
con don Armando, irmán na nosa fe.

E agora, meu amigo,  
neste intre estou contigo.  
E agora, meu tocaio,  
bailando, o corazón aquí che traio.  
É por unha cultura que se loita,  
por unha lingua en flor que se combate,  
por ter o espírito ceibe é a nosa coita  
que ha ter o seu remate.

Miña beizón, Fermín, pois polas nosas  
máis nobres cousas é que ti batallas.  
En balbordo de versos e de prosas,  
cos libros ametrallas,  
e has ver chorir as que sementas, rosas,  
e espaxer borralas.

*Eu tamén, meu amigo,  
de corazón che digo  
que Galiza e a miña alma están contigo ■*

### Hai kai a Fermín Penzol, bibliófilo Uxío Novoneyra

UN LIBRO pechado i on fiu de sol  
—diagonal do intre...— ■

### Canto de outono para a túa volta Salvador García-Bodaño

Mira na luz clara deste Outono que te achega  
a todos nós, baixo a sombra dos sarmentos,  
erguendo moi altos os ramos da benvida.

Pola terra adiante  
algo andaba a nos dicir que chegarías  
e procurabamos nas ringleiras dos monllos  
máis alá dos cómaros  
e das cortiñas  
un adianto, tal vez, da túa presenza...

Na noite que cingue o lume de alquitara  
bailaba un coro de sombreiros amarelos  
a fartura da colleita  
e ti xa estabas alí,  
alí xustamente onde cada un de nós  
hai tempo que te agardaba.

Pero agora que de certo  
aínda nos brinca nas mans e nos ollos  
a gran nova da túa volta  
todo ten un xeito de ledicia  
que vai polas agras  
coma o canto en espiral dun merlo

23

que enfía o serán  
a ser silencio no horizonte.

Cada quen ha preparar a súa casa  
cos mellores panos  
e cocerase un pan ben branco  
e haberá un viño escolleito  
que se traerá do máis fondo da cova  
para que ti te esquezas de tanto camiñar.

Virás canso seguramente  
de ollar tantos solpores  
a caer sempre teimosos cara ao noso mar,  
pro non faltará un bálsamo antigo  
amañado pola Nai dos ausentes  
que poñerá remedio livián  
nas feridas  
da distancia que te mancou.

24

Colleremos para ti o mellor volume  
que atopemos entre os teus libros  
e no contraluz dun candil  
ti escoitarás  
a voz desta Terra que te chama  
no acento dunha moza feble  
que ti has ver fermosa embaixo do seu rostro de milenios...

Logo, compañeiro por sempre,  
mirarémoste pasar polas rúas  
e ti poderás falarnos xa cando queiras ■

## Nesta xuntanza amistosa...

### Ramón Piñeiro

Nesta xuntanza amistosa arredor do Fermín, de algunha maneira están presentes eses outros amigos que sen teren trato persoal con el téñeno —ou terano algún día— cos libros, coas revistas, cos xornais e cos papeis da súa biblioteca. Nesta festa cordial, ademais dos que somos seus amigos por obra do trato persoal están tamén os que o son por obra do trato cultural. E estes son máis, porque irán anovándose ao longo dos tempos. Algúns son —ou serán— doutras terras, mesmo de terras lonxanas; moitos son agora picariños, sen outra arela que bixoubear; os máis deles, claro, aínda non naceron. Mais, andando o tempo, cando sintan interese por estudar a realidade galega irán acudindo á Biblioteca Penzol á procura de fontes, á compulsas de textos, á rebusca de datos. E alí, cada libro, cada revista ou cada documento consultado abriráselle xenerosamente como unha man tendida.

Pois que para eles formou Fermín a súa biblioteca, eles están aquí connosco.

Naturalmente, sobra dicir que a bibliofilia de Fermín non respondía á paixón do coleccionismo, ao goce cobizoso da posesión. Naceu e forma parte do seu ideal galeguista. Lector de Vilar Ponte, de Viqueira e de Risco, era un militante do nacionalismo galego. Militante activo, entusiasta e firme. Como todos os mozos nacionalistas de entón, seguía con fe o maxisterio doutrinal de Vicente Risco e profesaba gran devoción por Castelao. Cando se levou a Madrid a famosa exposición de debuxos de Castelao, era un visitante cotián (e case sempre atopaba alí ao doutrinario portugués António Sardinha contemplando admirativamente os deseños, especialmente aquel en que un neno lle pregunta a un vello na beira do Miño: “¿E os da banda de alá son máis estranxeiros que os de Madrid?”). Dende que descubriu a personalidade de Galicia como pobo, o Fermín fíxose galeguista para sempre, e o seu galeguismo seguiu dous camiños

paralelos: no plano individual, a formación dunha gran biblioteca galega para entregala algún día ao país; no plano colectivo, a militancia ideolóxica e mesmo política nas distintas etapas evolutivas do galeguismo. Nunca interrompeu o arriquecemento da biblioteca —aínda despois de entregada—, nin interrompeu nunca a colaboración plena, decidida, ás angueiras do galeguismo colectivo ■

## Era galego fronteiriço...

### Manuel Rodrigues Lapa

Era galego fronteiriço, que, talvez por isso, sempre se afirmou irredutivamente galego e implacábel para todos quantos ousassem diminuir a súa gente. Eu comprendo esse tipo de homens, porque há muitos anos descubri também em mim vocação galega e amor entranhado por este velho e formoso país. Será porque eu também seja um fronteiriço?

... é preciso ter cuidado com estes arraianos! ■

## O sorriso de Fermín Penzol

### Domingo García-Sabell

Na faciana de Fermín Penzol hai unha constante existencial: o seu sorriso. É unha curva xenerosa, aberta sobre si mesma, que racha a fisionomía e a alumea de humanidade. Dende ela, os beizos fechados falan sen palabras.

Velaquí que un gato se pousa no regazo de Fermín. Fermín aloumiñalle o lombo

e sorri.

Velaquí que Fermín escoita graves dicires, Fermín atende

e sorri.

Velaquí que menten, que enganan a Fermín, e el ben se decata pero segue sorrindo.

Velaquí que nace un libro esgrevio, un deses libros, xa sabes, que cómpre ler con atención e amor. Fermín procura nel e, pasándolle as mans, caladiño,

sorri.

Todo o espírito, toda a persoa de Fermín Penzol están no seu sorriso. Os ollos axudan. Pero os ollos aparecen sostidos polo despregamento xestual da boca.

A súa mirada se non explica sen a realidade do sorriso.

O sorriso de Fermín Penzol é a viga mestra da súa faciana ■

## Os espellos de Fermín Penzol

### Marino Dónega

Un xove pensador noso, o Rafael Dieste do ano 1927, descubriunos unha caste de humorismo sen verbas, un humorismo que non precisa de retrousos, nin de deseños de monifates. Un humorismo, en fin, silandeiro, expresado con sorriso intelixente e fiducial. E dese humorismo diesteano é a rotunda e definitiva seguinte sentenza: “Nada de consellos. Espellos”.

Vemos xa, sen máis, os que tivemos a sorte de sermos amigos seus, que a Fermín Penzol acaíalle pintiparadamente esta sutil tipoloxía humorística. Porque, pasados os anos —moitos, 45—, outro pensador, Domingo García-Sabell, con expresiva metáfora falounos do sorriso de Fermín Penzol como “viga mestra da súa faciana”. E outro matinador, Valentín Paz-Andrade, díxonos que os silencios de Fermín Penzol “andaban preñados de idea”. Sorrisos e silencios do noso amigo que non o levaban a dar consellos, senón a mostrarnos espellos de puntual, cabal reflectividade humorística. Vede, senón, algún deles tirado da súa actividade bibliofílica:

25

Laiábase nunha ocasión Penzol de diante de Bardón, libreiro anticuario de Madrid, da malfadada desfeita da biblioteca que fora de don Armando Cotarelo por mor de herdeiros mal aconsellados. E Bardón, con certa ironía ditada pola experiencia, díxolle ao Penzol: “E logo, vostede que pensa, ¿que a súa non ha vir parar de novo ás miñas mans?” Fermín Penzol sorriu e calou ■

## Fermín Penzol en Mondoñedo

### Álvaro Cunqueiro

Pola miña infancia eu case que podo contar a de Fermín Penzol en Mondoñedo, cos xogos na praza, ou no campo de Alcántara e na Praza Nova, subindo a San Caetano ou meténdome nas augas da ría da Cega, indo ás festas ledas do verán, ou agardando as feiras de San Lucas, famosas... Teño para min que os días de Mondoñedo tiveron que ser moi felices para Fermín Penzol, e que aínda hoxe debe de levalos consigo. Levalos de tal xeito que eu me atrevería a dicir que é ben un daqueles aos que os dos arredores da vila din: “Ese éche da Paula”, pola nosa campá maior catedralicia. E con isto recoñecen unha certa claridade intelectual sen dúbida, pero tamén si enxeño, ironía, saber de bur-las, e unha finura certa no tocar as cousas do mundo, que isto é o pouso que deixan os tantos séculos dunha vella cidade canónica e fidalga. Fermín é dos da Paula ■

## Dende neno e estudante alentaba a idea dela

### Ramón Otero Pedrayo

Maxino procurar a raíz, viva, lonxana e endexamaís enxoita da Biblioteca Penzol na nenez e primeira mocidade do seu creador. Case sempre no cumio e espallamento das institucións mestras e exemplares latexa a inquedaanza dun amencer de pri-

mavera, os doce, os quince, dediante das horas do día inmenso, espallado na mente como o cursus do sol papando meridianos no fermoso e inquedante mapa das terras verdes onde se quixera mirar o fume amante dunha aldea, dos azuis mares nos que pescudamos con ilusión o tanxer do vento nunha branca vela.

Por Fermín Penzol agardan nos horizontes e recantos da súa biblioteca de Vigo queixumes e cantigas de augas e arboredos, chamadas de vieiros, intimismos ardentes, doces, anguriosos de cando ensaiaba os dentes na codia da voz pasiva e os xerundios e lle acenaban siloxismos quizais un pouco burleiros dende o artificio das primeiras fórmulas matemáticas.

Rapaz de casa grande entraba dende neniño con respecto, ben logo con íntimo contentamento inspirado por fondas arelanzas, na biblioteca da casa co seu silencio poboado de baixas falas amantiñas e no acougo da fonda e misteriosa carballeira ■

## Un encontro

### Xosé Luís L. Cortón

Foi o café San Paulo, situado na Gran Vía madrileña, o que tivo as primicias de acoller un primeiro fato de estudantes galeguistas no desterro. Fermín, que frecuentaba as aulas universitarias, trouxo algúns futuros médicos, farmacéuticos, avogados e homes de letras á nosa *peña*. Así, por alí apareceron os irmáns Fernández, Pepe e Antón, Xaquín Peña, Cortiñas e Salvador Mosteiro, de Betanzos, Modesto Piñeiro e *Ben-Cho-Shey*, de Ourense, Emilio González López, hoxe en Nova York, Xesús Carracedo, xornalista e home de moitos saberes —máis tarde morto traxicamente—, tamén Valentín Paz-Andrade e Ramón Rodríguez Somoza, e artistas como Suárez Couto e Xulio Prieto Nespereira, e tantos e tantos outros que xa non recordo. Eu levei aos meus irmáns.

As entrevistas fóronse facendo máis íntimas e as conversas encol dos temas de Galicia alongábanse deica as altas horas da madrugada, moitas noites deambulando polas rúas de Madrid.

¿Lémbreste, Fermín, daquelas nosas camiñadas os dous sós de noite entre a Gran Vía e a túa ou a miña morada? Nembargantes, aquelas longas paroladas non foron de todo inútiles, porque... nos primeiros meses do ano 21 xurdiu vizosa e puxante a primeira Mocidade Céltiga, de Madrid, coa que nos incorporamos á renascencia dunha nova Galicia máis nosa e máis enxebre ■

## Coñecín a Penzol...

### Xosé Ramón e Fernández Oxea

Coñecín a Penzol alá polos derradeiros do 1922 ou nos comezos do 23 de volta da campaña de Melilla e a pouco de estreir eu o pseudónimo *Ben-Cho-Shey*. Daquela tomabamos café a diario nun establecemento da Gran Vía, chamado Brasil [...]. Tertulianos fixos eran Penzol, Antón e Pepe Fernández López, e o parente deste *Pintín*, que logo foi colega do Penzol en Ourense denantes de morrer na súa casa de Sarria. Eventuais había máis. García Paz e mais Emilio González López viñeran por entón, este a encetar os estudos da carreira de Dereito, e aquel para se doutorar en Letras semíticas. Lois Cortón aparecía sempre puntual e con présas a nos traer as derradeiras publicacións galegas: *Nós, Lar, Céltiga* de Ferrol, *A Nosa Terra*, das que era exacto e fervoroso correspondente gratuito.

Despois do café era obrigado dar unha volta polas librerías de vello, que aprendín a frecuentar na compañía de Fermín, que era dabondo coñecido en todas elas como bo parroquiano que recibía puntualmente os novos catálogos, a pesar do cal e por moita présa que se daba, ás veces chegaba tarde por se lle ter adiantado algún aguia da bibliofilia, pois neste coleccionismo, como en to-

dos os demais, ocorren as cousas máis peregrinas e apélase a todos os recursos para acadar a peza degoirada ■

## A obra de Penzol

### Álvaro Gil Varela

Aló polos anos vinte e tantos xuntabámonos nun café da Gran Vía de Madrid un fato de mozos galegos, estudantes, opositores, empregados: outros que chegaban para tentar a aventura da “villa y corte”. Eran tempos de ledas e confiadas certezas no sino persoal e no porvir de España. Galicia, naturalmente, estaba no cerne das nosas preocupacións e dos nosos diálogos cotiáns. Eran tempos en que a terra galega, decote presente na nosa realidade sentimental, esixía, ademais, da xente moza, unha actitude mental e intelectual moi precisa. Galicia foi para moitos deles un programa de acción e de conduta; en realidade, unha perspectiva de vocación extrapersoal, unha angueira misional. Algúns derivaron ás artes, ás letras e ás ciencias; outros, á política de pensamento e exercicio. E os que, por circunstancia da vida, seguiron outros vieiros, quedaron daqueles días de conciencia inicial, signados por unha fidelidade e un anxeio de servizo a prol da Terra que os había acompañar ao longo —e ao fondo— de toda a súa existencia.

Un deles foi Fermín Penzol. Penzol asignouse a si mesmo un destino de eficacia, obstinado, traballoso, silandeiro, sen inmediato lucimento ■

## Os silencios de Fermín

### Valentín Paz-Andrade

Teño certas lembranzas persoais para lle descubrir algunhas raíces á paixón de Fermín Fernández Penzol pola sorte do libro

galego. A súa mocidade primeira na Pontevedra dos anos vinte, cando o maxisterio vivo de Alfonso R. Castelao e Antón Losada Diéguez alí se exercía acotío. Aquela semente luminosa para a nosa ventura non tería de caer en terra erma.

En Fermín Fernández Penzol, a semente foi recollida en sucos calados, mais afondados. O seu espírito sempre semellou máis dado a gardar que a reverter, e quizais deste xeito de introversión naceu o milagre que co tempo tería de nos ofrecer a todos: o milagre da Biblioteca Penzol. Fermín daquela falaba pouco, mais escoitaba moito. Era receptivo de primeiras, para ser no seu intre, rumbosamente expansivo. Facía a súa laboura de portas para dentro, pola calada, co fin de asegurar mellor o froito dos seus silencios. Uns silencios que terían de estalar no seu día con tan nobre canto expresiva linguaxe.

E foi a Fundación Penzol o froito de tantos anos de xestación dunha idea, que facía do libro galego a polaridade suprema dunha vida.

Os anos pasaron e a vida mudou aquel escenario. Agora xa non eran os cafés de Pontevedra, senón o vello Lyon d’Or de Madrid. Tamén aquí as inquedanzas da Galiza recibían culto. Facía daquela Ramón Cabanillas como cabezaleiro das xuntanzas.

Fermín Fernández Penzol era seareiro fixo, sempre que o seu cargo de rexistrador lle permitía o desprazamento. Agora xa os seus silencios velaban a maior paixón da súa vida, na fase máis traballosa. En cada viaxe a Madrid dende o Partido, ou a outra cidade onde se puidera pescudar nas librarías de vello, a Fundación Penzol ía nacendo, senón pedra a pedra, libro a libro ■

## Este é dos bos e xenerosos

### Isidoro Millán

Fixen coñecemento persoal con Fermín Penzol hai ben de anos, naquel recuncho de galega enxebreza da tertulia do Lyon d’Or de Madrid.

Meses arriba ou meses abaixo, coído eu que debeu de ser o noso encontro arredor do tempo da publicación de *Antifona da cantiga*, o libro que inaugurou os da Editorial Galaxia. E presentounos alguén que endexamais ía morrer no meu recordo —seica tamén no de Penzol—: Ramón Cabanillas, o gran poeta, autor da obra devandita, na que polo acuciante empeño de Ramón, figurou un apéndice lexicográfico e etimolóxico meu.

Mais cómpre dicir que, antes e despois daquela conversa no café madrileño, estourante de voces —da mesa de ao lado chegábannos, mordentes, os comentarios do día de Edmundo Estévez—, a boa sonda de Fermín Penzol —reportado e cordial, un señor dos pés á cabeza, bo sabedor e pesquisidor podente dos libros melloriños, cheo de amor a Galicia, curto nas falas e longo nas obras— érame xa familiar, e faríase-me aínda máis familiar co tempo, no eco gabancioso do meu trato de acotío con Ramón Cabanillas.

En cartas e papeis que conservo do poeta, agáchanse alusións garimosas a Fermín Penzol e á súa dona, Blanquita, que o agasallaban filialmente nas estadías do verán na casa de Castropol. Estou ben certo que a Fermín Penzol non lle magoará que, polo meu medio, a voz do “bardo noso” se axunte ás desta homenaxe ■

## Fermín Penzol en Barcelona

### Basilio Losada

Penso que foi polo ano 1964 cando Penzol veu a Barcelona para unha longa estadía. Anuncioumo Piñeiro nunha carta. Fun ver a Penzol ao seu hotel. Era verdadeiramente o home calado do

que todos me falaran, un home sensible, irónico, coa timidez nobilísima do home intelixente que coida os seus xestos, a súas palabras, a súa xenerosidade, para que ninguén se poida sentir ferido. Aquela mesma mañá encetamos as nosas procuras polas librerías. Nunha delas, na de Batlle, no Carrer de la Palla, atopou entre outros libros un folletíño coas versións galegas de Anacreonte feitas por Florencio Vaamonde. Era un libro que eu buscaba dende había tempo, e agora, á primeira, recentemente chegado, ía Penzol case que directamente ata o alzadeiro onde o libriño invisible levaba sabe Deus cantos anos acochado. E o caso é que eu pasara moitas veces por aló, e mirara por todos os recunchos. A seguridade de Penzol tiña algo de ariol, ía directamente cara ao libro interesante, con esa capacidade misteriosa que só teñen os amantes do libro cando se atopan diante das moreas de papel impreso. Ao día seguinte fomos ver ao Porter, dabondo coñecido nos medios da bibliofilia hispánica. Alá vin outra das facetas de Penzol. Lentamente, teimudo, abismado, percorreu os alzadoiros na rebusca exhaustiva que lle levou cinco horas. Naquelas cinco horas non cruzamos palabra. Cada un pola súa banda remexendo entre moreas de libros empoeirados. Penzol rematou a caza con tres paquetes enormes. Neles ían algúns libros que eu levaba meses asexando, calculando peso a peso e día a día para podelos mercar. En días seguintes, e en novas visitas a Barcelona, percorrremos todas as librerías. Penzol alzouse con canto libro galego interesante quedaba en Barcelona ■

## Unha lembranza da figura humana e cordial de Fermín Penzol

### Isaac Díaz Pardo

Cando no ano 1969 coñecín persoalmente a Fermín Penzol, comprendín canta humanidade de ben e de saber había neste home. Un home máis ben grande, todo ao contrario da fachen-

da, un pouco encurvado, coma en posición de escoitar coas súas grandes orellas e os seu ollos abertos, enchido de prudencia mais sempre cun sorriso cordial cheo de amor por todo.

O seu amor pola causa de Galicia e a súa lealdade en todo momento é algo que non discute ninguén. Pero hai máis cousas que a simple vista non se aprecian. Fermín Penzol empregou unha gran parte da súa vida traballando en cousas que en si non constituían a meta do su ideario. Cumpría con honestidade unha función que lle proporcionaba o pan de cada día e lle ía permitindo traballar por outra causa máis importante para el e para todos nós: formar e organizar a memoria de Galicia. Este traballo, recoller libros e documentos, anacos espaxados da nosa conciencia esnaquizada, constituiría o material necesario para a reconstrución da nosa memoria. Tratábase dun labor calado, longo, caro e difícil. Logo todo ese material cristalizaría na Fundación Penzol, que serviu de base a moitos para completar estudos e traballar na historia de Galicia.

Traballar pola memoria dun pobo é para algúns unha cousa abstracta. Para a maioría unha tarefa pouco lúcida e nada rendible. Porén, Fermín Penzol sabía que o futuro está relacionado proporcionalmente coa memoria e que os pobos que non teñen memoria teñen un futuro ruín. E alguén ten que facer esta tarefa, e el asumíuna con sacrificio e en silencio ■

## Vir generosae ac clarae indolis

### Sebastián Martínez-Risco

Son eses, os implícitos no lema que escollemos para avivercer o seu nome co gallo desta xusta homenaxe testemuñal, os títulos que mellor cadran ao home que chega á maturidade da súa vida após de percorrer un camiño teimosamente adicado a honrar a amizade e servir á cultura: *Varón tan xeneroso coma nobre*. Mais estas dúas virtudes da xenerosidade e da nobreza, non se man-



tiveron simplemente encoradas no banzado da súa canle moral, senón que, postas ao servizo dunha conduta activa, foron cotidianamente exercitadas a prol dun sentimento de fonda raigame no seu corazón, que lles deu dirección e pulo: o amor a Galicia. Este sentimento acadou aínda eficacia e concreción nunha teimosa e apaixonada laboura: a recolleita de bibliografía atinxente ao noso país.

Emporiso, a obra así realizada tivo, ao cabo, unha nova proxección de manifesto signo sociolóxico: a liberal vontade do seu munificente autor fíxoa culminar na doazón da propiedade dos ricaces fondos bibliográficos de tal xeito axuntados no decorrer de moitos anos, ao libre dispor do pobo e dos estudosos, a través da Fundación que instituíu e leva o seu nome ■

## Non se sabe tanto Eduardo Blanco Amor

30

No exemplo de Penzol outros poden coller ensino e azos para o propio descubrimento desta xenerosidade a prol da patria.

A idea, e idea clara, de que a Fundación Penzol existe pode ser útil e propagábel para o seu enriquecemento. Unha cousa é doar enseres por rutina, por bondade, por abundancia ou polo que sexa para o seu sonequeo e pasividade en pinacotecas e arquivos crípticos, e outra inxerilos formando parte dun organismo xove, inmediatamente útil, vivo, incluso no seu físico domiciliario, nunha rúa movedía, comercial, céntrica de Vigo, que é de por si un dos *centros* máis posíbeis da Galicia posíbel, superado xa o sono indixente e frustrado das vellas sardiñocracias que non cumpriron co seu deber quizais por non o saber.

A Fundación Penzol, coa confianza que inspira a súa utilidade, a súa “facilidade”, o cordial manexo dos seus fondos, pode ser incentiva para novas dádivas. Quizais a biblioteca de Rey Soto, os libros galegos do Antón Docampo, en Cuba; os libros e co-

leccións, xa perdidos, de Castro López, en Buenos Aires, e quen sabe cantos máis non se houberan perdido ou non houberan trabucado o seu destino se a obra conmovedora de Penzol houbera acadado a cumprida e merecente publicidade á que ten dereito en razón da súa propia utilidade ■

## Penzol entra nunha librería... Ricardo Carballo Calero

Fermín Penzol entra nunha librería,  
nunha librería de vello.

Os seus claros ollos, a súa adoita man ollan, follean os volumes sospeitosos. Sospeitosos de faltar na biblioteca da súa Fundación, sospeitosos de conter unha referencia a Galicia. Un novo libro vello para a Fundación, para a Biblioteca, para Vigo, para Galicia.

Fermín Penzol entra nunha librería,  
nunha librería de vello,  
nunha librería de novo,  
á pescuda de libros galegos, de libros sobre Galicia.

Desque era novo, de estudante, de graduado, de antes, de agora, de sempre, Fermín Penzol á procura de libros; de libros de Galicia, de libros para Galicia.

Fermín Penzol é coñecido en todas as librarías, de todos os libbreiros. Sorrinte, silandeiro, vai afastando, vai escolmando libros, vai encargando, vai agarimando, vai amoreando, vai mercando libros. Libros sobre Galicia, libros de Galicia.

Fermín Penzol,  
o Grande Bibliófilo galego,  
o Grande Bibliotecario de Galicia,  
O Grande Rexedor do tesouro bibliográfico de Galicia.  
Fermín Penzol,

dono fastuoso de libros galegos, doador velaíño de libros galegos; Fermín Penzol,  
fillo devoto de Galicia, que ofrenda libros na ara de Galicia.

Fermín Penzol, en procura de libros de Galicia, en procura de glorias de Galicia, erguendo un pazo de libros para gozo de Galicia, erguendo un castelo de libros para defensa de Galicia, erguendo unha catedral de libros para honra de Galicia; arquitecto de libros, construtor de monumentos de libros, gran labrador dos eidos da nosa cultura, colleitador do noso pan espiritual, gardador nos nosos piornos, nos piornos de Galicia, do pan que sacie a nosa fame, do ouro cereal que alimente a nosa alma degoirada e devecida.

Fermín Penzol entra nunha librería de novo,  
nunha librería de vello;  
Fermín Penzol entra na librería de Galicia;  
Fermín Penzol entra na historia de Galicia;  
Fermín Penzol entra na entraña mesma de Galicia, está aí, nela, no corazón de Galicia, fillo piadoso de Galicia, erguendo a Galicia, cos seus libros, un monumento de amor filial ■

## Botando alicerces en silencio... alentamos. Aínda alentamos e alentaremos sempre Xosé Manuel Beiras

Nós nacemos e medramos nas tebras que o cubriron todo —e dixérase entón que para sempre—. O noso futuro teríase desenvolvido ás atoutiñadas na escuridade dun país sen futuro ningún. Mais estabades vós, teimosos, afoutados, lúcidos. Vós, que tiñades memoria duns compromisos irrenunciábeis, que tiñades memoria de todos os que xa non podían andar o camiño. E encetastes de novo o labor. De maneiras diferentes, cada un na súa tenza, todos na mesma Terra. Velaí están hoxe os froitos. Ti,

semellando decote querer mergullar na sombra a túa angueira persoal, sempre disposto a escoitar e comprender, sempre a botar alicerces en silencio, endexamais perdiches o acougo, endexamais cesaches de axudar. Velaí están os froitos, diversos, espaxados en todas as direccións, pero nados da mesma árbore, coma un castiro ben chantado na terra de todos nós. Outra volta a conciencia do país faise razoadora, estudosa e reflexiva. Outra volta faise actuante en todas as súas dimensións. Outra volta a braseira a labrear. Por sempre ■

31



Fermín Penzol naceu en Sahagún de Campos (León) en 1901. Ao pouco, a familia trasladouse a Mondoñedo, onde pasou os primeiros anos de infancia

Extracto da acta de nacemento

**A** Nº 106542 1

**CERTIFICACION EN EXTRACTO DE ACTA DE NACIMIENTO**

Libro 20  
Folio 277  
Nº 277  
Presidencia del Ayuntamiento de Sahagún

Don *Indalecio Fernández López*  
Jefe Municipal de *Sahagún*  
Poderado de *León* - Excmo. Sr. de su cargo con

CERTIFICO que según consta del acta readmitido al margen y inserto en el libro de la Sección I de este Registro civil, *Indalecio Fernández López* y *María de la Anunciación Penzol Labandera* nació en *Sahagún* el día *10* de *Agosto* de *1901* a las *10* horas de la mañana.

En Sahagún, a *28* de *Noviembre* de *1907*  
Indalecio Fernández López  
Jefe Municipal de Sahagún



Os seus pais, Indalecio Fernández López, natural do Bierzo, e María de la Anunciación Penzol-Labandera, de Castropol



Foto familiar. Fermín Penzol, primeiro pola esquerda, sentado




Fermín Penzol estudou bacharelato no Instituto de Pontevedra. Na foto, de 1914, cos compañeiros de quinto curso e o profesor Ramón Sobrino (Arquivo Museo de Pontevedra)



Fermín Penzol nunha foto de estudio no tempo da súa estadía en Madrid






Subscripción dos anos 30 á revista *Nós*



38




Primeiras publicacións das que tivo coñecemento durante a súa estada en Madrid



Primeiros títulos mercados nun posto da rúa San Bernardo de Madrid

39

Inventario manuscrito de obras adquiridas por Fermín Penzol (ca. 1940)



Facturas de diferentes anos de librerías de vello



Cuesta de Moyano, en Madrid, lugar que Fermín Penzol visitaba con frecuencia



Blanca Jiménez Alonso, natural de Ribadeo, coñeceu a Fermín en 1946 e casaron en 1949. A foto de Fermín está dedicada a ela en 1947



Foto de Blanca dedicada a Fermín Penzol



En Madrid, con Blanca



Un día de campo cuns amigos




Co seu can *Ceibe*



Fermín Penzol pasou longas estadias en Castropol. Dende a súa casa podía observar a ría







**Adiós a D. Fermín.**

Queremos desde aquí dedicar un emocionado recuerdo también, por la generosidad de su donación, a nuestro eterno presidente, verdadero impulsor y creador del Club de Mar durante muchos años.

Nos parece adecuado por ello, reproducir parte de una entrevista publicada en "La Voz de A Coruña" el 6 de setiembre de 1961.

"En nuestra entrevista, gran amante del deporte del remo. Dígame al más allá de los espejos. Por sus conocimientos, le adelantamos hoy, y una dedicación por el club de remo marítimo subcampeón nacional también en torneos, tenemos sus palabras a la atención de nuestros lectores.

Don Fermín Prasad, en Presidente del Club de Mar de Castropol. Un Club sin directiva, sin socios Don Fermín dijo maliciosamente en el Remo castropolense hace de todos de Presidente - director - secretario.

En un momento oportuno, ya que es un deporte pasado de moda en que nadie.

Así que en el futuro, no haber en agua, como repetimos en esta entrevista, de la más noble de las actividades.

En este hombre, Castropol, de tan gran historia y reputación de grandes clubes en el Remo asturiano, después de haberse hecho de este club.

Pero... el Remo está en buenas manos, y los castropolenses pueden estar orgullosos de la compañía actual de su Presidente.

Don Fermín Prasad, nos dice acerca de este club.

Esas palabras, entusiastas palabras con una historia reciente. Los de Barcia están más interesados que nosotros y los gustos así y todo en un deporte.



Grande afeccionado aos deportes náuticos (na foto navegando nun veleiro), promoveu sociedades e competicións deportivas destas especialidades, maiormente as de remo



Fermín e Blanca no domicilio de Ramón Piñeiro

## Concesión do “Pedrón de Ouro, 1971”

A DON FERMIN PENZOL, POLA SUA APORTACION A CULTURA GALEGA

O pasado domingo, en Santiago, tuvo lugar a xuntanza anual do Padroado do “Pedrón de Ouro” para discernir a concesión do galardón correspondente ao ano 1971, premio que se concede cada ano a personalidade que máis se houbera destacado no campo da cultura galega.

Esta edición de 1971 recaeu na persona de don Fermín F. Penzol Labandera, promotor xeneroso da nosa cultura, destacando na súa labourea a creación da Fundación que leva o seu nome, radicada en Vigo, e onde se atopa a biblioteca máis documentada referente a Galicia, da que é fixo donación.

O Xurado estuvo composto por don Octavio Sanmartín, como presidente; don Avelino Akiñ de Tembra, como secretario, e, como vocales, don Modesto R. Figueiredo, don Xaquín Lourenzo, don Máximo Sar, don Camilo Agrasar, e don Salvador Rey, delegado da Agrupación Cultural Auriense, de Ourense, e don Xaquín Villar, como delegado de “O Facho”, de A Cruña. Por haber sido Mantedor o pasado ano, e de acordo cos estatutos, tamén actuou como xurado don Ramón Otero Pedrayo.

Asimismo, o devandito Xurado, concedeu a mención honorífica correspondente ao presente ano ao destacado filólogo alemán, cate-

drático da Universidade de Hamburgo, Prof. Hans Schneider.

A entrega dos galardóns efectuaráse o 23 de maio, na casa de Rosalía, en Padrón.

**A**  
Fermin Penzol

XAIME ILLA • RAMÓN PIÑEIRO • X. M. DÍAZ CASTRO • LAXEIRO • S. GARCÍA-BODARO • E. BLANCO-AMOR • CARLOS CABARES • C. G. SUÁREZ-LLANOS • R. MARTÍNEZ LÓPEZ • X. L. FRANCO GRANDE • X. L. MENDEZ FERRÍN • R. CARBALLO CALERO • V. PAZ-ANDRADE • CASTELAO • M. OTERO PEDRAYO • X. RAMÓN E FERNÁNDEZ-OXEA • COLMEIRO • A. CUNQUEIRO • I. MILLÁN GONZÁLEZ-PARDO • TORRES • BASILIO LOSADA • M. RODRÍGUEZ LAPA • X. M. LÓPEZ NOGUEIRA • DÍAZ PARDO • SALVADOR LORENZANA • MARINO DÓNEGA • CORREDOIRA • D. GARCÍA-SABELL • XOHÁN LEDO • MARÍA XESUS CASTRO • SEBASTIÁN RISCO • SEDANE • ROSÉ M. BERRAS • X. LUIS L. CORTÓN • CELESTINO F. DE LA VEGA • XOHANA TORRES • NOVUEIRA • X. BAL • E. GAY • CARLOS BALBAS • VALENTÍN ARIAS • VIRXILIO • OLGA GALLEGO • ÁNHEL FOLE • SIRO • ALVARO GIL • CESAREO SACO • RIVAS BRIONES • F. BOUZA-BREY.

1972

En 1971 recibiu o Pedrón de Ouro e en 1972 os seus amigos e admiradores dedicáronlle o libro *Homenaxe a Fermín Penzol*



En marzo de 1977 Fermín Penzol asinou o coñecido como “Manifesto dos 29”, no que se facía unha chamada aos partidos políticos de Galicia para conseguir un compromiso na defensa dos intereses de Galicia. Na fotografía o día da presentación do documento aos medios de comunicación, acompañado por Domingo García-Sabell, Ramón Piñeiro, Luís Seoane e Marino Dónega


A revista *Grial* dedicoulle un número de homenaxe ao pouco do seu falecemento

73 xulio  
agosto  
setembro  
1981

# GRIAL

**F**ERMIN  
**P**ERMIN  
**P**ENZOL  
**N**ZOL  
**OL** IN MEMORIAM

★ Ánxel Fole ★ Ramón Piñeiro ★ Manolo González ★ M. Xosé Rodríguez Galdó ★ Ramón Lorenzo ★ Basilio Losada ★ Isaac Díaz Pardo ★ Xesús Alonso Montero ★ Emilio González López ★ Marino Dónega ★ Xosé M. R. Pampín ★ Olga Gallego e Pedro López.



Blanca e Fermín a mediados dos anos 70



*“Por moitos libros, Fermín!”*

Francisco Fernández del Riego

A FUNDACIÓN PENZOL  
E O GALEGUISMO

# Historia da Fundación Penzol e a súa significación

Alfonso Zulueta de Haz

54 Observando a traxectoria vital de Fermín Penzol (Fermín Luís Fernández Penzol-Labandera) decatámonos de situacións singulares e casuais que explican e fundamentan o seu compromiso con Galicia, moi especialmente coa cultura e a identidade galegas, tantas veces agachadas ou menosprezadas.

Naceu fóra de Galicia, en Sahagún de Campos, no ano 1901, onde seu pai era xuíz, e pasou os seus primeiros anos en Mondoñedo, onde aquel fora destinado. Nesta localidade coñece a Leiras Pulpeiro, médico da familia, figura modélica, que con honestidade sostivo, en tempos nada doados, o compromiso cos seus principios galeguistas, exemplo e actitude ante Galicia. Esta relación influíu decisivamente na vida de Fermín, abríndoa a un futuro de ilusións, obrigas e traballos na defensa da nosa identidade como pobo.

A raíz do traslado do seu pai a Pontevedra, ingresa no instituto desta cidade no ano 1911 e remata os estudos en 1916. A estancia nesta cidade vai significar un paso importante na súa concienciación galeguista, pois eran tempos de tránsito do rexionalismo ao nacionalismo, de inqedanzas e compromisos na defensa dos valores propios de Galicia (na Coruña nace no ano 1916 a Irmandade dos Amigos da Fala, e tamén por estes

anos empezan a darse a coñecer algunhas das personalidades do que despois sería a Xeración Nós). Ao Instituto de Pontevedra chegarían as ideas de defensa da nosa identidade, pois a el irían comunicar ensinanzas e devezos sobre un país premeditadamente escondido figuras como Antón Losada Diéguez e Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. Este ámbito, que impregna partes importantes da sociedade galega, coído que tivo influencia na personalidade de Fermín Penzol.

Mais onde se produce unha maior sensibilización no descubrimento e coñecemento de Galicia é na súa estancia en Madrid, cidade á que se traslada para cursar a carreira de Dereito. Curiosamente, este novo cambio de residencia, obrigado pola decisión do seu pai e contrario aos desexos de Fermín Penzol, vai ser un alicerce básico do seu compromiso pleno e absoluto con Galicia, pois iniciou relación cos membros de *A Nosa Terra* e das Irmandades da Fala, producindo dúas consecuencias importantes e decisivas na súa biografía: o seu compromiso político co galeguismo, co nacionalismo galego e, xustamente nestes anos, o interese polos libros referentes a Galicia, non só para lelos senón para conformar unha excepcional biblioteca. Deste xeito, nace e agroma o que despois sería a Biblioteca Penzol. Na facultade de Dereito, na rúa San Bernardo e nas contornas, había importantes librerías de anticuarios que visitaba continuamente, chegando a converterse nun bibliófilo experto, con fondos coñecementos que lle permitían escoller con garantía as obras que encaixaban no seu proxecto. Así pois, a súa estancia madrileña, á que chega non sen resistencia, vai facer medrar o seu compromiso galeguista, as súas ilusións e os seus proxectos. Sen dúbida esta estadía é determinante no camiño vital de Fermín Penzol e pode explicar o seu fondo e tantas veces arriscado compromiso con Galicia.

No ano 1954 xa tiña unha importante cantidade de libros, revistas, folletos, manuscritos, gravados, cartografía, algunhas verdadeiras alfaías da bibliofilia, referentes aos máis diversos aspectos que conforman o país galego (historia, economía, litera-

tura, política, xeografía), sen descoidar a ampliación bibliográfica ás zonas culturais, histórica e lingüisticamente limítrofes ou relacionadas con Galicia. Así, foi incorporando singulares fondos asturianos, bercianos, portugueses, brasileiros e, por afinidades identitarias, textos cataláns e vascos. Todo este inxente labor bibliográfico comezou casualmente cando Fermín Penzol procuraba polos quioscos madrileños un exemplar de *A Nosa Terra* e topou un do xornal *O Tío Marcos da Portela* que espertou a súa sensibilidade, quedando fascinado polo descubrimento dunha Galicia ata entón só intuída, mais descoñecida, pois fora educado de costas á súa lingua e á súa cultura. Ao lembrar moitas biografías dos personaxes que se entregaron con plenitude á defensa da cultura e da identidade galegas descubrimos que a súa concienciación procede dun achado serodio desas esencias contrastando cunha educación e formación impostas, cunha perspectiva de costas á nosa historia, á nosa singularidade como pobo. Adrián Solovio, creación minuciosa de Otero Pedrayo, pode ser expresión senlleira dunha destas vicisitudes.

Mais os fondos da biblioteca, de crecemento nunca interrompido, pois Penzol seguía adquirindo importantes obras, estaban dispersos entre Madrid, Ponferrada e Castropol, sendo preciso adoptar algunha solución que cumprise a súa vella aspiración de que estivese ao servizo de Galicia, que fose un lugar para o estudo e a investigación.

Era absolutamente necesario garantir a perfecta conservación deses fondos, que comprenden manuscritos, diplomas e cartografía, desde a Idade Media ata documentos do século XIX, de excepcional valor, que requiren un especial coidado, e ademais acadar un lugar en condicións que fose soporte dunha organización, que utilizando as novas tecnoloxías, fose un espazo idóneo para a súa utilización por estudosos e investigadores. Imponíase unha fonda reflexión e Fermín Penzol, consultando cos amigos, especialmente con Ramón Piñeiro, que presentou varios proxectos razoados que permitirán adoptar unha fundada decisión e a

súa preferencia para que a biblioteca se instalase en Vigo, pois nesta cidade non había ningunha biblioteca galega importante, en contraste co seu enorme pulo editorial, o mais dinámico de Galicia. Ademais en Vigo estaba a Editorial Galaxia, completándose así os plans de expansión cultural galega xa previsto na constitución da editorial. Quedaba por atopar unha solución xurídica que amparase a permanencia no tempo con garantía do cumprimento dos seus devezos, e Xaime Isla, gran creador de proxectos e ideas, propuxo a figura xurídica dunha fundación, que foi aceptada polo fundador, quen fixo depositaria dos fondos a Galaxia, encomendándolle a súa custodia e administración baixo dun padroado. Entre as solucións xurídicas posibles, a figura da fundación é a máis apropiada, pois nunha concepción xurídica actual, superando a doutrina clásica, considérase non só como un patrimonio suxeito a un fin, senón máis ben como unha organización sen ánimo de lucro que tendo aceptado de xeito duradeiro un patrimonio, garanta o cumprimento dos desexos fundacionais.

Fermín Penzol sabía que o ser humano é por natureza un ser esquecedizo (*animal obliviscens*) polo que é necesario recuperar a nosa memoria, descubrir a memoria, a memoria de Galicia, prohibida durante moitos anos, memoria sempre ameazada e, o que é mais grave, obxecto da *damnatio memoriae* (condenación da memoria), recurso penal que desde Roma tivo unha lamentable e nociva influencia na historia da humanidade, querendo borrar, con formal condena, sinais e vestixios de feitos e persoas. Ante o esquecemento e a penalización, asume o compromiso da recuperación da nosa memoria como pobo, porque tiña conciencia de que nela están as pegadas máis vigorosas dunha cultura, que hai que coñecer e conservar pois aquí están eventos e vivencias decisivos que alicerzan a identidade de Galicia e a súa proxección no mundo.

O 7 de abril de 1963 outorga a escritura pública da fundación que leva o seu nome, autorizada polo notario de Vigo Alberto

Casal, achegando todos os fondos que integraban a súa biblioteca e arquivo adquiridos durante moitos anos que facían referencia a Galicia, incluíndo tanto os editados ou impresos nela coma os de autores galegos escritos en calquera lingua e, por suposto, os escritos na nosa lingua.

O 5 de maio de 1963 inaugúrase a biblioteca nos locais alugados á Caja de Ahorros Municipal de Vigo, conseguidos por Antonio Fernández López, quen con Xaime Isla Couto, entre outros, contribuíron á súa posta en marcha na rúa Policarpo Sanz número 23, cunha conferencia do profesor portugués Manuel Rodrigues Lapa sobre “Os romanistas italianos e a literatura medieval galego-portuguesa”. O acto foi presidido polo presidente da Real Academia Galega, Sebastián Martínez-Risco, e polo vicepresidente da Fundación, Ramón Otero Pedrayo.

Francisco Fernandez del Riego foi o encargado da recepción dos fondos bibliográficos e documentais que chegaban desde Castropol, Ponferrada e Madrid, realizando un labor xeneroso cheo de entusiasmo para a catalogación, que esixía colaboración especializada. Esta colaboración chegou da man de Xesús Ferro Couselo, director do Arquivo de Ourense e patrono da Fundación, e de Olga Gallego, arquivista-bibliotecaria que exercía en Vigo as súas actividades profesionais.

Integraron o primeiro padroado: Fermín Penzol, presidente; Ramón Otero Pedrayo, vicepresidente; Ramiro Isla Couto, secretario; e como vogais Manuel Gómez Román, Domingo García-Sabell, Antonio Fernández López, Ricardo Carballo Calero, Xesús Ferro Couselo, Ramón Piñeiro López, Francisco Fernández del Riego, Xosé Luís Franco Grande e Xerardo Fernández Albor. É difícil imaxinar, naqueles tempos, un grupo máis prestixioso e comprometido que, seguindo o camiño sinalado polo fundador, prodigou xenerosidade, colaborando decididamente na posta en marcha da Fundación, sendo peza clave o director da biblioteca, responsabilidade que desempeñou, desde o seu inicio ata o día primeiro deste ano 2010,

Francisco Fernández del Riego, cunha excepcional capacidade de traballo e de xestión, condicións imprescindibles para realizar con eficacia un labor disciplinado, metódico, xeneroso sen límites. Fernández del Riego foi a alma dunha biblioteca que coidou con agarimo e con total fidelidade aos ideais fundacionais. Segundo as súas propias palabras, “a Penzol é a miña vida e penso morrer nela”. Deste xeito é a súa relación íntima e afectiva, calada e xenerosa, forxada durante máis de corenta e cinco anos.

A Fundación Penzol é autónoma e o seu mantemento, incluído persoal especializado, corre a cargo do Concello de Vigo, a quen se lle informa periodicamente das necesidades que xorden debidas ao crecemento tanto dos seus fondos coma dos estudosos e investigadores que utilizan os seus servizos. É un centro que acumula moita da sabedoría sobre as esencias de Galicia, e demanda unha consideración especial das institucións públicas para a súa conservación e crecemento.

Á achega patrimonial iniciada por Fermín Penzol fóronse sumando doazóns e legados. Os fondos da Fundación son de dúas clases: bibliográficos, formados por libros, folletos e publicacións periódicas; e coleccións variadas. Hoxe en día as coleccións constan de 38.500 títulos de monografías impresas datadas desde o século XV, 106 títulos de libros manuscritos, 250 diplomas en pergameo, 44 documentos de cartografía histórica, 589 unidades de instalación de documentos do arquivo (93,78 m. l.), uns 2.370 títulos de publicacións periódicas desde o século XIX, 7.350 materias especiais, como mapas, planos, carteis, audiovisuais, etc. Aquela biblioteca inicial formada por 7.751 libros e 6.012 folletos, xornais, manuscritos e documentos arquivísticos, medrou grazas ás achegas ou doazóns do propio Penzol, doutros membros do padroado e de numerosas institucións e particulares, coma as de Otero Pedrayo, Rodrigues Lapa, Calouste Gulbenkian, Ramón Piñeiro ou Martínez López, entre outros.

A institución é un magnífico e excepcional centro que require un labor de catalogación permanente e actualizado, continuando o magnífico traballo que os arquivistas Olga Gallego e Pedro López fixeron na *Guía das coleccións bibliográficas e documentais da Fundación Penzol*, publicada no ano 1980, onde xa aparecen inventariadas obras sumamente importantes para a nosa historia, algunhas delas auténticas alfaias bibliográficas, como o incunable *Pauli Orossi... Historiarum initium ad Aurelium Augustinum*, impreso en Venecia no ano 1500, ou un folleto gótico, quizais único, como asevera acertadamente Francisco Fernández del Riego, de grande importancia histórica para Galicia: *Carta y relación cierta y verdadera enviada desde Santiago de Galicia a la corte de su Magestad; en que cuenta la victoria que ovo el señor don Alvaro de Bazan Capitan de su Magestad el dia del bienaventurado Apostol Señor Santiago/ deste presente año 1543 de una armada de franceses que andaba robando por aquellas costas y puertos de Galicia; A Palinodia de Vasco Diaz Tanco*, de 1547, ou as *Constituciones Synodales del Arçobispado de Santiago*, de 1601, entre os raros e valiosos. Tamén hai que lembrar os moitos, de excepcional valor, manuscritos e fondos documentais de toda clase, tanto públicos coma privados, notariais, xudiciais ou administrativos, procedentes en boa parte de arquivos particulares, de casas nobres, familias principais e personaxes importantes que tiveron o seu protagonismo na nosa historia, así como a impresionante colección de mapas, planos e debuxos e diplomas en pergameo, desde o ano 1135, e as executorias de fidalguía. Tendo en conta as achegas desde a data da citada *Guía*, o padroado ten proxectada a súa actualización como actividade fundamental a realizar.

O ano 1985 é fundamental na historia da Fundación por mor da rehabilitación e adaptación que fixo o Concello da antiga sede municipal na Praza da Princesa para establecer a Casa Galega da Cultura. O 26 de marzo asinouse en escritura pública de “cesión de uso, utilización e disfrute”, autorizada polo notario de Vigo José Luis Espinosa Anta, entre o Concello de Vigo, representado polo

alcalde Manoel Soto Ferreiro, e a Fundación, representada pola presidenta María Blanca Jiménez Alonso, na que se estipula que o Concello “cede gratuitamente o uso e utilización da terceira planta e do sobrado da Casa da Cultura” á Fundación, obrigándose á cesión da segunda planta do mesmo edificio, que ten cumprimento na escritura de “actualización de convenio” autorizada polo notario de Vigo José Antonio Rodríguez González en 1995, outorgada polo alcalde, Carlos A. González Príncipe, e a presidenta da Fundación, pactándose tamén nesta escritura que “a fundación Penzol dispoña tamén da planta baixa para instalar nela un Museo Permanente do Libro Galego, con especial atención á participación da Cidade de Vigo no mundo da edición, e organizar con carácter periódico exposicións e outras actividades culturais. Do plan destas actividades darase conta oportuna á Concellería de Cultura aos fins da súa conveniente harmonización cos programas de acción cultural do Concello” .

Nestas escrituras determínase que o Padroado terá ao seu coidado e baixo a súa responsabilidade a dirección, organización dos servizos e dos fondos da Biblioteca e, de acordo co Concello, designarase un funcionario especialista, labor hoxe exercido por María Ángeles Vidal Fraga, para a concreta dirección técnica e supervisión dos servizos e do persoal que sexa necesario, sendo a cargo do Concello o gasto de contratación destas persoas así como os de mantemento, conservación e limpeza dos locais.

O Concello de Vigo asumiu tamén o compromiso de contratar o persoal auxiliar que for preciso, facendo as tramitacións administrativas necesarias. Hai tamén achegas importantes con cargo aos orzamentos anuais do departamento de Cultura e outros departamentos municipais que permiten o mantemento tecnolóxico, conservación e seguridade dos fondos e servizos da Fundación. A colaboración da Deputación de Pontevedra en actividades puntuais, como o inventario do legado Otero Pedrayo, permitiu suplir a carencia de persoal. Da Consellería de Cultura recibe unha achega anual, e moi recentemente inscribiu a

biblioteca co número 374 no Rexistro de Bibliotecas de Galicia como de titularidade privada de especial interese para Galicia e integrouna na Rede de Bibliotecas de Galicia. Pola súa banda, a Fundación Penzol foi clasificada como cultural privada (Orde do Ministerio de Cultura de 4 de marzo de 1982) e declarada de interese galego pola Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo (Orde de 6 de marzo de 2001) figurando inscrita co número 2001/2.

Entre as actividades da Fundación, ademais de centro de investigación, figura o obxectivo, sen dúbida tamén moi importante, de divulgación e espallamento dos seus contidos, intentando dar a coñecer o que constitúe Galicia como pobo, con cultura e historia propia e singular. Convén salientar a súa participación e organización nas seguintes exposicións e actos culturais:

A celebrada en Barcelona, no ano 1970, con motivo da “Exposición do libro galego”, onde se achegaron diplomas medievais galegos, impresos e libros raros, ademais de mostras bibliográficas actuais.

A exposición “Presencia de Galicia”, celebrada na segunda quincena de abril de 1975 na Galería Sargadelos de Madrid, cunha importante achega de fondos da Fundación.

A exposición “O libro galego onte e hoxe”, en Santiago de Compostela no ano 1979, cunha mostra escollida e exhaustiva de libros galegos dos seus fondos.

A exposición sobre “El constitucionalismo español”, celebrada en 1979 nas catro provincias galegas, achegando documentos únicos sobre o Estatuto galego do ano 1936, así coma da preparación, eleccións e protagonistas do importante evento.

Os días 23 ao 25 de novembro de 1986, na Casa da Cultura de Vigo, sede da Fundación, esta organiza o seminario “A lingua galega de onte a hoxe”.

Celébrase o 4 de abril de 1987 a “Homenaxe pública a don Ramón Martínez López”, que achegou moi importantes fondos, nos locais da Fundación.

Do 25 ao 28 de abril de 1989, co gallo dos 25 anos da constitución fundacional, desenvólvese o I Simposio “Lingua, cultura e sociedade en Galicia” no Centro Cultural de Caixavigo.

Desde o 12 de agosto ao 17 de setembro de 1999 ten lugar a mostra “Literatura infantil e xuvenil galega: 1853-1989: escolma de fondos da Biblioteca Penzol”, na súa sede.

Exposición cun ciclo de conferencias e mesa redonda, desde o 14 de outubro de 1999 ao 4 de xaneiro do 2000, tamén na propia sede, titulada: “As pegadas da cultura europea nos Camiños de Santiago”.

En colaboración coa Editorial Galaxia, a Fundación realizou varias publicacións: *A vida e a fala dos devanceiros, escolma de documentos en galego dos séculos XIII ao XVI*, preparada por Xesús Ferro Couselo e obras de Xoaquín Lorenzo, Pensado Tomé e Ricardo Carballo Calero así como a obra completa de Eduardo Pondal, de Manuel Leiras Pulpeiro e de Xohán Vicente Viqueira, entre outros.

Máis recentemente, a exposición “Editar en galego baixo a censura franquista”, realizada coa colaboración da Xunta de Galicia e Merlín Comunicación, itinerante por localidades galegas, inaugurouse o 28 de novembro do 2008, con conferencia no salón de actos do seu comisario, o profesor Xosé Manuel Dasilva.

“Proezas de Galicia: a Guerra da Independencia e a Reconquista na Biblioteca Penzol”, presentada co gallo do bicentenario da Reconquista, coa colaboración da Sociedade Estatal de Conmemoracións Culturales e o Concello de Vigo, inaugurada na súa sede o 13 de maio de 2009, comisariada polo profesor Rafael Vallejo.

A Fundación colaborou en “Ramón Piñeiro: olladas no futuro”, mostra sobre a vida e obra do sobranceiro galeguista, a quen se dedicou o do Día das Letras Galegas do ano 2009, comisarada polos profesores Henrique Monteagudo e Carlos Fernández, que foi inaugurada en Lugo o 15 de maio de 2009.

En Vigo, na súa sede, móstrase permanentemente “Ramón Piñeiro: unha vida por Galicia”, recreación do gabinete que este

importante persoeiro do galeguismo tiña no seu domicilio de Santiago de Compostela. Foi inaugurado o 14 de maio de 2009.

“Ramón Cabanillas: a roseira dos recordos”, exposición na súa sede, coa colaboración de Merlín Comunicación e Editorial Galaxia, inaugurada o 17 de decembro de 2009.

O 13 de abril deste ano asinou un convenio coa Consellería de Cultura e Turismo para a dixitalización dalgúns dos seus fondos (libros dos séculos XVI ao XIX) con destino á Fundación Cidade da Cultura. Tamén neste ano será realidade un vello soño: baixo a denominación xenérica “Unha obra para un país” lembraremos a figura de Fermín Penzol e a súa Fundación. Abranguerá un conxunto de actividades (exposición, publicacións, mesas redondas...) que salientarán a importancia decisiva para a nosa cultura dunha figura excepcional e da súa singular realización.

Estase preparando a páxina web da Fundación, que vai permitir espallar información puntual sobre os seus fondos e actividades.

Pola desaparición dalgunhas persoas e por modificación dos estatutos actualizouse o padroado, que hoxe está composto polos seguintes membros: presidenta, María Blanca Jiménez, viúva e colaboradora de Fermín Penzol; vicepresidente primeiro, Alfonso Zulueta de Haz; vicepresidente segundo Xulio Souto Jiménez; secretario, Antón Vidal Andión; vogais: Xaime Isla Couto, Francisco Fernández del Riego, Olga Gallego Domínguez, Benxamín Casal Vila, Xoán Bernárdez Vilar, Xerardo Fernández Albor, Xulián Parga, Ricardo Beiras García-Sabell, Pablo Sánchez Ferro, Pedro López Gómez, María Dolores Cabrera Iglesias, Henrique Monteagudo Romero, Francisco Domínguez Martínez, Manuel Meijide Vecino, Francisco Díaz-Fierros Viqueira, Real Academia Galega e Consello da Cultura Galega. Acordouse facer unha invitación ao Concello de Vigo para a súa integración no padroado. Desde o día primeiro deste ano, por designación unánime do padroado, asumiu a dirección Xosé Francisco Domínguez Martínez.

A Fundación Penzol ten unha significación importantísima no esforzo para afondar no coñecemento de Galicia, afirmando e descubriendo a súa personalidade, amosando a memoria, esencial fundamento da propia singularidade, aparecendo a xenuína identidade, expresando perspectivas e inquedanzas, sempre varias e enriquecedoras, especialmente nos eidos culturais, no concerto dos pobos do mundo: ollar o mundo desde as nosas raíces. Como centro de estudos e investigacións, é posible, e tamén necesario, realizar labores e traballos para estimular a sensibilidade na concienciación de Galicia como pobo, afondando no seu percorrido histórico e na súa proxección no mundo, sen dúbida imprescindible, cando desde o descoñecemento, e tamén desde fundamentalismos ideolóxicos, se intenta impoñer unha cultura unitaria e empobrecedora da humanidade, que pretende afastar Galicia da súa historia e da súa cultura, atentando contra a súa existencia. Unha Galicia que ten como alicerce básico, fundamental, necesario, unha cultura peculiar, identificadora, coa lingua como elemento máis radical e representativo. Sen ela, unha parte moi importante da memoria do noso país estaría perdida.

Lembrar a figura de Fermín Penzol é imprescindible como exemplo dunha vida dedicada á defensa e ao desenvolvemento de Galicia, testemuño de como as inquedanzas galeguistas son pulo para construír desde a sociedade civil realizacións decisivas para a nosa existencia como pobo.

Os patróns da Fundación, con rigorosa fidelidade aos ideais e devezos do fundador e seguindo o seu xeneroso exemplo, responsabilizáronse en todo momento coa necesidade de manter e acrecentar os seus fondos, respondendo aos requirimentos das tecnoloxías de cada tempo, para facilitaren as investigacións e consultas, e realizando actividades de proxección cultural na sociedade, ao servizo de Galicia ■

# A Biblioteca Penzol como Biblioteca Nacional de Galicia

Olga Gallego Domínguez

Pedro López Gómez

60

A homenaxe que a Fundación Penzol realiza ao seu fundador ofrece a oportunidade de recordar o pasado da propia fundación, así como de proxectar a súa imaxe cara á sociedade e de tratar de deseñar o seu futuro.

En canto ao seu pasado, á súa creación e á figura de Fermín Penzol, cremos que outros falarán con máis autoridade, polo que nos imos centrar noutros aspectos non tan coñecidos e que nos parecen significativos, como a relación das súas coleccións bibliográficas —que constitúen a Biblioteca Penzol— coa Biblioteca Nacional Galega ou o centro que exerza as súas funcións.

Fermín Penzol non foi escritor profesional, polo tanto, a súa non é unha biblioteca de autor, semellante a outras, entre as que lembramos, como significativas, a de Marcelino Menéndez Pelayo<sup>1</sup>, conservada na biblioteca que leva o seu nome, en Santander, a súa cidade natal; a de Juan Ramón Jiménez, custodiada na Fundación Casa Museo Zenobia e Juan Ramón Jiménez, en

1. [www.bibliotecademenendezpelayo.org/default.aspx?op=0&htmlTarget=principal.htm](http://www.bibliotecademenendezpelayo.org/default.aspx?op=0&htmlTarget=principal.htm) (9-IX-2008).

Moguer<sup>2</sup>, que garda os libros que utilizou o poeta ata o seu exilio en 1936, con exemplares valiosísimos, 3.240 títulos de libros, e 487 de revistas e diarios e máis de 7.500 revistas, editadas entre 1900 e 1936; a de Alberti, integrada pola biblioteca persoal do autor, que atesoura a Fundación Rafael Alberti, composta por uns 6.000 volumes con anotacións persoais e dedicatorias autógrafas, e cunha hemeroteca que contén revistas e material audiovisual de gran valor documental<sup>3</sup>; entre outras moitas de interese.

Podemos recordar tamén algunhas de autores galegos, como a do eminente bibliófilo Antonio Rey Soto, rica en xoias bibliográficas<sup>4</sup> e en obras de historia e literatura galegas, incorporada á do Mosteiro de Poio en 1958<sup>5</sup>; a de Bouza-Brey; a de Camilo José Cela, conservada esta na fundación que leva o seu nome<sup>6</sup>, que atesoura unha colección duns 23.000 volumes e todos os manuscritos do autor, que irán depender da Xunta de Galicia, como consecuencia da xestión do seu patronato; a de Torrente Ballester, na súa fundación santiaguesa, que garda a súa produción literaria, e a de Otero Pedrayo, na súa Casa-Museo de Trasalba<sup>7</sup>, esta composta só dos seus libros particulares<sup>8</sup>, pois os seus manuscritos e documentos foron trasladados á Fundación Penzol. A propia biblioteca de Francisco Fernández del Riego,

2. [www.fundacion-jrj.es/](http://www.fundacion-jrj.es/) (9-IX-2008).

3. [www.rafaelalberti.es/asp/frames\\_fund.asp](http://www.rafaelalberti.es/asp/frames_fund.asp) (9-IX-2008).

4. Sanlés Martínez, Ricardo. Catálogo. Poio: revista *Estudios*, 1983-1990, 2 v.

5. [www.mercedarios.com/index1.htm](http://www.mercedarios.com/index1.htm) (10-IX-2008).

6. [www.fundacioncela.com/asp/home/home.asp](http://www.fundacioncela.com/asp/home/home.asp) (10-IX-2008).

7. [www.arrakis.es/~trasalba/default.htm](http://www.arrakis.es/~trasalba/default.htm) (10-IX-2008).

8. Sánchez Ferro, Pablo e Seoane Boedo, Xulia. *Catálogo do fondo antigo da biblioteca de Ramón Otero Pedrayo*. [Vigo]: Fundación Otero Pedrayo, 2006.

especializada en todo tipo de literatura, e cedida ao Concello de Vigo, comparte espazos coa Penzol na Casa Galega da Cultura.

En institucións públicas, citemos as incorporadas á Biblioteca de Autores da Deputación de Ourense<sup>9</sup>: Ben-Cho-Shey (Xosé Ramón e Fernández Oxea) en 1980, Eduardo Blanco Amor en 1983, Alberto Vilanova en 1984, e posteriormente as de Benito Fernández Alonso, Federico e Matilde Lloria, etc., etc., nunha sabia política de adquisicións, que comparten outras entidades, como a Real Academia Galega<sup>10</sup>, que atesoura a do seu fundador, José Fontenla Leal, excepcional bibliófilo galego, doada en 1919 polo seu fillo, entre as doutros académicos. Igualmente rica neste tipo de bibliotecas é a do Museo de Pontevedra<sup>11</sup>, coas 15.000 monografías e numerosos boletíns da biblioteca de Francisco Javier Sánchez Cantón, e información inestimable para o estudo da arte e especialmente de Goya; os 2.000 libros do musicólogo Casto Sampedro; a de Alfonso Rodríguez Castelao, que nos ilustra sobre o galeguismo e os intelectuais anteriores á Guerra Civil española, con edicións de libros e revistas da época pontevedresa da estampación de linóleo, técnicas que trouxera de Alemaña. Recentemente incorporouse o importante fondo de Xosé Filgueira Valverde. Ademais, moitas das bibliotecas doutras grandes institucións galegas contan con coleccións ligadas a algunha personalidade de relevo, frecuentemente literaria. E traíamos tamén a colación a Emilia Pardo Bazán, única muller do importante grupo de escritores naturalistas que recuperou a tradición novelística española, e levouna a un dos mellores mo-

9. [www.depourense.es/web/cultura1.htm](http://www.depourense.es/web/cultura1.htm) (10/09/2008).

10. [www.realacademiagalega.org/catalog/GoToLibraryInformation.do](http://www.realacademiagalega.org/catalog/GoToLibraryInformation.do) (10-IX-2008).

11. [www.museo.depo.es/biblioteca/fondos/es.06010000.html](http://www.museo.depo.es/biblioteca/fondos/es.06010000.html) (10-IX-2008).

mentos da súa historia, na segunda metade do século XIX<sup>12</sup>, cuxa biblioteca do Pazo de Meirás, de controvertida propiedade da familia Franco e acceso difícil, complementábase coa súa produción bibliográfica localizada no ámbito da Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes<sup>13</sup>.

Mais estas bibliotecas caracterízanse porque sempre xiran arredor da vida, obra e actividades dun escritor, científico ou artista, o seu propietario e creador.

Por contra, a biblioteca da Fundación Penzol nace coas características dunha biblioteca nacional galega que por entón (1963, ano da súa inauguración) non existía, pois o seu fundador tivo a intención de recoller, conservar e difundir o patrimonio bibliográfico e documental de Galicia e doutros territorios intimamente relacionados (Asturias occidental, O Bierzo, Lubián, Estremadura, Brasil, etc.). Era pois, e é, a única existente durante máis de medio século e un referente indispensable que permitiu o coñecemento de preciosas xoias reunidas amorosamente durante a súa vida por Fermín Penzol, e que el puxo a disposición de Galicia.

Este patrimonio comprende o expresado en lingua galega ou producido en Galicia en calquera lingua, ou por autores galegos, ou en calquera lugar do mundo sobre temática galega. Unha biblioteca nacional é o xerme da identidade dun pobo, ao comprender toda a produción libraria deste en calquera soporte, mais vivificada coa produción doutros pobos. Unha biblioteca nacional é un elemento significativo da cultura dun país, a referencia institucional que pode resaltar os trazos distintivos da comunidade. É o portaestandarte da cultura nacional, a plasmación

12. Fernández-Couto Tella, Mercedes. *Catálogo da biblioteca de Emilia Pardo Bazán*. A Coruña: RAG, 2005.

13. [www.cervantesvirtual.com/bib\\_autor/pardo\\_bazan/presentacion.shtml](http://www.cervantesvirtual.com/bib_autor/pardo_bazan/presentacion.shtml) (10-IX-2008).

61



mediante libros ou en novos formatos dos sinais de identidade dunha nación, ao incorporar un novo significado, o de ser a proba tanxible do que cada país achega á cultura universal.

E esta identidade cultural, histórica e lingüística vai en dúas direccións: unha cara ao interior, aos cidadáns, amosándolles o que configurou o ser, estar e o posible devir cultural da nación; e outra, cara ao exterior, manifestando aos demais países e ao mundo enteiro o que cada país produciu, o que está a facer e o que pensa desenvolver no futuro.

Como principais funcións dunha biblioteca nacional sublíñanse a conservación do patrimonio bibliográfico, a adquisición da produción impresa a través do Depósito Legal, de mercas, donativos, e a elaboración da información bibliográfica a partir das obras depositadas.

Aínda que tamén pode desempeñar outras funcións, como a de elaborar unha bibliografía nacional, actuar como centro nacional de información bibliográfica, compilar catálogos colectivos e publicar a bibliografía nacional retrospectiva.

En resumo, e con poucas variantes, as bibliotecas nacionais establecen as súas principais tarefas arredor destes eixes. Así, a Bibliothèque Nationale de France di que a súa misión é constituír as súas coleccións, velar pola conservación e a comunicación co público, producir un catálogo de referencia, cooperar con outras institucións nacionais ou internacionais, e participar en programas de investigación<sup>14</sup>. Dende unha perspectiva estratéxica, a British Library establece cal é a súa misión (axudar a enriquecer a vida das xentes mediante un coñecemento superior) e cal é a súa visión (xogar un papel directivo no mundo cambiante da investigación en información)<sup>15</sup>. E a Biblioteca Nacional de España,

de acordo co seu estatuto, aprobado polo real decreto 1581/1991 de 31 de outubro, establece que as súas funcións principais son: reunir, catalogar e conservar os fondos bibliográficos producidos en calquera lingua española ou doutro idioma, ao servizo da investigación, a cultura e a información; fomentar a investigación mediante estudo, empréstito e reprodución do seu fondo bibliográfico; e difundir a información sobre a produción bibliográfica española a partir das entradas derivadas do Depósito Legal<sup>16</sup>.

En relación ao Depósito Legal —cuxos antecedentes no que se refire ás obras impresas en Aragón e Castela foron documentados por Luis García Ejarque dende o século XVII— lembremos que non funciona axeitadamente ata a aplicación do decreto do 23 de decembro de 1957, que consegue o seu cumprimento para toda España dun xeito satisfactorio, coa obriga de entregar tres exemplares nas oficinas do Depósito Legal correspondente, ligadas ás bibliotecas públicas do Estado e posteriormente transferidas ás comunidades autónomas. A orde do 30 de outubro de 1971, modificada pola do 20 de outubro de 1973, non é senón unha adecuación á creación do Instituto Bibliográfico Hispánico, e está a pedir unha revisión que responda aos retos da sociedade da información e á estrutura territorial de España<sup>17</sup>.

Por último, engadamos que a Biblioteca Nacional é a defensora e propagadora dos sinais de identidade de cada país, referente cultural dun país e sinal das súas propias raíces como comunidade de seres e encargada de relacionar o seu país con outros do mundo.

O seu fin non é só a conservación do patrimonio bibliográfico (reunir, conservar e difundir a produción bibliográfica do país e

16. Para as funcións da Biblioteca Nacional de España, consulta: [www.bne.es/eng/BNE/estatuto.htm](http://www.bne.es/eng/BNE/estatuto.htm) (10-IX-2008).

17. Oliván Plazaola, Montserrat. “O Depósito Legal en España”. *Andel* 41, abril-xuño, 2008, pp. 27-28.

aquela que pola súa lingua, temática, orixe, os seus autores ou o ámbito da súa influencia é útil para o coñecemento, investigación, estudo ou divulgación da cultura nacional), senón testemuñar a cultura que as sociedades foron capaces de crear e acumular: son, pois, centros de información e museos culturais.

Mais hoxe en día, nos países desenvolvidos, a función de identidade vai máis alá dos materiais almacenados dende unhas coleccións, ás veces únicas, ata as que se proporcionan a través do colector, é dicir, do edificio que alberga esas coleccións. Este é o motivo, probablemente, da construción de megabibliotecas como a sede François Mitterrand da Bibliothèque Nationale de France<sup>18</sup>, obra de 1995 de Dominique Perrault<sup>19</sup>, que se compón de 4 torres de 75 metros de alto, dispostas en ángulo, unidas por un zócalo, que encerra un xardín, e que suma 7 pisos de oficinas e 11 de depósitos, con 395 quilómetros lineais de estantes; ou a nova British Library en St. Pancras, obra de sir Colin St John Wilson, finalizada en 1997, e que mostra a dobre influencia da racionalidade do finés Alvar Aalto no ronsel da cal traballa, e a tradición do modernismo británico, camuflado de neogótico<sup>20</sup>. Este é o edificio público máis grande construído no Reino Unido no século XX, cunha superficie de 112.000 metros cadrados, sobre os que se estenden 14 pisos, 9 por enriba e 5 por debaixo

18. [www.bnf.fr/pages/zNavigat/frame/connaitr.htm?ancre=sites.htm](http://www.bnf.fr/pages/zNavigat/frame/connaitr.htm?ancre=sites.htm) (10-IX-2008).

19. [www.galinsky.com/buildings/bnf/index.htm](http://www.galinsky.com/buildings/bnf/index.htm) (10-IX-2008).

20. V. a recensión que Michael Spens fai en *Studio Internacional* (20-XII-04) ao libro *The Architecture of the British Library at St Pancrass / Roger Sononehouse, Gerhard Stromberg*, Spon Press, Taylor and Francis Group. London & New York, 2004. [http://www.studio-international.co.uk/books/british\\_library.asp](http://www.studio-international.co.uk/books/british_library.asp) (10-IX-2008).

do nivel do chan<sup>21</sup>, e cuxa calidez se contrapuxo á frialdade do edificio parisiense.

En realidade, non se trata só de buscar máis espazo (que si é preciso) para albergar os materiais libraríos, senón de que os nacionais se sintan orgullosos do valor da súa cultura e os estranxeiros queden impresionados polo poderío real que estas construcións demosttran. Isto xa o sinalou Mc Cormick: “As bibliotecas nacionais contribúen significativamente á grandeza e identidade das nacións”.

Pero esta ampliación dos edificios responde, tamén, á idea democrática do dereito á cultura por parte dos cidadáns, reflectido en actuacións como exposicións, conferencias, reproducións facsimilares, etc.

Volvendo á Biblioteca Penzol, foi a falta dun axeitado control da produción bibliográfica galega, ou sobre Galicia, anterior a 1957, e a inexistencia dunha biblioteca central galega (o adxectivo “nacional” sería impensable nesas datas) coa devandita función, unha das razóns que moveron a Fermín Penzol a creala coa súa colección bibliográfica (e tamén cos seus fondos arquivístico, é preciso recordalo).

En xaneiro de 2008 estimábase a contía dos seus fondos en 38.000 títulos de monografías, 1.900 de publicacións periódicas, 7.350 de publicacións especiais, 150 de libros manuscritos e ademais, de carácter arquivístico, 589 unidades de instalación que ocupan 93,78 metros lineais.

Sobre a súa importancia, escribiron: Francisco Fernández del Riego, o seu director<sup>22</sup>, María Ángeles Vidal, a súa biobliotecaria técnica<sup>23</sup>, e nós mesmos, destacando os seus principais aspectos

21. [www.bl.uk/aboutus/quickinfo/facts/index.html](http://www.bl.uk/aboutus/quickinfo/facts/index.html) (10-IX-2008).

22. Fernández del Riego, Francisco. “A biblioteca e ou arquivo da Fundación Penzol”. *Boletín do Instituto de Estudos Vigueses* 2, v. 2 (1996-7) pp. 7-15.

23. Vidal Fraile, María Ángeles. “A biblioteca de don Fermín Penzol”, en *Actas das I Xornadas de Arquivos, Bibliotecas e Museos de Galicia* (1º. 1987.

e títulos, sobre materias relativas á lingua e literatura de Galicia e do mundo portugués, e ás de historia, xeografía, economía e dereito, ofrecendo particular interese os libros de política galega, biografías, tratados de xenealoxía, heráldica, historiografía e ciencias auxiliares da historia; ao que se suma a existencia de numerosos libros raros, algún incunable e valiosos manuscritos, cuxos títulos non é cuestión reiterar agora<sup>24</sup>. Entre os seus fondos arquivísticos sinaláronse algúns como especialmente significativos para o galeguismo cultural e político<sup>25</sup>, ou para o noso veciño Portugal<sup>26</sup>; e tamén se glosou, entre as súas diversas coleccións especiais, a de mapas e planos<sup>27</sup>.


Esta colección da Fundación Penzol é a mellor e máis completa para o estudo do acervo da cultura galega e o alicerce cultural de Galicia e un dos piares fundamentais, xunto coas bi-

bliotecas da Universidade de Santiago de Compostela, a da Real Academia Galega, a do Museo do Pobo Galego e a do Mosteiro de Poio, en canto a material restrospectivo<sup>28</sup>, do que sería a Biblioteca Nacional de Galicia. As coleccións destas entidades forman parte do Patrimonio bibliográfico galego, do que se dispón dun catálogo colectivo<sup>29</sup>.

A centralización e coordinación da actividade bibliográfica en torno ao libro galego e ás bibliotecas de Galicia, recae dende 1989 no Centro Superior Bibliográfico de Galicia<sup>30</sup>, que intenta recoller e controlar toda a produción impresa galega. As súas funcións ían ser herdadas pola Biblioteca Nacional de Galicia, que xunto co Arquivo Nacional<sup>31</sup> (hoxe rebautizados Biblioteca e Arqui-

vo de Galicia, respectivamente) instalárase na impresionante e controvertida Cidade da Cultura<sup>32</sup>, no soberbio edificio deseñado por Peter Eisemann<sup>33</sup>, cunha superficie de 15.700 metros cadrados e 6 pisos, grandioso, pero con certas disfuncionalidades. É sen dúbida, un edificio singular.

Conta así Galicia cunha construción simbólica, colector sen contido, polo menos por agora, e vencellada ao seu patrimonio bibliográfico, pero este, non obstante, na súa parte máis significativa, disperso noutras institucións, entre as que a Fundación Penzol destaca con valor propio. Sen dúbida a potencialización e difusión deste patrimonio, por medio da súa dixitalización<sup>34</sup> e a súa publicación, serán tarefas fundamentais da nova institución, en colaboración estreita coas entidades que o atesouran ■



Ex libris para Fermín Penzol por Xosé Díaz

A Coruña). A Coruña: ANABAD-Galicia, 1987, pp. 415-482.; e tamén “Biblioteca Penzol”. *A Buguina. Boletín do Programa Urbán-Vigo 2* (xan.-feb., 1998) pp. 16-18.

24. Gallego Domínguez, Olga; López Gómez, Pedro. *Guía das coleccións bibliográficas e documentais da Fundación Penzol*. Vigo: Fundación Penzol, 1980. De María Ángeles Vidal coñecemos tamén unha “Descrición do Arquivo da Fundación Penzol. Norma Isad (g)”, con suxeición a esta normativa, non publicada, posterior a 2006.

25. Gallego Domínguez, Olga; López Gómez, Pedro. “Os protagonistas do galeguismo no Arquivo da Fundación Penzol”. *Grial 73* (1981), pp. 356-376.

26. Gallego Domínguez, Olga; López Gómez, Pedro. “Documentos sobre Portugal na Fundación Penzol (Vigo), en *Coloquio Galaico-Minhoto* (1º. 1981. Ponte de Lima). Actas. Braga: Of. Gráf. Barbosa & Xavier limitada (Braga), 1983. - II, pp. 461-478.

27. Méndez Martínez, Gonzalo. “A cartografía na biblioteca Penzol”. *A Buguina. Boletín do Programa Urbán-Vigo 2* (xan.-feb., 1998) p. 18.

28. Ajenjo Bullón, Xavier; Cabano Vázquez, Ignacio; Palá Gazós, Pilar. “O catálogo colectivo do Patrimonio Bibliográfico Galego”, en *IV Congreso da Anabad. Redes e Sistemas* (1988, 25-28 maio), A Coruña, pp. 247-257. Publicado tamén en *Bol. da Anabad 1-2*, t. 38 (xaneiro-xuño 1988) pp. 249-257. Ajenjo Bullón, Xavier; Cabano Vázquez, Ignacio; Verdía Armada, Helena. “O Catálogo Colectivo do Patrimonio Bibliográfico de Galicia (CCPBG): Balance dunha década en Galicia (1987-1997) e proposta para o futuro. II Congreso de Anabad Galicia”, en Xornadas de Arquivos, Bibliotecas e Museos de Galicia (2º. 1997. A Coruña). *II Xornadas de Arquivos, Bibliotecas e Museos de Galicia. Cooperación: Realidade e Futuro*. A Coruña, 24-26 de abril de 1997. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Cultura e Comunicación Social, 1997.

29. Catálogo Colectivo do Patrimonio Bibliográfico Galego. [www.opacmeiga.rbgalicia.org/ResultadoBusqueda.aspx?CodigoBiblioteca=WCCPBG&Valores=Incorporacions](http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/ResultadoBusqueda.aspx?CodigoBiblioteca=WCCPBG&Valores=Incorporacions) (10-IX-2008).

30. [www.csb.org/](http://www.csb.org/) (29-VI-2010).

31. Consello da Cultura Galega. *Cidade da cultura. Biblioteca e Arquivo Nacional de Galicia*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 2007, pp. 31-46.

32. [www.cidadedacultura.org/](http://www.cidadedacultura.org/) (29-VI-2010).

33. [www.cidadedacultura.org/proxecto/biografia.php?txt=edif\\_biblioteca&lg=gal](http://www.cidadedacultura.org/proxecto/biografia.php?txt=edif_biblioteca&lg=gal) (10-IX-2008).

34. Asinouse un convenio para dixitalizar documentos da Fundación Penzol, entre esta e a Fundación Cidade da Cultura, no que se depositan fundadas esperanzas.

## A Fundación Penzol e a memoria do galeguismo

Ramón Villares

66 O primeiro sinal que fixo diferente a especie humana foi a súa capacidade para lembrar, isto é, para ter memoria e recordar algo alén da pura repetición dun acto instintivo. Porque recordar comporta moitas vantaxes. A primeira é a de seleccionar entre aquilo que merece ser lembrado de forma activa e consciente e aquilo que remanece nunha situación latente ou durminte, porque a memoria non pode ser total nin universal: un “memorioso” á moda de Borges é un disparate. Lembrar todo sería como aquela ansia dun emperador chinés, contada nalgures polo Cunqueiro, que demandou dun cartógrafo a realización dun mapa exacto da Terra: cando rematara de facelo, xa non estaba o emperador para velo. A segunda vantaxe é a de poder construír unha liña no tempo, que distinga entre o pasado e o presente, o que abre o camiño para a profecía (no senso sagrado) ou a prognose (no senso científico) sobre o porvir. Porque sen memoria non hai futuro. Para dicilo nas clásicas palabras ignacianas: é preciso saber de onde vimos para saber quen somos. A historia cultural da humanidade é unha loita sistemática pola conservación da memoria e pola aceptación do esquecemento.

Por iso foi tan decisivo, para individuos e institucións, para estados e imperios, organizar a súa memoria privativa. Unha memoria que atopou o seu vehículo esencial na escritura e o seu

lugar de acomodo neses “depósitos” da memoria que son os arquivos e bibliotecas. A construción dun espazo para a memoria ten constituído o primeiro obxectivo para as institucións, privadas ou públicas, desde os rexistros de colleitas que facían os escribas no antigo Exipto ata as grandes bibliotecas das abadías e das cidades. Nestes templos da memoria gárdanse os segredos da tribo, os “arcana imperii”. Sen termos que nos alonxar moito de nós, abundará con evocar un exemplo ben acaído ao caso, que tivo lugar en Santiago de Compostela no século XVIII. Con motivo do cambio de sede da universidade de Santiago de Compostela, desde o Colexio de Fonseca ata o Colexio da Compañía de Xesús, acabados de expulsar os reinos da monarquía española, o reitor Sánchez Ferragudo organizou un acto solemne para o traslado da mobilia e da librería. E naquela procesión pregoada con chirimías, quen abría o cortexo era o arcón que contiña o arquivo da Minerva compostelá.

O exemplo da universidade pode ser entendido como unha metáfora aplicable a moitos outros contextos. Desde logo, a expresión máis clásica da memoria en Galicia foi a xestionada pola Igrexa, que en mitras e cabidos, en abadías e conventos organizou librarías e arquivos. Unha gran parte do patrimonio cultural galego ten como orixe directa a Igrexa, malia que a desamortización foi proceso máis coidadoso coa sorte de casas e fincas, de censos e de foros, do que tivo co patrimonio mobiliario e artístico, que en moitos casos foi maltratado, cando non perdido. Outra parte importante dese patrimonio colectivo de Galicia procede das institucións municipais das cidades que tiñan poderes de seu, así como dalgunhas casas nobiliarias e de pazos fidalgos. Tamén neste caso, sen que houbese desamortización polo medio, houbo perdas moi sentidas e destrucións inexplicábeis. En todo caso, até a época contemporánea a memoria da tribo foi un asunto basicamente privado. Foi coas reformas liberais cando comezou a organizarse de modo sistemático a conservación do inmenso patrimonio *nacionalizado* pola desamortización (a este fin res-

ponden os arquivos provinciais —basicamente de Facenda— e o Arquivo Histórico Nacional, creado en 1858). De forma paralela, foron aparecendo novas institucións dedicadas á conservación do patrimonio, como museos e academias.

O coidado do patrimonio documental e artístico por parte dos poderes públicos foi un proceso longo que, realmente, non se consolidou até os anos finais do século XIX, cando comezan a funcionar as Comisións Provinciais de Monumentos e cando se procede a unha mínima protección pública dese patrimonio, para frear a acción destrutiva ou vendedora de moitos dos seus posuidores, azunados polas ofertas que tiñan, moitas delas de coleccionistas foráneos. O curso seguido polo patrimonio galego foi, dito en poucas palabras, análogo ao conxunto da súa vida política e institucional, por carecer ata tempos recentes de institucións de goberno propias e por seren moi fracas tamén as institucións de carácter privado que foran quen de substituír o antigo papel da Igrexa. Non se pode dicir que a día de hoxe as cousas non teñan mudado. O proteccionismo despregado sobre os bens culturais, sexan inmobiliarios ou mobiliarios, é de carácter forte e mesmo por veces alcumado de “excesivo”. Alén diso, proxectos como os da Cidade da Cultura, onde está prevista a existencia dun arquivo e dunha biblioteca de referencia para todo o sistema arquivístico e bibliotecario galego, permite albiscar un porvir digno para unha cultura como a galega que, como sucedeu no uso da lingua e noutros campos, debeu practicar máis accións de resistencia que de planificación institucional durante moitos séculos.

Neste contexto é no que debe inserirse a decisión de Fermín Penzol e dos seus compañeiros de militancia galeguista de crear unha institución cultural como a Fundación que leva o nome do seu promotor e verdadeiro filántropo. A decisión de crear a fundación, de situar a súa sede en Vigo e de vencellala a Galaxia forma parte dunha estratexia de institucionalización da obra de toda unha xeración de galeguistas, a coñecida como grupo Galaxia. Esta foi a vontade do fundador, pero nomeadamente do

grupo ao que Penzol pertenceu de forma fiel toda a súa vida. Poida que os inicios do labor de bibliofilia de Penzol fosen azarosos e mesmo incertos, pero a súa doazón a Galaxia en 1956 revela non só a importancia do legado senón o seu obxectivo básico: “axunteino para Galicia e a Galicia llo entrego por medio de Galaxia”, dille Penzol a Salvador Lorenzana en entrevista para *Galicia Emigrante* (26, 1957). Mal podía maxinar Penzol que cando estaba a comprar os seus primeiros libros e revistas de temática galega nos seus tempos de escolante universitario en Madrid (varios libros procedentes da biblioteca do duque de Béjar), iría culminar coa creación dun conxunto bibliográfico e documental único.

Os expertos arquivistas Olga Gallego e Pedro López, que foron os primeiros organizadores da colección, puideron afirmar en 1980 que se trataba do “conxunto bibliográfico máis importante do mundo sobre temas galegos”, xunto co fondo da Real Academia Galega, arrequecido desde os tempos de Murguía co esmero de bibliófilo de F. Vaamonde Lores. A afirmación era certa daquela e sen dúbida que o segue a ser na actualidade, aínda que cumpriría recoñecer tamén —por citar algúns dos máis relevantes— a riqueza dos fondos (de temática galega) existentes na Biblioteca Universitaria de Santiago e en centros especializados como o Museo de Pontevedra, o Instituto Padre Sarmiento (herdeiro parcial do vello Seminario de Estudos Galegos) ou o mosteiro de Poio, onde foi parar a colección dun bibliófilo excelente, como foi Antonio Rey Soto, posuidor do que o propio Penzol xa definiu no seu día como “unha espléndida biblioteca galega”.

Con todo, a especialización da colección Penzol e a súa notable coherencia fan dos fondos desta Fundación non só ese valioso conxunto bibliográfico e documental de libros, folletos e manuscritos, senón tamén un lugar de acollida para unha memoria especializada tanto da cultura galega no senso extenso, como tamén para diversas fases da acción política do galeguismo no período tanto da preguerra como, de forma especial, da posgue-

rra española. Dous grandes capítulos presenta o acervo patrimonial da Fundación Penzol, que demarcan tanto as temáticas bibliográficas como o proceso temporal de formación dos seus contidos, que merecen un breve comentario.

O primeiro capítulo, e talvez o máis valioso, está constituído polo legado feito polo seu fundador, o entregado en 1956 e logo arrequecido coas adquisicións que a Fundación, cos subsidios basicamente achegados polo propio Penzol, seguiu a facer desde os anos sesenta até a morte do fundador. Trátase dun conxunto de fondos que, alén de seren dependentes das oportunidades que o difícil mercado da bibliofilia lle foi abrindo a Penzol e aos seus “olleadores” —nomeadamente, Ramón Piñeiro desde os anos cincuenta—, estivo composto basicamente por libros e folletos, así como por fondos manuscritos de procedencia moi heteroxénea, desde notarios ou concellos até mosteiros ou casas nobiliarias. O que comezou sendo unha práctica ocasional propia do amator, acabou sendo unha opción xa máis profesionalizada, propia do coleccionista e do buscador de tesouros. Abonda ver con que precisión lle dá a Ramón Piñeiro noticias de libros, pagos feitos a libreiros e mesmo a ledicia que experimenta cando descobre pezas inesperadas e a tristura de ter chegado tarde nalgunhas ocasións, por exemplo cando saíu á venda a mítica biblioteca galega de Cotarelo Valledor no ano 1955.

Neste bloque fundacional hai algúns campos que foron atendidos de forma prioritaria. Dunha banda, as publicacións relacionadas coa cultura e a historia de Galicia desde a primeira Idade Moderna. Con razón se gababa Penzol en 1957 de que chegara a adquirir todas as historias de Galicia e das súas cidades, agás a da vila luguesa de Sarria. Outro campo relevante foi o dos manuscritos e pergameos, especialmente os escritos en lingua galega medieval, así como algúns fondos documentais procedentes de casas nobiliarias ou fidalgas, entre as que habería que salientar como máis cumpridas os da familia Arias Teixeira e os do marquesado de Vilagarcía. Certamente, o patrimonio da

Penzol en materia de fontes manuscritas non pode compararse co existente en arquivos públicos —nomeadamente o Arquivo do Reino de Galicia— ou mesmo privados (Casas de Alba e Medinaceli). Pero a súa preservación foi oportuna, sobre todo no que se refire a pergameos e diplomas monásticos medievais: “o libro máis caro que teño mercado deica agora —dicía Penzol en 1957— foi un tomo de documentos en galego do mosteiro de San Martiño de Santiago. Custoume once mil pesetas”. Aínda que o valor deste fondo bibliográfico e documental é desigual para o investigador, desde logo segue a ser unha fonte esencial para o estudo da cultura galega fundada en fontes impresas.

O segundo capítulo patrimonial importante da Fundación é o constituído por fondos procedentes de arquivos persoais, nos que salienta a existencia de documentos políticos, notas de traballo e, de forma especial, extensos corpus epistolares. Algúns xa foran acollidos en vida do fundador, como son os casos xa mencionados de Arias Teixeira ou do marquesado de Vilagarcía, ou achegas posteriores como o fondo de Leiras Pulpeiro, de Xohán V. Viqueira, de Ramón Villar Ponte e, en tempos máis recentes, de Rodrigues Lapa, Ramón Martínez López ou de Xaime Isla. Pero a grande achega patrimonial á Fundación foi a procedente do legado de Ramón Otero Pedrayo, integrada na Penzol en virtude de manda testamentaria do señor de Trasalba, á que se xuntou, en datas recentes, a do grande amigo e confidente do fundador, Ramón Piñeiro, acordada neste caso polos seus herdeiros. O material procedente da casa de Otero Pedrayo xa comeza a ser ben coñecido e parte do mesmo foi xa estudado e mesmo publicado. O mellor exemplo é o conxunto epistolar cruzado entre Otero e a súa nai, Eladía Pedrayo (*Cartas á nai*, Galaxia, 2008), que constitúe un gorentoso adianto do que será algún día a edición completa, impresa ou non, do epistolario pasivo e activo de Otero Pedrayo.

Unha mención particular merecen os fondos de Ramón Piñeiro, aínda en proceso de organización e, desde logo, de estudo

e investigación. Unha boa parte dos mesmos xa foi empregada de modo fragmentario por varios investigadores e, de forma máis sistemática, por Miguel Barros na súa disertación doutoral sobre a figura de Piñeiro (*Ramón Piñeiro e a revisión do nacionalismo*, Galaxia, 2009). Pero tanto a súa documentación política como o seu extenso e plural epistolario han de se converter nunha fonte esencial para o estudo da acción cultural e política do galeguismo nos tempos do franquismo. Axuntado con outros corpus epistolares que xa se coñecen de vello (caso de Rafael Dieste, Valentín Paz-Andrade) ou os que se están dando agora a coñecer en tempos máis recentes, como os de Carmen Muñoz, Luís Seoane (con Isaac Díaz Pardo e Francisco Fernández del Riego), Francisco Fernández del Riego (con Ramón Piñeiro e Ricardo Carballo Calero), Xosé Filgueira Valverde (con Otero Pedrayo), Neira Vilas (con varios corresponsais) ou Basilio Losada (con Ramón Piñeiro), Ramón Piñeiro (con Isidoro Millán ou José Luís Pensando) alén de moitos outros menos copiosos ou en proceso de catalogación, serán pedra angular para esa necesaria análise dos grupos culturais e políticos actuantes no ámbito do galeguismo durante a segunda metade do século XX.

Rematarei cun breve apuntamento que empate coa reflexión inicial, dando por ben asentada a valencia intrínseca dos fondos documentais da Fundación Penzol e a súa evidente utilidade para o estudo do galeguismo cultural e político. Do que se trata é de avaliar as estratexias seguidas para ordenar e conservar a memoria —en canto “depósito” de documentación e información— do galeguismo e ollar, en termos comparativos, a situación de Galicia en contraste con outras experiencias análogas, como as de Cataluña ou Euskadi. A aparición da Fundación Penzol pode entenderse como a grande aposta do grupo Galaxia para lograr ter continuidade institucional da súa obra e da súa memoria, pero tamén revela en si mesma a peculiar situación do galeguismo da posguerra, eivado polas súas rupturas coa tradición anterior, limitado nas súas relacións con América e, por se todo isto fose pouco,

bloqueado no seu diálogo político co novo nacionalismo xurdido nos sesenta, que fixo bandeira da ruptura con Galaxia.

Por iso non resulta estraño que unha das características máis notables da memoria do nacionalismo galego, ollado a través da súa conservación institucional, sexa a fragmentación. Son moitas as instancias que acollen documentación de perseiros ou de accións políticas e son moitas as leiras en que se divide ese patrimonio que debía ser algo colectivo e, por definición, un sinal de distinción e mesmo de fachenda de toda a cultura galega. Pensemos por un momento na variedade de institucións e fundacións que posúen documentación política, desde a Real Academia Galega (rexionalismo) o Instituto Padre Sarmiento (estatuto de 1936), o Museo de Pontevedra (Castelao, Filgueira, Portela Valladares), o Museo do Pobo Galego (Bouza, Fraguas) ou o Parlamento de Galicia (Carballo Calero, Villar Ponte) até as fundacións dedicadas a perseiros da época da preguerra (Castelao, Otero, Risco, Bóveda...) que, de forma parcial, tamén dispoñen do patrimonio da figura que lles dá nome. A verdade é que resulta máis positivo que este patrimonio estea fragmentado que perdido, pero no pecado vai a pena. Quen quixese acceder, por exemplo, á documentación do Partido Galeguista —naquilo que se conserva— ou do proceso estatutario, dous puntos fulcrais da historia galega do século XX, tería que acudir a varias destas institucións e fundacións, cando non a mans privadas.

O panorama de Galicia ten poucos parangóns con outras culturas en situación máis ou menos análoga. No caso de Cataluña, a existencia de diversas fundacións dedicadas ao estudo do catalanismo (Rafael Campalans, Pi i Sunyer, Trias Fargas, etc.) podía asemellarse ao caso galego, pero cunha diferenza significativa: que existe desde hai moitos anos un Arquivo Nacional de Catalunya, onde se recolle unha parte substancial do patrimonio do nacionalismo catalán, alén de dispoñer no mosteiro de Poblet do fondo documental de Josep Tarradellas, fundamental para o estudo da Generalitat nos tempos da II República e, desde

logo, no exilio (será aberto oficialmente en 2017, pero de forma parcial xa é consultábel). E no caso de Euskadi, a concentración de fondos na fundación Sabino Arana (“Archivo del Nacionalismo”) é clara, especialmente os procedentes do PNV e dos seus principais persoeiros (Arana, Agirre, Irujo, etc.), de modo que a hexemonía política do PNV tamén se percibe nesta propia unidade institucional da memoria do nacionalismo vasco.

Resulta evidente que estas cousas non acontecen por casualidade. A propia organización da memoria revela a evolución histórica de cada un destes nacionalismos “periféricos” ou subestatais. A existencia dunha continuidade entre a preguerra e o exilio, e entre este e a democracia, é a marca común dos casos catalán e vasco, nomeadamente deste último que foi quen de resistir con certa comodidade a longa posguerra e mesmo estar en situación de financiar proxectos federalistas ou “galeuzcanos”. Pola contra, as rupturas que foron tan profundas no caso do galeguismo, entre a preguerra e a posguerra, e entre o interior e o exilio, así como co novo nacionalismo dos anos sesenta, marcan esta fragmentación cando non un claro minifundismo na organización da memoria. Fragmentación que se observa tanto no interior como tamén no exilio, que padeceu análoga fragmentación, cando non deterioro do seu acervo. A tendencia que se advirte nos anos recentes segue pautas semellantes (mesmo con fundacións privativas, do tipo da Galiza Sempre ou da Bautista Álvarez) ás dos tempos vellos, de modo que o esfaragullamento da memoria nacionalista non se detén, senón que se acrecenta co paso do tempo.

Estas reflexións, feitas ao fío do caso particular da Fundación Penzol, non queren desmerecer, senón todo o contrario, a relevancia deste legado e da obra dunha xeración que tivo obxectivos precisos e vontade de levalos á práctica. Dito doutro modo: tivo unha idea, no canto de ter moitas. E unha idea central para o noso tempo sería algo así como acadar un punto de encontro sobre o noso pasado, sobre a nosa propia memoria galeguista, que

permitise reunir o esencial desa memoria, dando por descontado que é inevitable a existencia de moitos arquivos particulares ou especializados. Son consciente de que isto non é doado, pero polo menos habería que intentalo. E esta sería unha das grandes misións futuras da Fundación Penzol e un modo de recoñecer a xenerosidade do seu fundador, pero tamén de practicala nese necesario proceso de converxencia sobre a nosa memoria. Porque a biblioteca especializada que logrou construír Penzol foi obra que reflicte algo do carácter da historia de Galicia: iniciativa individual, acollida grupal, forza identitaria, grandeza limitada. Isto é o que acontece en todo o mundo, pero a escala diferente. Se non tivemos un coleccionista á altura dun Francesc Cambó ou un doador da dimensión dun Calouste Gulbenkian, Galicia tivo polo menos un paciente buscador dos tesouros da súa tradición cultural e unha vontade de crear un lugar de memoria do galeguismo, na benemérita figura de Fermín Penzol que no canto de deixar que os seus herdeiros vendesen ese patrimonio —como aconteceu con Cotarelo e tantos outros bibliófilos antigos e recentes—, escolleu a vía dunha doazón a Galicia a través dunha fundación. Xustamente por iso é polo que merece as nosas mellores beizóns e que pensemos en acrecentar o seu legado ■

## A Fundación e Bibioteca Penzol e a Filoloxía galega

Henrique Monteagudo

Na altura da década 1950-60, os estudos de lingüística e filoloxía galega atopábanse nunha situación de lamentable atraso. O público interesado practicamente só dispuña de dúas gramáticas do galego minimamente manexables, unha tan antiga como a venerable *Gramática gallega* do presbítero ourensán e catedrático do Instituto de Ourense Juan Antonio Saco Arce, dada ao prelo por Soto Freire en 1868 (da que se sairía unha segunda edición en 1967), e a máis recente e por tanto máis accesible *Gramática do idioma galego* de Manuel LUGRÍS Freire, que contaba con dúas edicións (1922 e 1931). No terreo dos dicionarios consultables, case unicamente eran dalgunha utilidade o anticuado e moi limitado *Diccionario gallego-castellano* de Marcial Valladares (1884) e mailo *Diccionario galego-castelán* de Leandro Carré Alvarellos, máis actual e abastado pero abondo defectuoso —a súa primeira edición, en dous volumes, é de 1928-31, a segunda edición de 1933, en 1951 fíxose unha terceira, o cal dá idea da súa relativa popularidade.

Fóra desas obras, o investigador ou o aprendiz que quixese internarse no estudo da lingua ou da lingüística galega, podía botar man da monografía *El idioma gallego*, de Antonio Couceiro Freijomil, que viñera a lume como libro en 1935, e, con moita sorte e non pouco esforzo, dos altamente especializados *Elemen-*

*tos de gramática histórica gallega (fonética-morfología)*, de Vicente García de Diego (catedrático de Latín no Instituto de Pontevedra entre 1903 e 1905), que saíran do prelo en 1909. Con razón se queixaba decote Manuel Rodrigues Lapa nas súas cartas a Francisco Fernández del Riego de que quen quixese estudar o galego ou simplemente ler literatura en galego se desesperaba ante a penuria e escasa utilidade dos materiais de consulta, en termos coma estes:

Considero de suma importancia a preparación do Dicionário em trabalho de equipa. De qualquer maneira, encontramos hoje numa situação absurda: não temos chave para decifrar a literatura galega, por falta de vocabulário. Nestas condições, como hão-de-ter leitores os literatos da Galiza?<sup>1</sup>

Canto á historiografía da literatura galega, a situación era só un chisco menos cativa. Monografías un pouco extensas, coma as de Uxío Carré Aldao, *La literatura gallega en el siglo XIX* (1903) ou *Literatura gallega* (1911), quedaban moi lonxe e deixaban sen cubrir o período máis rico das letras galegas, o correspondente ao de entreguerras; un pouco máis preto estaba a *Antología de la lírica gallega* (1929) de Álvaro de las Casas. Pero aínda obras dos primeiros anos da década dos 50, coma a antoloxía de Ramón González Alegre, *Poesía gallega contemporánea* (1954), ou unha panorámica histórica tal a *Historia de la literatura gallega* (1951) de Benito Varela Jácome, non aplicaban o criterio filolóxico, senón o de naturalidade do autor, de maneira que os escritores e escritoras nados en Galicia pasaban a formar parte automática-

1. Rodrigues Lapa, Manuel. *Cartas a Francisco Fernández del Riego sobre a cultura galega*. Carta de 6 de maio de 1952, cita da p. 63; en diante citaremos: Lapa, *Cartas*.

mente do discurso literario galego, independentemente da lingua que cultivasen<sup>2</sup>.

#### A ACHEGA DO GRUPO GALAXIA. PRIMEIROS EMPRENDEMENTOS

Así e todo, neste último ámbito, a recentemente fundada Editorial Galaxia puxo mans á obra moi decontado, ao menos para cubrir as necesidades máis prementes, e así, tan cedo coma 1951 saíu a *Historia da literatura galega* de Francisco Fernández del Riego (que aplicaba o convencional criterio filolóxico, incluíndo só textos en lingua galega), e en 1952 encetaba a saída da *Escolma da poesía galega*, cun primeiro volume acollendo a Idade Media, arranxado por Xosé María Álvarez Blázquez (con prefacio de Lapa), e a seguir os volumes correspondentes a ‘Os contemporáneos’ (1955), ‘O século XIX’ (1957) —preparados por Del Riego—, e o último ‘Do século XIV ó XIX’ (1959), outra volta da man do primeiro. Cabo destes, xa nesa mesma década comezaba a espreitar o estudoso destinado a ofrecer a achega máis sólida e relevante neste eido, Ricardo Carballo Calero, coas súas

2. En todo iso non se ten en conta, pola súa ínfima calidade e nula repercusión, a contribución da Cátedra de Filoloxía Galaico-Portuguesa, que ocupaba na Universidade Central de Madrid o falanxista Ramón Fernández Pousa, autor de publicacións como *Selección literaria del idioma gallego* (1951), *El cancionero gallego de Pero Garcia Buralés* (1953), “Cantigas de ‘loor’ de Santa María” (1958) ou “El Cancionero Gallego de Joán Arias, burgués de Santiago” (1959) —as dúas últimas publicadas na revista *Compostellanum*. O xuízo de que é merecente esta produción aparece expresivamente sumarizado neste comentario epistolar de Lapa a Del Riego: “as edicións desse tipo (quem é esse sujeito?) são uma vergonha para a cultura galega, pelo seu descaro e incompetência” (Lapa, *Cartas*, p. 187).

*Aportaciones a la literatura gallega contemporánea* (1955) —resultado da súa tese de doutoramento, presentada na Universidade de Madrid en 1954— e os *Sete poetas galegos* (1955). Por último, a comezos da década, entre 1951 e 1953, Antonio Couceiro Freijomil daba ao prelo os tres volumes do seu *Diccionario bio-bibliográfico de escritores*. Con todo, novamente a gran diferenza é que aquelas achegas aplicaban coherentemente (non sen erguer revoeiras polémicas) o criterio da lingua para definir a cultura galega, cousa que este último non facía.

Sexa como for, se tanto no ámbito da historiografía literaria —particularmente na elaboración de obras auxiliares (coma as antoloxías)— canto, en menor medida, no ámbito filolóxico e lingüístico (elaboración de gramáticas, por exemplo), a achega dos amadores e entusiastas pode suplir algunhas carencias, un factor fundamental do escaso desenvolvemento deses saberes, particularmente no terreo da investigación, era a nula institucionalización dos estudos de literatura, filoloxía e lingüística galegas. Lémbrese que a Universidade de Santiago de Compostela só en 1922 comezara a ter unha Facultade ‘maior’ (isto é, que permitise cursar unha licenciatura enteira) de Filosofía e Letras, e cando esta se puxo en marcha, os estudos que ofrecía estaban orientados cara á historia. O primeiro filólogo profesional que exerceu como tal na universidade galega antes da Guerra Civil foi Abelardo Moralejo, que nin era galego de orixe nin posuía coñecementos previos sobre a lingua galega. Obviamente, esta situación non mellorou na década dos 40 nin tampouco nos 50.

Xa que logo, era lóxico que os resistentes agrupados arredor da Editorial Galaxia que comezaron nos anos 50 a reconstruír un tecido cultural galeguista, e que como parte central dese labor impulsaron o cultivo literario da lingua do país, se preocupasen da enorme carencia que existía ora de estudos sobre o idioma e a literatura galegos, ora de materiais de aprendizaxe, consulta e apoio que, para estaren á altura dos tempos, necesariamente tiñan que vir esteados naqueles estudos. A esa inqueda

responde, como antes sinalamos, a devandita *Historia da literatura* de Fernández del Riego e os amentados catro volumes da *Escolma de poesía galega*.

Así foi que cando, por iniciativa do Consello de Galiza (organismo representativo do exilio republicano e galeguista en América) en 1956 se celebrou o Congreso da Emigración Galega en Buenos Aires, entre os varios relatorios enviados desde Galicia, sobrancea o titulado “A defensa do idioma, vencello espiritual de todos os galegos”, que redactou Ramón Piñeiro (incluído no volume *Olladas no futuro*, páxinas 95-104), probablemente o máis sensibilizado para a lingüística e a filoloxía de entre os integrantes do grupo. Neste escrito propónse un plan para a creación dun Padroado da Lingua Galega e a elaboración dun gran dicionario. A finalidade deste Padroado, integrado por representantes da emigración e da Galicia metropolitana, sería ‘artellar a adecuación entre os medios económicos e mailos medios técnicos que se precisan’ para cubrir unha serie de obxectivos relacionados co cultivo e estudo da lingua, entre os cales salienta pola súa urxencia a elaboración do tal dicionario, e quizais a esta prioridade (e talvez tampouco ás directrices para a súa elaboración) non sexan alleas os consellos de Rodrigues Lapa (véxase a cita que reproducimos máis arriba). Os materiais que o integrarían procederían de dúas fontes: as histórico-literarias e a lingua falada. Pero os traballos previstos para a preparación do tal dicionario xa implicaban de feito a formación dun equipo de especialistas en lingüística e filoloxía galega.

Véxase senón o programa previsto. Debería comezarse pola publicación rigorosa dos materiais lexicográficos, nunha serie ordenada de diversos tipos de traballos: a) documentos medievais, que aparecerían nunha escolma de varios volumes, b) obras literarias, especialmente medievais, c) vocabularios elaborados por distintos estudosos desde o século XVIII (Sarmiento, Sobreira, Pintos, Leiras Pulpeiro, etc.), e incluíndo o de Eladio Rodríguez “que constitúe unha verdadeira enciclopedia da vida galega”.

Canto á lingua falada, era urxente a recolla do vocabulario mariñeiro, agrícola-gandeiro e vinícola, con monografías representativas das distintas bisbarras galegas; non se debía esquecer o riquísimo tesouro paremiolóxico aínda vivo nos beizos do pobo. Notemos que, ante a imposibilidade de dar cabo (nin sequera emprender) a uns labores tan ambiciosos, Galaxia decidiu abordar a edición do *Diccionario enciclopédico gallego-castellano* en tres volumes (1958-61), arranxado por un equipo encabezado por Piñeiro a partir dos abundantes materiais legados por Eladio Rodríguez González, co soporte económico da emigración galega en Venezuela.

#### A PENZOL EN PROXECTO. UN CENTRO DE APOIO Á INVESTIGACIÓN SOBRE A CULTURA GALEGA

Practicamente ao mesmo tempo que se propuña a creación do dito Padroado, e probablemente como desenvolvemento desa mesma idea —ou quizais cun perfil complementario do anterior—, Piñeiro está proxectando a creación dun centro de investigación que pule pola constitución dun campo de estudos galegos. Así, o lancará escribendo nunha carta a Francisco Fernández del Riego, datada o 25 de xuño de 1956:

Falamos [con Ricardo Carballo] de que conviña comezar unha nova etapa de Galaxia: a da investigación cultural. A base fundamental para esta etapa será o gran centro bibliográfico que reuniremos coa integración das bibliotecas de Martínez López e mais de Penzol. Con todo, mentres este centro non funciona, cómpre comezar igualmente a laboura. Organizaremos unha especie de prestación bibliográfica colectiva, podéndosele facilitar a cada investigador (que traballe para Galaxia) os elementos necesarios para o seu labor. Galaxia pode establecer este servizo. Contando con el, Carballo comprometeuse

a unha empresa de gran alento: a elaboración dunha *Historia crítica da literatura galega*<sup>3</sup>.

Efectivamente, para a realización da *Historia da literatura galega contemporánea*, un dos contributos capitais de Carballo á cultura galega, e ao tempo unha das obras máis representativas do conxunto da xeración Galaxia, cuxa primeira parte viría a lume en 1962<sup>4</sup>, Ramón Piñeiro e Francisco Fernández del Riego teceron unha rede de apoio bibliográfico, no centro da cal estaba o segundo, tal como lle di don Ricardo a don Paco (se se nos permite utilizar as denominacións que decote empregamos os que fomos e aínda nos seguimos considerando discípulos directos de entrambos): “Piñeiro comunícame que fica centralizado en ti o servizo de provisión de materiais”<sup>5</sup>.

Como se ve pola cita anterior, don Ramón (Piñeiro) xa prevé que se debe crear unha biblioteca galega, que tería como núcleo as de Ramón Martínez López e Fermín Penzol. De feito, o proxecto xa viña de antes: “Faleille”, cóntalle a del Riego a mediados de 1955, “a Fermín do proxecto de xuntar a biblioteca del

3. Fernández del Riego, Francisco. *Un epistolario de Ramón Piñeiro*, p. 110; deica en diante citaremos Piñeiro, *Epistolario*.

4. Carballo tamén se refire ao papel de Piñeiro na xénese da súa obra, pero debe trabucarse na data cando lembra no prólogo á terceira edición de esta obra, asinado a finais de 1979: “Desde o día do ano de 1953 —se non me trabuco— en que Ramón Piñeiro me visitou en Fingoy para solicitar de min formalmente que puxese —como inmediatamente fixen— mans nesta obra, a historia da literatura galega, a historia da lingua galega, a historia de Galiza e a miña propia humilde historia atravesaron por tantos días e traballos...”

5. Ricardo Carballo Calero, *Epistolario a Fernández del Riego* cartas do 3 e do 13-VIII-1956, a cita é a p. 178. Doravante, citaremos Carballo, *Epistolario*.

e maila de Martínez López nun centro bibliográfico vencellado a Galaxia. Pareceulle moi ben e aceptou a idea”<sup>6</sup>. A correspondencia entre Piñeiro e Penzol desde 1955 ata 1962, recentemente depositada na Biblioteca Penzol e aínda inédita, xira en boa parte arredor da adquisición de fondos para esa biblioteca, xa que o primeiro actúa como axente de adquisicións bibliográficas (probablemente o principal) do segundo. A necesidade dese centro bibliográfico que servise de apoio indispensable para a creación dun campo especializado de estudos galegos, nomeadamente no campo da lingüística e a filoloxía, queda novamente de vultocando Carballo Calero afronta a tarefa de redactar a súa *Gramática*<sup>7</sup>, novamente por encargo de Galaxia:

Xa que anunciades a miña *Gramática* terei que pensar en facela. Conviría que me mandarás todo o que teñas de antecedentes, pois eu carezo de libros de filoloxía galega. Xa lle dixen a Piñeiro que había que me fornecer dunha pequena biblioteca filolóxica (Carballo, *Epistolario*, carta do 22 de decembro de 1963, cita da p. 379).

A correspondencia de Piñeiro con Del Riego é rica en novas pormenorizadas da evolución do proxecto da Biblioteca Penzol. Así, por referirnos aos momentos próximos á súa inauguración, nunha carta de 5 novembro 1962 lese “tal como quedamos, fun falar co Penzol. Está completamente de acordo en facer decontado o traslado da biblioteca. Eu estou disposto a axudar a preparar os paquetes, e logo teredes que mandar aí unha camioneta para os trasladar” (Piñeiro, *Epistolario*, p. 194). Noutra de 3 de decembro do mesmo ano, escribe “tratarei decontado de falar con Fermín

6. Carta de 24 de agosto de 1955, en Piñeiro, *Epistolario*, p. 100.

7. A *Gramática elemental del gallego común* viría a lume en 1966, con segunda edición en 1968, e sucesivas edicións nos anos 70.

para concretar o traslado da biblioteca. O que si me parece francamente descomunal é o custe das obras de acondicionamento do local”<sup>8</sup>. E o 4 de xullo de 1963 “mentres eu estaba na Coruña, o Penzol chamou por teléfono para informar de que onte mesmo recollera a axencia os libros para seren trasladados a Vigo” (*ibidem*, p. 201).

Ao tempo, non se pode esquecer que no mesmo ano de 1963, e moi pouco despois da inauguración da Penzol, é botada ao mar, tamén dos estaleiros de Galaxia, outra das grandes naves singradoras da cultura e dos renacentes estudos galegos daqueles anos: a revista *Grial*, fiel e moitas veces senlleiro testemuño de proxectos emprendidos, resultados conseguidos e relacións que se ían tecendo; en definitiva, das dificultades e avances da cultura galega, en particular nas décadas de sesenta e setenta.

#### FILOLOXÍA GALEGO-PORTUGUESA E LIGAZÓNS CO ÁMBITO LUSO-BRASILEIRO

A preocupación de Piñeiro —no seu papel de experto na adquisición de fondos— polo arrequentamento da Penzol será constante, e adoito un dos focos principais da súa atención é a lingüística e a filoloxía, con especial énfase no ámbito luso-brasileiro. Así, escíbelle a Del Riego en 1962:

No Brasil publicou Celso Ferreira da Cunha unha importante obra filolóxica sobre Martin Codax. Esta obra non a ten Penzol. En cambio, debemos de a ter a disposición dos investigadores galegos. Coido que deberas encargarlle a Landeira, indicándolle que é para a Biblioteca Penzol. E aínda poderías

8. *Idem*, p. 195; segunda aprendemos pola mesma correspondencia, esas obras de acondicionamento correron a custa doutro mecenas da cultura galega da resistencia: Antonio Fernández.

confiarlle o encárrago de que adquira aquelas obras máis importantes de filoloxía lusa que teñen relación coa cultura galega e que poidan servir de instrumentos de traballo aos nosos investigadores” (Piñeiro, *Epistolario*, carta de 13 de novembro 1962, cita da p. 195).

As mesmas inquedanzas e idénticas prioridades manteranse despois de inaugurada a Biblioteca. Como mostra, unha misiva un par de anos posterior á que acabamos de citar:

Como queira que vas estar uns días en Portugal, podías botar unha ollada polas librerías de vello do Porto e mercar alí o *Dicionário* de Cândido de Figueiredo, o de Moraes ou o de Antenor Nascentes. Se non atopas ningún destes, na Livraria Académica anunciaban un *Dicionário Ethymológico* de J. da Silva Bastos e tráelo. Polo menos ter algún. Tamén nese mesmo catálogo vén anunciada a *Antroponímia Portuguesa* de Leite de Vasconcelos. Realmente deberíamos de mercala para a Fundación Penzol. O malo é que custa cincocentos escudos. Tamén hai que lle pedir a Buchholz o *Romanisches Etymologisches Wörterbuch* de Meyer-Lübke (Piñeiro, *Epistolario*, carta de 1 de agosto 1964, cita da p. 209).

Estoutra misiva dos mesmos correspondentes pon de vulto os criterios de prioridade na adquisición de fondos, ao tempo que dá testemuño (igual cá que acabamos de citar) da larga xenerosidade do patricio Penzol, que tamén seguiu viva despois da inauguración da Biblioteca:

Hoxe recibirás un xiro telegráfico de Fermín Penzol. Manda oito mil pesetas para adquirir a colección d’*A Nosa Terra*. Se a podes sacar nas sete mil, como che prometeu o Fabeiro, as outras mil véñennos ben para mercar o *Dicionario Etimológico*

de Meyer-Lübke e mais un bo dicionario portugués (Piñeiro, *Epistolario*, carta de 10 de xuño de 1964, cita da p. 208)

O persoeiro escollido para acto tan emblemático como a encarga de proferir a conferencia inaugural da Biblioteca Penzol, celebrada o 6 de maio de 1963, foi o filólogo lusitano Manuel Rodrigues Lapa e este escolleu como tema da súa disertación a achega da escola italiana aos estudos da lírica trobadoresca galego-portuguesa, baixo o título *Os romanistas italianos e a literatura medieval galego-portuguesa*<sup>9</sup>. Aínda que xa temos algunhas pistas para explicarmos a escolla do palestrante, agora imos afondar na significación desta e mais na do tema elixido.

As estreitas relacións dos galeguistas con Lapa, unha das figuras máis importantes da filoloxía portuguesa do século XX, viñan de vello, de feito, xa de antes da Guerra Civil, pois este participara nunha homenaxe a Castelao en Lugo en 1932, que lle deixara unha impresión indeleble<sup>10</sup>. O profuso e interesantísimo epistolario do filólogo de Anadia con Del Riego ofrece un rexistro veraz e detallado desa relación desde 1950. Se damos creto a ese rexistro, o ambicioso proxecto de edición das *Cantigas d'escarnho e maldizer*, o contributo máis importante que produciu Lapa e un dos monumentos maiores de filoloxía galego-portuguesa, rexurdiu na súa mente co gallo do pedido de Galaxia, en 1951, para que escribise un prefacio á antoloxía literaria medieval arraxada por Xosé María Álvarez Blázquez, a que antes xa

9. Noticia do conferencia, con resumo do seu contido, en *Grial* 3 (1964), pp. 131-32.

10. Lapa publicara unha crónica deste feito, cunha ampla referencia ao álbum *Nós* de Castelao, na revista *Seara Nova*, unha publicación de orientación democrática e progresista que acolleu colaboracións dos galeguistas durante a década dos '50. O texto de Lapa foi despois incluído na súa colectánea *Estudos Galego-Portugueses* (1979).

nos referimos: “o seu estudo me despertou a velha ideia da edição das cantigas de maldizer [que é] o osso mais duro de roer dos Cancioneiros” (Lapa, *Cartas*, carta do 22 de decembro de 1951, p. 53). A partir dese momento, e sobre todo de 1956 en diante, na dita correspondencia pode seguirse todo o proceso de elaboración e finalmente da edición das *Cantigas d'escarnho e maldizer*, obra custeada enteiramente por Galaxia pero realizada pola tipografía da Editora Atlántida de Coimbra, baixo a supervisión directa do seu autor<sup>11</sup>. O libro viría finalmente a lume en febreiro de 1965, dedicado polo seu autor “Á Galiza de sempre, raiz anterga da nosa cultura, adico afervoadamente iste libro”<sup>12</sup>.

11. Na páxina 127 da colección epistolar con Del Riego explica os problemas que presentaría a edición en Galicia: “Tenho pensado muito na edição das Cantigas de maldizer, que interrompi por estar a fazer uns livros para o Brasil. A minha promessa de entregar a edição a Galaxia está em pé: só tenho uma palavra. Mas há dificuldades que teremos de vencer. Primeiramente, é necessário ver se a Censura espanhola autoriza a edição... Em segundo lugar, há o problema da revisão, que me preocupa imensamente... Julgo pois que a esta deve ser feita com o tipo manual, novo, e não em máquinas de compor. Aliás, hão de ser fundidos tipos especiais, sob a minha indicação. Considero esta a grande dificuldade” (carta de 27 de marzo de 1957). Nunha carta de 15 de novembro de 1958, xa fala da conveniencia de acudir á tipografía Atlántida, “que tem tipo ajeitado à língua” (*ibidem*, p. 137).

12. Consulta sobre a dedicatoria a Del Riego en Lapa, *Cartas*, p. 217. No *Grial* 2 (1963), pp. 221-22, ponse de vulto a xustificada fachenda de Galaxia por esta edición, que era contemplada non só como un logro académico, mais como unha empresa internacionalmente prestixiadora da lingua, a cultura e a propia editora galegas: “Quizaves en ningunha lingua do mundo se insultou tan ardidamente, con tanta ira e sabor, e se ispiu ó home con máis aceirada, irónica, mergurada lingua. Nunca houbo linguas tan libres e acedas ... Xa se están imprimendo as *Canti-*

De por parte, a mesma correspondencia de Lapa con Del Riego dá conta do interese con que o primeiro seguiu todo o proceso de xestación da Biblioteca Penzol. O ilustre mestre recibe noticia da doazón da biblioteca tan cedo como 1957 (*Cartas*, p. 126), e en novembro de 1961 escribe desde o Brasil, apuntando de novo ao vello e acariñado proxecto dun centro de estudos galegos:

Meus parabéns pela instalação da Biblioteca Penzol [...]. Isso pode muito bem ser, deve ser, o núcleo de um grande Centro de Estudos Galegos, orientado para a investigação de todos os problemas da Terra. Quando regressasse e aí estivesse, gostaria de já encontrar o Centro em pleno funcionamento. Podem contar inteiramente comigo (Lapa, *Cartas*, p. 173).

Xa que logo, ao longo das décadas dos 50 e 60 os vincallos do profesor portugués cos galeguistas de Galaxia non fixeron máis ca estreitarse. Nesa devoción de Lapa por Galicia e o galeguismo non conta unicamente o vello vencello sentimental que viña das saudades dos tempos de pre-guerra senón tamén da posición relativamente periférica na que se atopaba daquela en relación ao mundo académico portugués, pois fora arbitrariamente privado do seu posto docente e expulso da Universidade de Lisboa en 1935, como represalia político-académica

*gas d'escarnho e maldizer*, e dos máis altos centros universitarios europeos e de América chegan á editorial Galaxia solicitús de exemplares. Os nomes máis importantes da filoloxía románica louvan o espléndido propósito editorial e agardan con impaciencia o intre de ter nas súas mans o grande monumento satírico, sin dúbida impar na literatura universal... A publicación disas cantigas era obrigada, e sin dúbida a maior aportación ó conecemento da literatura medieval de Occidente realizada nos derradeiros tempos”.

ao seu posicionamento democrático e o seu talante crítico. No fondo, tratábase da íntima solidariedade política, moral e mesmo afectiva dun liberal portugués compañeiro na desgraza dos galeguistas demócratas, un e os outros tentando sobrevivir baixo a gadoupa de ditaduras reaccionarias e (non só culturalmente) miserentas, que os relegaban, tanto a Lapa coma aos galeguistas, á pura marxinalidade. No caso de Lapa, a unha marxinalidade política e académica, no caso dos galeguistas, a unha marxinalidade aínda máis radical e extrema: lingüística, cultural e, finalmente, nacional. Sexa como for, tratábase do encontro dunha periferia con outra periferia. Outramente, sería difícil de explicar que un *opus magnum* da filoloxía académica coma as *Cantigas d'escarnho e maldizer* acabase caendo nas mans (amorosas, pero moi modestas) dunha editora finistérrica coma Galaxia.

De máis a máis, non hai maneira de explicar a magnífica acolida que se lle ofreceu en Galicia ao profesor repudiado polo sistema universitario salazarista, cálido acollemento que contrastaba coa súa incómoda situación en Portugal<sup>13</sup>. Por sinal, o número 4 de *Grial* (1964), o principal voceiro do grupo Galaxia, élle dedicado con toda devoción, encabezado por un laudatorio editorial en que Lapa aparece investido como “Galego *honoris causa*”, seguido dun demorado e aceso perfil biográfico asinado por *Salvador Lorenzana*, ben coñecido pseudónimo de Francisco

13. Boa mostra desta incomodidade, así como das incompreensións con que batía a cultura de expresión galega nos medios académicos ‘oficialistas’ da Universidade portuguesa, ofrécena as vicisitudes que tivo que correr a celebración dunha “Semana cultural galego-portuguesa” en Coimbra, que non puido realizarse ao abeiro da Universidade por culpa da oposición dunha “pandilha reaccionária” de profesores, entre os que se contaban Paiva Boleo e Costa Pimpão (segundo Lapa: véxase nas súas *Cartas*, as enviadas de agosto de 1970 a xaneiro de 1971, nas páxinas 298-313, a cita é da p. 305).



Fernández del Riego, revestido para a ocasión da obvia función de voceiro autorizado do grupo. En definitiva, o caso é que, dada a carencia de especialistas galegos na materia, o profesor portugués se tornara nunha especie de preceptor ou consultante do grupo galeguista en materia de filoloxía e literatura medieval galego-portuguesa.

Pero tamén, nesa condición, Lapa serviu de enlace internacional da cultura de noso, tanto cos medios universitarios especializados da Italia (nomeadamente Giuseppe Tavani e Luciana Stegagno Picchio: “os italianos precisam de conhecer a Galiza [...] preparem-se para receber essa gente”, escribe Lapa en 1963<sup>14</sup>), canto cos brasileiros, concretamente cunha das figuras máis relevantes da filoloxía e a lingüística do Brasil, Celso Ferreira da Cunha<sup>15</sup>, e mesmo cos dos Estados Unidos, con figuras tan notables como Alberto Machado da Rosa e o propio galego exiliado Ernesto Guerra da Cal<sup>16</sup>. Todos eses nomes teñen unha

14. Estes mestres italianos aparecen por primeira vez na correspondencia de Lapa con Del Riego en carta de 18 de xullo de 1962 (Lapa, *Cartas*, p. 180). A cita que damos no texto é da mesma obra, páxina 195.

15. Xa en 1953, Lapa servira de contacto a Celso Cunha para conseguir copias de cadanseu artigo de Armando Cotarelo e de Aquilino Iglesia Alvariño sobre o nome de Martin Codax, copias que lle foron facilitadas por Xosé María Álvarez Blázquez (Lapa, *Cartas*, p. 83). En setembro de 1957, o de Anadía anuncia unha viaxe do Cunha a Galicia, que finalmente non se produciu (p. 130).

16. Véxase respectivamente cartas de 28 de decembro de 1954, p. 105 (“Dou-lhe uma curiosa novidade. Há dias, indo a Coimbra [...] mostrou-me um estudo bem documentado sobre Rosalia de Castro, da autoria dum professor português nos USA, Alberto Machado da Rosa...”), e de 15 de novembro de 1958, p. 136: “A inesperada visita que tive ontem de um professor galego, Guerra da Cal, residente nos EE.UU., tornou forçosa esta carta de hoje”.

significación moi particular na rede de relacións exteriores tecida polos galeguistas de Galaxia, e varios deles teñen tamén unha grande importancia na historia da Biblioteca Penzol.

Abondará con lembrar as importantes doazóns que esta recibiu de fondos portugueses ofrecidos pola Fundação Calouste Gulbenkian en 1969<sup>17</sup>, ou a estadía de Celso Cunha en Vigo en 1976 para inaugurar o departamento bibliográfico brasileiro da Penzol, constituído con fondos doados pola Biblioteca Nacional do Rio de Janeiro e outras institucións e universidades do Brasil. Tamén foi iniciativa do grande Cunha o convite a Ramón Piñeiro a participar no Congreso Internacional de Filoloxía Románica de 1977, celebrado no Rio de Janeiro. De feito, o ilustre lingüista brasileiro foi un visitante relativamente asiduo de Galicia na década dos 80, e mesmo profesores daquela nos iniciabamos na nosa carreira tivemos a honra excepcional e o singularísimo pracer de coñecelo e tratalo en persoa.

Canto á escola italiana, Lapa soubo ver o formidable pulo renovador que viña da man da obra crítica aínda en primicia pero xa vizosa das que serían primeiras figuras dos estudos trobadorescos galego-portugueses, coma tal Valeria Pizzorrosso (que deu ao prelo *Le poesie de Martin Soares* no mesmo 1963), Guiseppe Tavani (a quen se deben, entre outras, as monografías e edicións *Lourenço: Poesie e tenzoni* e *Le poesie di Ayras Nunez*, entrambas vindas a lume en 1964) e Luciana Stegagno

17. Os tenteos coa Fundación Gulbenkian veñen duns anos antes. Na correspondencia de Piñeiro con del Riego, tan cedo como 1960 xa se fala de editar documentos medievais co patrocinio da Gulbenkian (Piñeiro, *Epistolario*, p. 177). Por parte, en 1963, Piñeiro comenta a Del Riego: “Tamén está aquí o Guerra da Cal. Cómpre informalos axeitadamente da existencia de plans da Fundación Penzol e, na medida que resulte posible, avencellar a esta coa Gulbenkian” (Piñeiro, *Epistolario*, p. 201).

no Picchio (autora, entre outros, do influente estudo “In margine all’edizione di antichi testi portoghesi”, 1960). As páxinas de *Grial* ofrecen testemuño puntual desas relacións, pois nelas Lapa pasa revista a varias desas novidades bibliográficas<sup>18</sup>. Lapa coñecía de primeira man boa parte desas obras xa cando deu a palestra inaugural da Penzol, en 1963, ben porque colaborase na orientación dalgún deses traballos, ben porque participase en tribunais académicos que os xulgaron. Na correspondencia do filólogo luso hai noticias tan curiosas, e ao tempo tan significativas do seu papel neses contactos, coma a daquela persoa que lle contou “que estava aí uma senhorita italiana fazendo estudos na Fundação Penzol. Vejo nisto, sem vaidade, o resultado da minha insistência junto dos professores Rossi, Pellegrini e Tavani para mandarem estudiosos à Galiza e não só a Portugal (Lapa, *Cartas*, carta de 19 de agosto de 1964, p. 210).

As relacións cos brillantes e daquela noveis filólogos italianos darían froito logrado décadas máis tarde, pois os vencellos dos galeguistas, tanto de Galaxia canto da Universidade de Santiago, coas principais figuras da escola filolóxica italiana, coma o entrañable e admirado Giuseppe Tavani (que sería distinguido co mercedísimo nomeamento de doutor *honoris causa* pola *alma mater* compostelá) e a saudosa e maxistral Luciana Stegagno, se foron estreitando tanto no terreo académico coma no humano, dando azo a vizosas colaboracións de distinto tipo, en moitos casos coa Editorial Galaxia e a Biblioteca Penzol mediante. Neste

18. A edición do xogar Lourenço por Tavani é recensionada en *Grial* 10 (1965), pp. 486-88, a obra de Luciana Stegagno Picchio en *Grial* 11 (1966), pp. 108-10, e o Ayras Nunez en *Grial* 22 (1968), pp. 482-85. As colaboracións de Lapa en *Grial* son abundantes na década dos sesenta, e case sempre tocan temas trobadorescos, desde as *jarchas* (nº 7, 1965) ata o estudo sobre Lopo Lias (nº 12, de 1966 e nº 16, de 1967), pero tamén tratan doutros temas.

intre acoden á mente unha morea de imaxes e momentos inesquecibles na compañía dos mestres italianos con Ramón Piñeiro, Carlos Casares e outros amigos finados na Compostela dos anos oitenta.

## NOVOS TEMPOS

Como é sabido, a Fundación Penzol estruturouse en tres seminarios de estudos galegos: de ciencias históricas, de ciencias filolóxicas e lingüísticas, e de ciencias económico-sociais. Estes seminarios dispuñan de bolsas para estudantes das respectivas especialidades na Universidade de Santiago, nalgún caso sufragadas por Antonio Fernández (que, como xa sinalamos, tamén financiara os custos de instalación da biblioteca e acondicionamento do espazo que esta ocupaba)<sup>19</sup>. Unha das bolseiras máis antigas debeu ser Carmen Enríquez Salido, favorecida cunha axuda no verán de 1966, por recomendación expresa e baixo a orientación de Ricardo Carballo Calero (Carballo, *Epistolario*, carta de 16-VII-1966, p. 412). Publicacións dos dous primeiros son:

Ferro Couselo. *A vida e a fala dos devanceiros*, 2 vols., 1967 (Seminario de Estudos Históricos).

Aníbal Otero. *Contribución al diccionario gallego*, 1968 (Seminario de Estudos Filolóxicos y Lingüísticos).

19. Dá a impresión que Antonio Fernández decidiu concentrar o seu xeneroso mecenado na Penzol, pois o Centro de Estudos Fingoy, que el sufragaba, só chegou publicar en forma de volume, que saibamos, os *Contos populares da provincia de Lugo* (1963), recollidos por Bernardino Graña, e o *Cancioneiro de Pero Meogo* (1966), editado por Xosé Luís Méndez Ferrín.

Ramón Lorenzo. *Sobre cronología do vocabulario galego-portugués*, 1968 (Colección Filolóxica).

Arlene T. Lesser. *La pastorela medieval hispánica: pastorelas y serranas galaico-portuguesas*, 1970.

Xoaquín Lorenzo Fernández. *Cantigueiro popular da Límia Baixa*, 1973.

Secomasí, ao longo da década dos sesenta e primeiros anos dos setenta, a institucionalización dos estudos galegos deu pasos moi importantes nun ámbito de importancia fundamental, como é o universitario. Dunha banda, en 1962 créase a sección de Filoloxía Románica da Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Santiago, sección encabezada desde 1966 por Constantino García González, e que comeza a ofrecer aos mozos e mozas investigadores unha sólida formación científica nos dominios da lingüística e a filoloxía, e en 1971 fúndase o Instituto da Lingua Galega, que deu un pulo decisivo á lingüística galega. Doutra banda, en 1965 introdúcese as materias de lingua e literatura galegas na universidade compostelá, e no curso 1965-66 Ricardo Carballo Calero comeza a facerse cargo da docencia desas materias; en 1972 don Ricardo gañaría a praza de catedrático.

Coa implicación das institucións públicas no terreo dos saberes galegos, aínda que inicialmente limitada e moi cautelosa, o papel do mecenado privado iría pasando a un segundo plano. De todos os xeitos, a Biblioteca Penzol, co seu riquísimo fondo galego e luso-brasileiro e coas facilidades que sempre ofreceu e segue a ofrecer o seu persoal técnico a cantos investigadores e investigadoras nos achegamos alí ou solicitamos calquera tipo de consulta, non deixou de ser un centro de referencia indispensable a toda persoa que se dedica a aqueles estudos ■



Gravado en madeira de Luís Seoane, 1972

## A Editorial Galaxia e a Fundación Penzol

### GALEGUISMO CIVIL

Víctor F. Freixanes

Cando o 25 de xullo de 1950 se celebrou nos baixos do Hotel Compostela a primeira asemblea de socios e amigos, antigos membros do Partido Galeguista e das Mocidades Galeguistas case todos eles, para constituír a Editorial Galaxia, nacíu daquela a iniciativa máis sobranceira do galeguismo civil da posguerra. Galeguismo civil. Velaquí un cualificativo que quixera salientar, pois define as características esenciais (e estratéxicas) dun proxecto que había de marcar, e marca aínda, o desenvolvemento da nosa cultura contemporánea. Galeguismo civil. Galicia carecía naqueles momentos de institucións de autogoberno, tampouco contaba con outra caste de iniciativas ao servizo da súa identidade nacional e da súa cultura, frustrado o proxecto histórico da autonomía republicana de 1936, polo que Galaxia, no marco de posibilidades que a circunstancia histórica ofrecía (a creación dunha sociedade anónima de carácter mercantil), concibíase coma unha plataforma de expresión, organización e difusión do discurso do galeguismo nos tempos difíciles que tocaba andar, desartelladas ou aniquiladas as formas de organización anteriores ao levantamento militar (Partido Galeguista,

Seminario de Estudos Galegos, Editorial Nós, etc.) ou forzadas a resistiren no exilio.

Editorial Galaxia xurdiu da iniciativa dun grupo de persoas cun plan perfectamente deseñado, meditado dende as organizacións da resistencia interior ao novo réxime, a prol da restauración de fórmulas de expresión e difusión da cultura galega, tamén da política galeguista, aínda que a súa realización se vise logo condicionada polo contexto e os distintos períodos nos que lle tocou desenvolverse: a reconstrución e modernización do discurso da cultura e da lingua, empatando por unha banda coa tradición anterior (Irmandades da Fala, Xeración Nós, Seminario de Estudos Galegos) e comprometida coa continuidade cara ás xeracións novas que, chegado o momento, habían de estar en condicións de tomar o relevo, sempre coa esperanza (case diríamos coa fe) de que arribasen tempos mellores, no horizonte dunha sociedade democrática que, ademais, recuperase as institucións de autogoberno que noutrora non se lograran.

Escribe Ramón Piñeiro: “O desenvolvemento da cultura galega no século XX podémolo dividir en dúas etapas, unha que vai do ano 16 ao 36 e outra que vai do 50 ao 75. A primeira etapa está impulsada pola creación das Irmandades da Fala en 1916 e ten como característica xeral o esforzo pola revalorización cultural da lingua, á procura dunha cultura galega desenvolta na lingua dos galegos. Os fitos máis importantes desta etapa son a revista *Nós*, o Seminario de Estudos Galegos, a editorial *Nós*, a revista *Logos*... Hai certamente outros feitos importantes, mais limitámonos a sinalar aqueles que acadaron maior significación e influencia. Esta etapa interrómpese no 36. Desde o 36 ao 50, data que podemos sinalar para o comezo da segunda etapa, ocorre a guerra civil española e, a continuación, a guerra mundial. As mutacións producidas por estes dous feitos históricos afectan profundamente á vida das culturas e, naturalmente, tamén á da nosa, que se ve reducida ao silencio. Despois destes catorce anos de tremendos cambios en todo o mundo, a vida cultural galega

xorde de novo. Escollemos como data simbólica desta nova etapa a da fundación da editorial Galaxia, xa que a súa actividade cultural veu ter un papel impulsor de enerxías creadoras semellante ao das Irmandades da Fala no ano 16”.

O texto de Ramón Piñeiro é do ano 1975 (*Almanaque Galaxia*) e a cita vén a conto polo que significa de contextualización da iniciativa que comentamos: un plan conscientemente deseñado a prol dos obxectivos apuntados, empatando coa tradición histórica do galeguismo (a xeración Nós) e proxectado cara ao futuro. Resistir e sementar, reorganizando (ou recuperando) na medida do posible os espazos perdidos, e mesmo creando, tamén na medida do posible, espazos novos para a acción.

Certo que existía a Real Academia Galega, mais en condicións ben precarias, desarborada, entregada a unha situación de subsistencia que coutaba calquera actuación ou posicionamento próximo ao que os promotores de Galaxia podían desexar (acción do galeguismo civil: cultural e político). En 1944 constituírase, asemade, o Instituto Padre Sarmiento e, posteriormente, en 1948, a Sociedade de los Bibliófilos Gallegos, institucións promovidas por sectores da intelectualidade galeguista que colaboraban co novo réxime. Algunhas personalidades do galeguismo histórico entraron a formar parte destes proxectos, que pretendían ser continuadores do espírito do Seminario de Estudos Gallegos, desmantelado despois da Gerra Civil, pero o proxecto que encarnaba Galaxia era outra cousa. Galeguismo civil, na resistencia interior á ditadura.

En 1957, diante dunha representación dos exiliados de Buenos Aires (Consello de Galiza), advertía Ramón Piñeiro en Compostela: “Cada vez máis (as autoridades políticas do Réxime) tratan de poñer obstáculos e tropezos a un labor que eles consideran —con razón— que é un labor esencialmente político. Actualmente está en curso unha batalla política entre o galeguismo e mailo poder franquista, batalla que se libra no terreo cultural”. A Editorial Galaxia e a revista *Grial*, reprimida polas novas au-

toridades na súa primeira saída, eran naquel momento as principais plataformas desta actuación, que podemos concretar en catro puntos básicos:

Reconstrución cultural do galeguismo interrompida pola Guerra Civil: Irmandades da Fala e Xeración Nós fundamentalmente, deitando pontes co exilio (actuación na que ten un papel sobranceiro Francisco Fernández del Riego) e mais contando coa lexitimidade que representaba o plebiscito do Estatuto de Autonomía de 1936.

Afirmación da cultura e a lingua galega como lingua de prestixio, á par de calquera outra lingua ou cultura occidental. O europeísmo foi un principio básico do proxecto de Galaxia, dende o primeiro momento, que Ramón Piñeiro (director literario e estratega fundamental do discurso que salientamos) transmitiu con especial intención ás xeracións máis novas que pasaban pola súa casa compostelá de Xelmírez 15 (Ramón Lugrís, Franco Grande, García-Bodaño, Manuel Caamaño, Xosé Manuel Beiras...), discurso que enraizaba cos precursores da xeración Nós sobre todo (Castelao fala da Unión Europea en 1948; Adrián Solovio descobre Galicia viaxando por Europa na novela de Otero Pedrayo *Arredor de si*; Risco, Cuevillas...).

Recoñecemento intelectual da cultura galega, fuxindo dos esquemas folclorizantes á que a tiña sometida o novo réxime, procurando conexións co mundo exterior, intelectuais e escritores, moi especialmente da área luso-brasileira (Rodrigues Lapa, Celso Cunha).

Conexión e activismo cara ás novas xeracións: autores e autoras novos que se incorporan ao catálogo da editora e ás páxinas da revista *Grial* con textos de creación literaria, crítica, ensaio e traducións.

Recuperación progresiva das institucións culturais galegas (Real Academia Galega) e creación de novas plataformas insti-

tucionais de carácter civil: Fundación Rosalía de Castro (1947), Fundación Otero Pedrayo (1978), etc...

Nesta liña de actuación, escrupulosamente deseñada dende o grupo Galaxia, hai que entender a creación da Fundación Penzol en 1963.

En realidade, a actuación política do grupo, orientado por Ramón Piñeiro, mais no que participaban figuras sobranceiras como Ramón Otero Pedrayo, Manuel Gómez Román, Francisco Fernández del Riego, Xaime Isla Couto, Domingo García-Sabell, Emilio Álvarez Blázquez, Ricardo Carballo Calero e outros, mesmo enfiando a partir de 1963 cos intelectuais que empezan a regresar do exilio (Luís Seoane, Rafael Dieste, Eduardo Blanco Amor, Isaac Díaz Pardo) e que constitúen o Laboratorio de Formas de Galicia arredor do grupo O Castro-Sargadelos, a actuación estratéxica do grupo Galaxia, ollada agora coa perspectiva do tempo, ten tres etapas fundamentais.

A primeira etapa é de resistencia política e cultural. A cultura (a defensa da cultura galega) convértese na ferramenta básica para esa actuación, logo dos frustrados intentos de reorganización do Partido Galeguista na clandestinidade. Podemos datar este período entre 1950, data da fundación da editora, e 1963, data da iniciación da revista *Grial*, despois de vencer os atrancos iniciais coa censura do réxime, e mais a creación da Fundación Penzol (1963). Ese ano a RAG institúe o Día das Letras Galegas, a iniciativa de Fernández del Riego, Xesús Ferro Couselo e Manuel Gómez Román.

A segunda etapa, sen renunciar aos principios da primeira, oriéntase cara á recuperación das institucións culturais galegas, empezando pola estratexia de recuperación da Real Academia Galega para o galeguismo, proceso que xa se viña iniciando dende algúns anos antes, coa incorporación á institución académica de figuras comprometidas coa devandita causa, e que ten documentado con especial atención Xosé Luís Franco Grande nas

súas memorias (*Os anos escuros*. Galaxia, 2004), ao tempo que se avivan outras iniciativas, tal que as citadas Fundación Rosalía de Castro (coa compra e restauración da Casa da Matanza en Padrón, cuxo primeiro padroado había de presidir o catedrático e reitor da universidade de Santiago, Luís Iglesias) e a Fundación Otero Pedrayo, resultado da doazón testamentaria que o patriarca das Letras Galegas e primeiro presidente de Editorial Galaxia deixa á editora de todo o seu patrimonio artístico e documental. Na mesma liña de actuación debemos contemplar, animada neste caso polos exiliados que regresan de América, a creación do Laboratorio de Formas, o museo Carlos Maside, Ediciós do Castro, etc., nas que o grupo Galaxia tamén participa, así como a política de creación de asociacións culturais, que nos anos 70 había de tecer unha rede de activismo por todo o país e na que adquiren especial relevancia as novas xeracións galeguistas, moitas delas formadas ou orientadas polo labor de proselitismo da casa de Xelmírez 15 (domicilio de Ramón Piñeiro) e o labor da editora.

A terceira etapa, non por discutida dende algúns sectores da política galega menos importante, consistiu na recuperación (ou galeguización, no espírito da lexitimidade que confería o plebiscito autonómico da Segunda República) das novas institucións políticas do réxime democrático que se inaugura en España despois de 1978: o Estado das Autonomías.

A Fundación Penzol, iniciativa do rexistrador da propiedade Fermín Fernández Penzol-Labandera, antigo militante do Partido Galeguista na clandestinidade (*Santiago Pol*), mais impulsada pola visión estratéxica de Ramón Piñeiro e o grupo Galaxia, cómpre enxergala na segunda das etapas que salientamos.

Tratábase de constituír un fondo documental e bibliográfico, especializado na cultura galega e na memoria histórica do galeguismo, capaz de dar resposta ás necesidades dos novos tempos, na orientación estratéxica que o devandito grupo viña deseñando

dende a súa constitución. Para iso contábase coa importante colección de textos, libros e documentos de toda clase que Fermín Penzol fora reunindo ao longo de toda a súa vida, dende os seus anos mozos en Madrid. Ramón Piñeiro elabora un plan, que se discute nos consellos de Galaxia, para constituír unha fundación que, xerenciada dende a editora, se decide instalar na cidade de Vigo, en parte por estar nesta cidade a empresa editorial e en parte por non dispoñer Vigo de institucións desta fasquía. Na Coruña estaban os fondos da Real Academia Galega e o Arquivo Histórico de Galicia; Pontevedra dispoñía do importante fondo documental do Museo; Santiago de Compostela tiña a Universidade... Vigo, sendo a primeira cidade de Galicia, músculo económico e industrial, carecía de institucións deste tipo, polo que Fermín Penzol, de acordo con Galaxia, acorda establecer aquí a nova realización, logo de xestións promovidas por Antonio Fernández e Xaime Isla Couto diante da Caixa de Aforros Municipal, á que alugan os primeiros locais da rúa Policarpo Sanz, onde se instalan os fondos bibliográficos da nova empresa, catalogados e organizados por un equipo de especialistas dirixido xenerosamente pola arquiteira Olga Gallego.

A Fundación Penzol nace, xa que logo, no marco estratéxico do galeguismo resistente que comenza a materializarse a partir de 1950. Francisco Fernández del Riego, xerente de Galaxia, brazo executor de case todos os proxectos da editora naqueles momentos, convértese no primeiro director da biblioteca da Fundación e asume a administración, xerencia e mantemento da mesma. Non é posible entender a Fundación Penzol sen a achega xenerosa, incansable, apaixonada de Fernández del Riego, que desempeñou as súas funcións ata idade ben andada (xaneiro de 2010). Nas páxinas deste libro faise cumprida referencia ao seu labor. Da súa man, dende o primeiro momento, a Fundación Penzol convértese en obrigado espazo de consulta e referencia de cantos estudos ou investigacións teñen que ver coa nosa cultura e, ao mesmo tempo, depósito da memoria: tanto da memoria histórica

como da máis recente. Hoxe podemos dicir que é a institución privada máis importante no que se refire a fondos documentais, materiais diversos, bibliografía e fontes relacionadas coa nosa historia e a nosa cultura. A través dos seus fondos hemerográficos, metodicamente ordenados polo labor de Fernández del Riego e os seus colaboradores, podemos seguir o discurso do galeguismo do século XX, depósito de iniciativas moi diversas que, ao longo de todos estes anos, eran coidadosamente enviadas á Fundación para a súa conservación e custodia.

Noutro lugar dáse conta miúda da riqueza do patrimonio que a Fundación Penzol foi construíndo ao longo de todo este tempo, hoxe instalado na Casa Galega da Cultura da cidade de Vigo. De entre ese vizoso patrimonio, sen desmerecer achega ningunha, eu salientaría catro tipos de fondos de especial interese e mesmo orixinalidade, cando menos para quen isto subscribe. Achegueime por vez primeira ás instalacións de Policarpo Sanz contra mediados dos anos 70. Don Paco abría puntualmente as dependencias e atendía as demandas e a curiosidade dos visitantes, coa colaboración da inseparable Nancy.

Ademais do inxente material bibliográfico, tanto de carácter histórico como contemporáneo, constantemente actualizado, interesoume especialmente daquela o fondo documental, constituído en parte por unha xenerosa achega de correspondencia e noticias de figuras sobranceiras do galeguismo (Castelao, López Cuevillas, Villar Ponte, Rodrigues Lapa, Xohán Vicente Viqueira, agora tamén Ramón Piñeiro, Otero Pedrayo, o propio Fermín Penzol, Carlos Velo, interlocutores do exilio...), material só parcialmente difundido; o fondo que denominamos “literatura gris”: folletos, programas, almanaques, teses de doutoramento, actas ou comunicacións de congresos, textos aparentemente menores, mais que configuran a nosa intrahistoria contemporánea e que constitúen un material de extraordinario interese para estudosos e investigadores; a documentación oficiosa, moita dela pro-

cedente da clandestinidade (periódicos clandestinos, estatutos de organizacións da resistencia galeguista durante o franquismo, organizacións e movementos de base, a galeguización da liturxia, etc.) depositados nos seus correspondentes cartafolios e arquivos; e moi especialmente o seguimento hemerográfico da nosa cultura e da política galeguista e nacionalista, ordenada polo propio Francisco Fernández del Riego, nun labor constante, teimudo, metódico, que ofrece aos especialistas unha panorámica certamente extraordinaria para o seguimento da nosa historia máis recente.

Nada foi improvisado nin produto da casualidade. Cando en 1957 o grupo Galaxia presenta aos enviados do exilio o proxecto estratéxico en que estaban comprometidos (na famosa xuntanza da Rosaleda, en Santiago, onde se le o *Informe Compostela* que logo se envía a Buenos Aires), Ramón Piñeiro apunta sete obxectivos para a Editorial Galaxia. Sete misións, segundo as súas palabras. Miguel Barros estudou con detalle este documento (*Ramón Piñeiro e a revisión do nacionalismo, vol 2. Acción política*. Galaxia, 2009).

A cuarta das misións nas que se comprometía a editora (plataforma de acción política a través da acción cultural) era a de “organizar o estudo sistemático da realidade económica de Galicia, base imprescindible para concretar programaticamente, no seu día, a política galeguista”. Nesta liña xurdirá a *Revista de Economía de Galicia* (1958-1968), dirixida por Xaime Isla e á que se incorporaría despois, como subdirector, Xosé Manuel Beiras, unha das personalidades novas que se forman arredor do grupo. A quinta misión “era a de dotar a Galicia do máximo de autonomía cultural, creando centros de estudos e investigación nos que os nosos investigadores atopen os medios bibliográficos para levar a cabo os seus traballos”, e engade o documento: “para isto Galicia conta xa cunha das mellores bibliotecas galegas existentes...”

Daquela aínda non se inaugurara a Fundación Penzol, mais si estaban deseñados os seus obxectivos, de acordo co seu promotor e mecenas: Fermín Fernández Penzol-Labandera. Os fondos chegan a finais dos anos 50 e empezan a catalogarse entón, aínda que non se abrirían as instalacións de Policarpo Sanz ata o ano 1963.

A sexta misión de Galaxia, segundo o devandito documento de 1957, “era a de prestar alento moral e axuda material a aquelas persoas cuxa actividade ou vocación estea só ao servizo dos valores ou intereses de Galicia e carezan de medios necesarios para realizar o seu labor ou para adquirir a súa formación...” Bolsas, publicacións, apoio de todo tipo (moral e material, na medida do posible). Eis outro dos labores que a nova Fundación asume dende o primeiro momento.

Galeguismo civil. En tempos menesterosos, a cidadanía galeguista, minoritaria pero extraordinariamente activa, entusiasmada, “heroes calados” en palabras de Luís Seoane, construíu un proxecto coherente, estratéxico, meditado, a prol da recuperación da memoria e a dignidade: reconstrución da Galicia non derrotada, que apostaba polo futuro e non renunciaba a si mesma. Proxecto eficaz, materializado en actuacións concretas, iniciativas e resultados que son patrimonio común, a nación que construímos, e que outros, que veñen detrás, han ter agora o compromiso de arriquecer e continuar, coma o facho que se recolle e transmite. O que hoxe somos, sómolo en gran medida grazas a aquel labor xeneroso, mais perfectamente planeado, do que a Fundación Penzol constituíe unha parte fundamental. Escribía Xosé Manuel Beiras en 1972: “Nós nacemos e medramos nas tebras que o cubriron todo [...]. O noso futuro teríase desenvolvido ás atoutiñadas na escuridade dun país sen futuro ningún. Mais estabades vós, teimosos, afoutados, lúcidos...” (*Homenaxe a Fermín Penzol*, 1972) ■



O matrimonio Penzol,  
na compañía de Ramón  
Cabanillas, en Madrid,  
1953



Visita galeguista a Otero Pedrayo en Trasalba en 1958. Fermín Penzol no centro,  
detrás de Xaime Isla



Con Ramón Piñeiro e os irmáns Pérez Prieto en Castropol, 1958



Ramón Piñeiro, Penzol, Isabel López, Blanca Jiménez e Nina Epton en Madrid, nos anos 60



Con Ánxel Fole, Celestino Fernández de la Vega e Ramón Piñeiro en Lugo, 1960



Visitando a Manuel Rodrigues Lapa en Anadia, acompañado de Francisco Fernández del Riego, Ramón Piñeiro, Xosé Luís Franco Grande, Blanca Jiménez, Evelina Hervella, Marino Dónega, Xosé Manuel Beiras e Ricardo Carballo Calero, 1967



Co equipo Editorial de Galaxia e as súas primeiras publicacións. De esquerda a dereita Emilio Álvarez Blázquez, Sebastián Martínez-Risco, Ramón Piñeiro, Domingo García-Sabell, Ramón Otero Pedrayo, Xesús Ferro Couselo, Manuel Gómez Román, Agustín Sixto Seco, Xaime Isla Couto, Fermín Penzol, Ricardo Carballo Calero, Antonio Fernández López, Ramiro Isla Couto e Francisco Fernández del Riego




No castelo de Monforte de Lemos con Ramón Piñeiro, Cesáreo Saco, Isabel López e Blanca Jiménez




Con Ramón Piñeiro, 1970



Con Francisco Fernández del Riego. Ao fondo, Marino Dónega




Con Marino Dónega, Felipe Fernández Armesto (*Augusto Assía*) e Luís Seoane  
(autor da caricatura adxunta) en Vigovidín







Con Xesús Bal y Gay, Álvaro Gil e Isaac Díaz Pardo en Sargadelos, 1970



En 1956 fai entrega simbólica do seu patrimonio bibliográfico-documental a Editorial Galaxia, paso previo á constitución da Fundación Penzol

# INAUGURACION DE LA BIBLIOTECA PENZOL

## Lección del profesor Rodrigues Lapa sobre "Los romanistas italianos y la literatura medieval gallego-portuguesa"

- ★ Nuestra cultura política está siendo más estudiada en Italia que en Galicia y Portugal
- ★ Esta Biblioteca puede ser un instrumento de renovación de la cultura gallega



El intelectual portugués profesor Rodrigues Lapa, en un momento de su interesante conferencia, inaugural de las futuras actividades de la Biblioteca Penzol, iniciadas el domingo en nuestra ciudad.

Las doce de la mañana de ayer, y en una sala de estudio, pronunció una lección sobre el tema "Los romanistas italianos y la literatura medieval gallego-portuguesa", el ilustre filólogo, profesor Rodrigues Lapa. Se sentaron a su lado el presidente de la Real Academia Galega, señor Martínez Risco, y el presidente del Patronato de la Fundación Penzol, D. Ramón Otero Pedrosa. Se habían presentado los académicos de la Gallega, Sr. García Sabell, Carillón Calero, Pedro Cosmeo y Cuqueiro, y profesores ligados de toda Galicia para asistir al acto. De la Universidad de Santiago habían venido a Vigo dos docenas de estudiantes universitarios, interesados en los estudios de los que va a ser sede la Biblioteca Penzol. Entre el público, dando una nota de sencillez, y recibiendo emocionados felicitaciones y testimonios de gratitud, estaba el donador de la Biblioteca, don Fermín Penzol.

El señor Fernández del Riego, secretario del Patronato, pronunció unas breves palabras, saludando al Dr. Rodrigues Lapa y agradeciendo su desplazamiento a Vigo para pronunciar la lección inaugural. Explicó cuales serían las actividades inmediatas de la Biblioteca, con sus seminarios de Filología, Historia y Ciencias Sociales, y reconoció la gratitud de todos a Fermín Penzol.

**LA LECCIÓN INAUGURAL**  
El Dr. Rodrigues Lapa comentó: Deseando que Galicia represente, para los estudios culturales y lingüísticos portugueses, una importante novedad. Sin embargo, es imposible entender perfectamente Portugal, Galicia es el alma mater de la que se creó un espléndido cuerpo: Portugal, Brasil.

Entre los diez temas posibles para esta lección el Dr. Rodrigues Lapa eligió el del interés que está despertando en Italia el "viejo mundo gallego-portugés", y que acompaña a los estudios europeos de Filología

Románica. Ese interés de hoy continúa una tradición que se remonta al XIX: la actividad coleccionadora de Angelo Colocci, las ediciones de Monari y de Molteni, excelentes trabajos, en muchos aspectos todavía no superados. La revelación prodigiosa de nuestra lírica lírico entró en acción a los alemanes: Lang, Camillo Michaelis de Vascowelles, Nobling. Lang estudió las formas métricas, coincidiendo con el italiano Mussafia. Nobling estudió la personalidad del trovador, y es acaso el más amador de todos esos investigadores. Vienen después las ediciones de J. J. Nunes, maestro del propio Rodrigues Lapa. Para Nunes la poesía no vale por sí misma, es un mero pretexto filológico. Rodrigues Lapa reaccionó contra esa tendencia. Los trovadores no habían compuesto sus cantares para ser grabados a los profesores de Filología; trataban problemas humanos en sus versos, eran artistas conscientes, portadores de un mensaje. Debían ser tratados individualmente y con subordinación a criterios de estilo y de métrica.

Para Rodrigues Lapa, después de afirmar que en Filología el argumento menos válido es el de autoridad, a estudiar la contribución italiana contemporánea. Pellegrini, de Pisa, y Rossi, de Roma, aparecen a la cabeza; los siguen Sansone, de Bari, en



Debuxo das instalacións por Xaime Isla

Casa Bárcena, na rúa Policarpo Sanz de Vigo, primeira sede, en 1963, dos fondos da Fundación Penzol



Álvaro Cunqueiro, Francisco Fernández del Riego e Sebastián Martínez-Risco, presidente de la Real Academia Galega, con Manuel Rodrigues Lapa o día da inauguración



Foto colectiva na Alameda de Vigo de mozos e mozas asistentes a conferencia de Manuel Rodrigues Lapa, entre eles X. L. Méndez Ferrín, A. Santamarina, X. L. Rodríguez Pardo, Carlos Casares, A. López-Casanova e María X. Queizán, 1963

A Biblioteca inaugurouse en maio de 1963 cunha conferencia a cargo de Manuel Rodrigues Lapa (Faro de Vigo, 7-V-1963)



Francisco Fernández del Riego asumiu a dirección da Biblioteca dende os seus inicios ata xubilarse en xaneiro de 2010, data en que o sucedeu Xosé Francisco Domínguez



Reunión do padroado da Fundación Penzol nos anos 60. Entre os asistentes: Ramón Otero Pedrayo, Xesús Ferro Couselo, Xaime Isla, Ramón Piñeiro, Emilio Álvarez Blázquez e Francisco Fernández del Riego



Manuel Rodríguez Lapa impartindo un curso para universitarios en Santiago de Compostela promovido pola Penzol. Entre os asistentes figuran Antón Santamarina e Arcadio López-Casanova (Arquivo de A. Santamarina)



Ben-Cho-Shey na Biblioteca Penzol acompañado, entre outros, por Xoán Bernárdez, Xosé L. Méndez Ferrín, Alfonso Álvarez Gándara, Xesús Alonso Montero e Xosé M. Beiras (Arquivo de X. Bernárdez)

**FUNDACION PENZOL**

Cooperadores que ingresarán anualmente na c/c.

✓	D. Emilio Alvarez Blázquez		600,-
X	✓ D. Manuel Alvarez Tomé	(1967: 1.000,-)	1.200,-
X	✓ D. Antón Beiras García		500,- Ano 1966
*	X ✓ D. Angel Bernárdez Losada		200,- Ano 1966
*	D. Alvaro Domínguez Benavides	(10 (pensión = 100,-) m. a. m. 92.)	, - Xaneiro 66 Feb. 66
*	X ✓ D. Bieito Fernández Alvarez		500,- Ano 1966
*	X ✓ D. Manuel Fernández Fernández		500,- Ano 1966
*	X ✓ D. Valentín Fernández Génova		500,- Ano 1966
*	X ✓ D. Antonio Fernández López		60.000,- Ano 1966
*	X ✓ D. Ramón García Briones		100,- Ano 1966
*	X D. Alvaro Gil Varela		30.000,- Ano 1966
*	X ✓ D. Celso Isla Couto		18.000,- Ano 1966
*	X ✓ D. Fidel Isla Couto		1.200,- Ano 1966
*	X ✓ D. Ramiro Isla Couto		6.000,- Ano 1966
*	D. Xaime Isla Couto		6.000,-
*	X ✓ D. Teodoro Martín Hernández		1.200,- Ano 1966
*	X ✓ D. Enrique Massó Bolívar	2.000,-	1.200,- Ano 1966
*	X ✓ D. Isidro Farga Pondal		1.200,- Ano 1966
*	X ✓ D. Luís Sánchez Tabarés		300,- Ano 1966
*	✓ D. Silvio Santiago García		2.400,- Ano 1966
*	D. Antonio Somoza Outeiral		2.400,-
*	X ✓ D. Enríque Varela Baquero		300,- Ano 1966
*	X ✓ D. Antonio Viana Conde		200,- Ano 1966

Cooperadores que ingresarán mensualmente na c/c.

	D. Fermín Fernández-Penzol	Lavandera m. a. m. SX.	5.000,- Xaneiro 66 Feb. 66
Q.	D. Basilio Losada Castro	m. a. m. SX.	100,- Xaneiro 66 Feb. 66

Cooperadores ós que se lles xirará reembolso anual.

+ X ✓	D. Augusto Casas Blanco		300,- Ano 1966
*	X ✓ D. Xerardo Fernández Albor		1.200,- Ano 1966
*	X ✓ D. Agustín Sixto Seco		1.200,- Ano 1966

Cooperadores ós que se lles xirará reembolso mensual.

✓	D. José Antonio Arjona de Santiago	(Pensión Fundación)	50,- Xaneiro 66 Feb. 66
*	X ✓ D. Ricardo Carballo Calero	m. a. m. SX.	100,- Xaneiro 66 Feb. 66
*	X ✓ Srta. Luisa Crestar Díaz	m. a. m. SX.	50,- Xaneiro 66 Feb. 66
*	X ✓ D. Domingo García Sabell	m. a. m. SX.	500,- Xaneiro 66 Feb. 66
*	X ✓ D. José Manuel López Nogueira	m. a. m. SX.	100,- Xaneiro 66 Feb. 66
*	X ✓ D. Xosé Luís Méndez Ferrín	m. a. m. SX.	50,- Xaneiro 66 Feb. 66
*	X ✓ D. Camilo Saco López	m. a. m. SX.	75,- Xaneiro 66 Feb. 66
*	X ✓ D. José Touriño Panceira	m. a. m. SX.	25,- Xaneiro 66 Feb. 66

Cooperadores de aportación indeterminada en tempo e cuantía (c/c).








X	D. Xosé Luís Fontenla Méndez		1.000,- Ano 1966
*	D. Rodolfo Fraga Chamochín		
	(D. Enrique García Rincón) Pedramol, I.A. (1961: 10.000,-)		

Vigo,  
xaneiro 1966

⊙ 1967   Δ 1969   ○ 1971  
⊙ 1968   ▽ 1970   ★ 1972



Relación de contribucións de cooperadores da Fundación. O empresario Antonio Fernández López foi un dos seus principais mecenas





Olga Gallego e Pedro López colaboraron activamente na catalogación dos fondos bibliográficos e arquivísticos



Nancy Miranda realizou un infatigable labor ata a súa xubilación en 2009



O padroado en 1990: Olga Gallego, María X. Rodríguez Galdo, Alfonso Zulueta, Ramón Piñeiro, Marino Dónega, Francisco Fernández del Riego, Antón Vidal, Carlos Casares, Blanca Jiménez e Xaime Isla

12 FARO DE VIGO - 25-1-1968

**FONDO BIBLIOGRAFICO ESPECIALIZADO, DONADO POR LA "FUNDACION CALOUSTE GULBENKIAN"**

Ha sido recibido con destino a la biblioteca de la "Fundación Penzol", de Vigo



Una de las remesas de libros portugueses recibidos en la Biblioteca Penzol, donativo de la Fundação Calouste Gulbenkian. — (Foto Siorty.)

La Fundación Calouste Gulbenkian, de Lisboa, ha enviado un importantísimo donativo de libros — más de quinientos volúmenes — con destino a la biblioteca de la Fundación Penzol, de Vigo, y que constituirá, sin duda, el primer fondo bibliográfico especializado de Galicia para el estudio de la cultura portuguesa. A través de las secciones ahora incorporadas (geografía, sociología, etnografía y folclore; Portugal ultramarino; historia y política exterior — viajes, viajes, viajes, repertorio de descripciones científicas — geología, botánica y arte; teatro ultramarino; antropología y ensayos literarios; arqueología; diccionarios y obras de consulta) la biblioteca de la Fundación Penzol dispone de un nuevo e imprescindible instrumento para la tarea a que se halla entregada. En la misma remesa tres seminarios gallegos de Ciencias Históricas, Ciencias Fiológicas y Lingüísticas y Ciencias Económicas-Sociales. Existen asimismo obras vinculadas a la Universidad de Santiago convalidadas y estudiadas de las facultades relacionadas con el propósito fundacional de Penzol.

El valioso y selecto fondo bibliográfico portugués donado a la biblioteca Penzol, en trance de convertirse en la excepcional biblioteca, hemeroteca y archivo de documentos sobre a las inquietudes de la cultura gallega, fue oportunamente presentado por los miembros de su consejo a la Fundación Gulbenkian, merced a entidades gallegas del doctor Quares, director de la Facultad de Derecho de la Universidad de Coimbra. La Fundación Gulbenkian, con diligencia y generosidad nunca desmentida, hizo posible el intercambio que hoy todos los estudiosos de la cultura gallega estiman y agradecerán.

OPERA DA FUNDACAO CALOUSTE GULBENKIAN LISBOA, PORTUGAL

Todos los volúmenes llegados a la biblioteca llevan al "ex libris" de la fundación donante, Calouste Gulbenkian.

A Biblioteca foise enriquecendo con importantes fondos, como os de Rodrigues Lapa, a Fundação Calouste Gulbenkian, a Biblioteca brasileira que xestionou Celso Ferreira da Cunha ou as achegas de Ramón Martínez López e os legados de Otero Pedrayo e Ramón Piñeiro

**CELSO FERREIRA DA CUNHA**

**Estancia en Vigo para inaugurar o Departamento de Bibliografía brasileira na "Biblioteca Penzol"**



CELSE FERREIRA DA CUNHA

Con motivo da inauguración do Departamento de Bibliografía Brasileira da Biblioteca Penzol pronunciará unha conferencia no Auditorium da Caixa de Aforros o profesor Celso Ferreira da Cunha, encadado tema Contribución brasileira aos estudos galego-portugueses.

Celso Cunha é unha das figuras máis representativas da filoloxía románica contemporánea. Nacéu en Minas Gerais o ano 1917. Fixose Bachiller en Dereito pola Facultade Nacional, e despois licenciado e doutor en Letras. Exerceu como profesor titular de Língua Portuguesa do Colexio Pedro II e da Facultade de Letras da Universidade Federal de Río de Janeiro.

Ante os títulos e cargos que leva desempeñado figuran os seguintes: Doutor Honoris Causa da Universidade de Granada, ex membro do Consello Federal de Educación do Brasil, ex director da Biblioteca Nacional de Río; membro da Academia Brasileira de Filoloxía, da Société Linguistique Romane, da Société des Etudes Latines; da Asociación de Lingüística e Filoloxía de América Latina, da Oficina Internacional de Información y Observación del Español, da Association Internationale de Sémiotique, da Hispania Society of America, do PILEL e da Association des Etudes Tsiganes.

Faro de Vigo, 24-I-1976


Faro de Vigo, 25-I-1968

A viúva de Xohán Vicente nunha visita á Biblioteca acompañada por Ramón Piñeiro, Isabel López, Blanca Jiménez, Domingo García-Sabell, Francisco Fernández del Riego e Marino Dónega



Ramón Martínez López, nun acto de homenaxe que lle organizou a Fundación Penzol, con Xaime Isla, Alfonso Zulueta, Blanca Jiménez e Francisco Fernández del Riego






En 1985, grazas a un convenio asinado co Concello de Vigo, a Biblioteca trasládase á Casa Galega da Cultura, onde tamén se instala, en 1995, o Museo e Biblioteca de Francisco Fernández del Riego.  
Fotografía: Daniel Lema

Acto de inauguración das novas instalacións na Casa Galega da Cultura, en 1995, coa participación de Alfonso Zulueta, Francisco Fernández del Riego, Blanca Jiménez e o, naquela altura, alcalde de Vigo, Carlos Príncipe.  
Fotografía: De Arcos



Simposios, ciclos de conferencias e exposicións son tamén actividades organizadas pola Fundación Penzol







En 2009, con motivo do Día das Letras Galegas, instalouse na sede da Fundación, na Casa Galega da Cultura, o gabinete de Ramón Piñeiro



Algúns dos membros do Padroado da Fundación Penzol en 2010. Sentados, de esquerda a dereita: Xerardo Fernández Albor, Antón Vidal (secretario), Alfonso Zulueta (vicepresidente primeiro), Xulio Souto (vicepresidente segundo), María Dolores Cabrera e Pablo Ferro. De pé: Ricardo Beiras, Benxamín Casal, Manuel Meixide, Ramón Villares (en representación do Consello da Cultura Galega), Xulián Parga, Henrique Monteagudo e Pedro López. Completan o Padroado, presidido por Blanca Jiménez, Xoán Bernárdez, o Concello de Vigo, Francisco Díaz-Fierros, Xosé Francisco Domínguez (director da Biblioteca Penzol), Xaime Isla e a Real Academia Galega

*“Ademais dos que somos seus amigos  
por obra do trato persoal están tamén  
os que o son por obra do trato cultural.  
E estes son máis, moitos máis, porque  
irán anovándose ao longo dos tempos”*

Ramón Piñeiro



NO RONSEL  
DA PENZOL

*As colaboracións que titulamos “No ronsel da Penzol” tiñan inicialmente outro título máis coloquial: “Os seareiros e seareiras da Penzol”, do que non queremos renunciar a deixar constancia escrita, pois que todos exerceron ou exercen de usuarios cotiáns da biblioteca e arquivo da nosa Fundación.*

*O proveito que dela tiraron como investigadores, estudosos ou profesionais diversos queda plasmado en cadansúa achega, así como a súa gratitude ao centro polos seus servizos e facilidades, personificada nomeadamente na figura do seu histórico director Francisco Fernández del Riego. Gratitude que é obrigado devolver a todos pola súa xenerosa participación.*

*Abre a relación o profesor Xesús Alonso Montero, a quen cómpre salientar como veterano dos investigadores comprometidos coa causa galega. Pon o ramo Marián Vidal, directora técnica da biblioteca, co seu texto de lembranzas e vivencias profesionais e mais de recoñecemento a don Paco e, outrosí, a todos os nosos usuarios e usuarias.*

*Nos seus traballos e publicacións diversas, feitos con sabedoría e coñecementos, pero tamén en gran medida grazas á consulta e pescuda dos valiosos fondos custodiados na Fundación, uns e outras van labrando o ronsel da Penzol e continúan a elaborar o discurso do galeguismo e da nosa identidade, tal que era o sentir do noso benemérito fundador.*

## Fermín Penzol: bibliofilia e política

### Xesús Alonso Montero

Tiven a sorte de coñecer e tratar a Penzol nos meus anos mozos. Foi en Madrid, na tertulia galega do café Lyon d’Or (Alcalá, 18). Os sábados, cando había “pleno”, dábanse cita naquel vello e céntrico café homes de Letras que xa figuraban nos libros e que eu admiraba: Ramón Cabanillas, poeta consagrado, poeta clásico; *Ben-Cho-Shey*, etnógrafo e home de fervorosa paixón galeguista; Evaristo Correa Calderón, especialista en Gracián e fundador, en 1924, da revista luguesa *Ronsel*; Dionisio Gamallo Fierros, eruditísimo en escritores galegos do século XIX; Carlos Martínez Barbeito, versado como poucos na Ilustración galega; Francisco Luis Bernárdez, que afiara as súas primeiras armas literarias en Galicia e agora, poeta celebrado na Arxentina, traballaba na embaixada do seu país en Madrid...

Concorrían outro tipo de persoas, desde un pintor novo, Tino Grandío, e o empresario galeguista Álvaro Gil, a un entrañable pontevedrés que estivera preso cinco anos na illa de San Simón, Evaristo Mosquera. Sábados había en que a tertulia se enriquecía coa presenza de galegos de Galicia que viñan á capital por distintos motivos: o doutor Darío Álvarez Blázquez, o lingüista Aníbal Otero, o filósofo Celestino Fernández de la Vega, o estudante de Filoloxía Clásica Amable Veiga... Ás veces, acudía algún galego do exilio arxentino. Aínda lembro ben a tarde —a tarde enteira— que pasamos con Xosé Núñez Búa, que, moi pouco despois, publicaría en Buenos Aires, na revista *Galicia Emigrante*, un eficaz artigo informativo sobre a nosa tertulia<sup>1</sup>. Tívono moi en conta, moitos anos despois, para redactar un estudo sobre aquela orixinal e interesantísima tertulia cultural

1. “A tertulia do Lyon d’Or”, *Galicia Emigrante* 9, febreiro, 1955, pp. 14-15 (inclúe fotografías do cineasta arxentino Moneo Sanz).

non exenta de contido político<sup>2</sup>. Eu cheguei á tertulia, da man de *Ben-Cho-Shey*, a comezos de 1952, cando cursaba o penúltimo ano de Filoloxía Románica na Universidade Central. Non tardei en invitar a outros mozos universitarios, algún xa licenciado: Ánxel Rodríguez (Medicina), Antonio Rubal Moas (Dereito), José Manuel Almoina (Aduanas), Camilo Suárez Llanos (Filosofía pura), Jaime Magariños (Arquitectura)...

Sempre que Fermín Penzol estaba en Madrid —e estaba case sempre— era un dos contertulios máis asiduos. Ás veces ó final das sesións, incorporábase Blanquita, a súa esposa —Blanca Jiménez— nada allea á erudición que respiraban os “vellos” e que os novos exhibiamos. É que Blanquita, nos cinco ou seis anos de casada con el (o bibliófilo, o buscador de libros) xa non era unha inexperta en bibliografía galega.

Penzol, xa superados os cincuenta anos, era para nós, os novos da tertulia, a voz ponderada e cordial da experiencia, incluída a experiencia anterior ó 1936; bibliógrafo máximo, era para nós, no seu discurso sobrio e humilde, un especialista en libros amados ou cobizados; era tamén —ou sobre todo— o sorriso dun home bo —machadianamente bo— que inspiraba confianza. Fermín Penzol era, desde había moitos anos, rexistrador da propiedade, profesión que, naquel grupo de mozos, real ou retoricamente pouco crematísticos, non suscitaba simpatía, pero nós sabiamos ben que unha boa parte dos seus ingresos profesionais eran para adquirir libros galegos, xa miles daquela, cuxo destino sería, no momento oportuno, público. Nós non ignorabamos que, desde había anos, era amigo e admirador de Ramón Piñeiro: amigo da persoa intelixente, comprometida e abnegada, e admirador do proxecto cultural galeguista que Piñeiro protagonizaba e do que era o principal deseñador.

2. “Escritores galegos, Letras galegas en Madrid: a tertulia do café Lyon d’Or (1952-1954)”, *Madrygal* 7, Madrid, 2004, pp. 11-30.

Por todo isto, Fermín Penzol era, para os rapaces do Lyon d’Or, unha figura que, ademais de suscitar respecto (como a de Ramón Cabanillas ou a de *Ben-Cho-Shey*), entendiámola como unha referencia viva e totalmente fiable do antifranquismo galego nunha época en que tanto escaseaban eses referentes. Na tertulia, Penzol, que falaba pouco e escoitaba moito, cando interviña facíao con sobriedade e sempre con tino e con ponderación. Era máis locuaz, moito máis locuaz —sen excederse— cando a conversa versaba sobre libros, tema no que había, naquel faladoiro, polo menos, tres grandes espadas: Gamallo Fierros, Martínez Barbeito e Correa Calderón. Cando viña Celestino Fernández de la Vega, o simposio bibliográfico adquiría especial brillantez.

Eu, con Fermín Penzol, tiña trato fóra da tertulia, concretamente na súa casa, na rúa Pez. Era unha casa ateigada de libros, libros que lle chegaban, contra reembolso, de Barcelona, de París, de Buenos Aires... ou libros que el acababa de atopar nas tendas dos anticuarios madrileños. Coñecía canto catálogo acollía libros ou folletos galegos, e non había peza bibliográfica valiosa que se lle escapase, se antes non chegaba Antonio Rey Soto, cazador de instinto non superior pero con máis diñeiro (de procedencia allea). Máis dunha vez visitei a súa casa para ver revistas, e nalgunha ocasión, emprestoume algunha daquelas pezas, concretamente os tres volumes de *La Ilustración Gallega y Asturiana* (1879-1881). Así pois, eu, que me beneficio da biblioteca da Fundación Penzol desde a súa creación, xa consultaba libros e revistas dese inxente fondo moitos anos antes.

Fondo inxente e entrañable. Sabía, volume a volume, onde adquirira tal libro, canto lle custara e, nalgúns casos, lembraba as dificultades económicas para non deixar escapar títulos que estimaba moi valiosos. Cómpre saber que Penzol, que nunca foi pobre, non era, como se dicía na época, “un millonario”. Partindo desta condición económica hai que entender, valorar e agradecer que, ó longo da súa vida, fose construíndo unha das bibliotecas galegas mellores do mundo.

Eu, fóra do Lyon d’Or, tiña unha relación especial con don Fermín, unha relación basicamente erudita. Eu, que xa era un rato de biblioteca, preguntaba e aprendía. Lembro que nalgunhas conversas Penzol citaba un corpus bibliográfico, en tres volumes, publicado nesas datas: o *Diccionario bio-bibliográfico de escritores [gallegos]* (Santiago, 1951, 1952, 1953), de Antonio Couceiro Freijomil, erudito de amplo saber neste eido. Obra moi meritória no seu tempo, aínda hoxe é útil para os bibliógrafos. Pois ben, Fermín Penzol, que tiña como guía este amplísimo “catálogo”, sinalaba, sen fachenda, as lagoas e as omisións do eruditísimo Couceiro Freijomil. Tal era o seu saber no eido da bibliografía galega no sentido máis amplo: libros de tema galego e libros escritos por galegos en calquera idioma (galego, castelán, latín...).

Penzol, tan vencellado desde 1979 ó proxecto político-cultural de Ramón Piñeiro, non era un bibliófilo tópico. A súa intensa dedicación de décadas á procura de libros galegos e os seus esforzos económicos para adquirilos, estaban presididos por unha idea: a de constituír no seu día unha biblioteca no país e sobre o país na que se formasen ou orientasen todos aqueles que, noutros centros bibliográficos de Galicia, non atoparían o espírito da biblioteca Penzol, unha biblioteca onde non poucos títulos e fondos foron adquiridos e doados como un capítulo da memoria de Galicia, da mellor memoria de Galicia. Fermín Penzol tivo durante toda a súa vida “a paixón dos libros: a paixón dos libros como aportación á salvación dunha cultura”<sup>3</sup> ■

3. Con estas palabras finalizaba eu o artigo “O meu Fermín, o noso Penzol, a ‘Penzol’ de todos”, *Grial* 73, 1981, p. 347.

## A tripla “revelación” da Penzol

**Gonzalo Allegue**

Debo á Biblioteca Penzol dúas ou tres “revelacións” nos meus primeiros pasos como investigador. Pero antes, quero remontarme uns anos máis atrás, a algo que ocorreu a mediados dos 60 do século pasado, nunha vila mariñeira da ría de Arousa.

Durante a celebración dunha misa, o crego, un home novo de prometedora vocación e, ao parecer, destinado a altos futuros empregos vaticanos, comezou o rezo polo que naqueles anos se pedía a Deus a protección —case unha amnistía xeral— para as autoridades: “Te pedimos, Señor, por el obispo Fernando, el Jefe del Estado, el pueblo y el Ejército...”

O que ocorreu é que nesta ocasión o crego omitiu as referencias ao xefe do Estado —Francisco Franco— e ao exército. Un asistente, tenente coronel, berrou desde o seu banco: “Usted se olvida del Jefe del Estado y del Ejército!” O crego sorriu e seguiu coa misa diante da ira do militar, que abandonou inmediatamente a igrexa. A vila estivo uns días conmocionada, pero o incidente esqueceuse axiña. O tenente coronel morreu na cama tan sensatamente coma Franco e aquel crego novo é hoxe un feliz e anónimo profesor de instituto, unha zona polo de agora desmilitarizada.

Os arquivos, bibliotecas, etc, son lugares onde, de súpeto, prodúcense ás veces inesperados chispazos máxicos que compensan, finalmente, un esforzo esgotador. Cando moitos anos despois revisaba “na Penzol” a revista *Compostellanum* batín de fronte cun artigo sobre existencialismo e cristianismo. O nome do autor resultou ser o daquel crego que non quería rezar polo ditador (máis tarde lería outros traballos seus, todos moi eruditos e brillantes).

Revelouseme de súpeto —primeira revelación da Penzol— que detrás daquela especie de “grito de Baire”, da primeira

insubordinación antifranquista á que eu asistira, había un home de excelente preparación intelectual e que a súa repugnancia política non viña dun rauto emocional senón que nacía dunha esixencia intelectual crítica, en definitiva, do estudo e da reflexión filosófica.

Esa mesma mañá, ao pasar da *Compostellanum* ao *Boletín Provincial do Museo de Pontevedra* atopei un artigo erudito sobre o “Alabastro inglés ou Trono de Graza”, unha peza do século XV debaixo da cal aqueles nenos dos sesenta vimos precisamente a escena do crego contestatario. Entendín entón —segunda revelación da Penzol— que un fio invisible unía as dúas revistas, do mesmo xeito que todos e cada un dos libros daquel maravilloso fondo da Penzol se amosaban unidos entre si tamén por fíos invisibles, e remitíanse uns aos outros sen cesar. O “coñecemento” estaba nalgún lugar debaixo desa urdidura, desa rede estrutural que o investigador procura descifrar e sobre a que camiña nun difícil equilibrio. Algo así como un remedo dese xogo que as nenas chaman “a goma”, no que cos pés trenzan unhas gomas elásticas e fan figuras de distintos nomes. Para os investigadores, o azar xoga con aquela tamén elástica urdidura imaxinaria e demasiadas veces as figuras que traza chámanse “imposible”, “fracaso” ou “decepción”.

Anos despois creouse a revista monográfica *Cuadrante*, dedicada a Valle-Inclán. Entre os primeiros artigos recibidos estaba un do crego “non rezador” sobre a acta de bautismo de Valle, bautismo celebrado baixo aquel alabastro inglés ou Trono de Graza, desde onde, próximos á porta, viramos a semicómica escena. Pechábase así o círculo: terceira revelación da Penzol.

Sei da firme admiración daquel crego por Valle-Inclán, e aínda agora lembro a súa misa antifranquista e o seu cómplice riso valleinclaniano diante dun militar esperpenticamente ofendido ■

## A Fundación Penzol e o Instituto da Lingua Galega

**Rosario Álvarez Blanco**

Non coñecín persoalmente a Fermín Penzol e frecuentei pouco a biblioteca da súa Fundación e, non obstante, sinto que ambos están intimamente ligados ao devir da miña vida investigadora e, máis aínda, á vida e propia existencia do Instituto da Lingua Galega (ILG), que hoxe teño a honra de dirixir, mais ao que pertenzo desde pouco despois das orixes.

O ILG naceu como centro de investigación lingüística no seo da universidade galega, apadriñado polas institucións galeguistas máis relevantes, que atesouraran a nosa cultura nos anos difíciles e tiñan un proxecto de futuro. A acta fundacional do ILG, que contén os seus primeiros estatutos, é de 26 de xullo de 1971. Asistiron á sesión constituínte do padroado, no Salón Reitoral baixo a presidencia de Manuel García Garrido (reitor da Universidade de Santiago de Compostela, entón única en Galicia), os seguintes persoeiros: Constantino García González (catedrático de Filoloxía Románica, que sería nomeado director), Manuel Díaz y Díaz (catedrático de Filoloxía Latina, subdirector), Ricardo Carballo Calero (polo Centro de Estudos Fingoi, secretario), Xosé F. Filgueira Valverde (polo Instituto Padre Sarmiento), Marino Dónega Rozas (pola Real Academia Galega), Xerardo Fernández Albor (pola Fundación Penzol), Xoaquín Arias Díaz de Rábago (pola Fundación Pedro Barrié, conde de Fenosa) e Ramón Otero Túñez (decano da Facultade de Filosofía e Letras). Dábanse a man, por tanto, dun lado a Universidade e doutro a sociedade galega representada por cinco institucións de indubidable peso, tamén no plano simbólico, no noso panorama cultural e científico: Fingoi, Sarmiento, Academia, Barrié e, naturalmente, Penzol. Os representantes destas fundacións foron os nosos padróns ata un novo regulamento, nacido da reforma normativa producido na Universidade nos anos 90.

Eu non coñezo ben os antecedentes desa xuntanza en que se fundou o ILG, xestado e programado no seo do grupo de romañistas creado arredor de Constantino García, que se incorporou á Universidade de Santiago de Compostela en 1966. Pero non deixa de sorprendeme a sintonía co pensamento de Fermín Penzol e a súa Fundación, pois o modelo aseméllase moito a outro mencionado uns anos antes nun plenario da RAG, con ocasión da candidatura de Aníbal Otero, baseado na colaboración e mecenado do Seminario de Estudos Filolóxicos e Lingüísticos da Fundación Penzol cos alumnos de Románicas da Universidade, baixo a dirección daquel gran filólogo, para a recollida e estudo da realidade lingüística galega<sup>1</sup>; corría o ano 1963 e daquela as que se daban a man, perante a Academia, eran dúas entidades acabadas de nacer e que habían ter longo alento: a Fundación Penzol e os estudos de Filoloxía Románica da Universidade de Galicia. Non podó deixar de mencionar que a colaboración contaba xa con Antón Santamarina, figura clave do ILG desde a súa fundación, que comezara a recoller o galego falado na Fonsagrada. E non debe ser casual, porque se inscribiría nesa especial irmandade, que a primeira “saída” institucional e colectiva que lembro, como membro do ILG, foi para presentarmos *Verba 2* (homenaxe a Aníbal Otero) e algún dos seus primeiros anexos na sede da Fundación Penzol, en Vigo. A piques de se cumpriren 40 anos da botadura do ILG, tempo de facermos balance e rendermos algunhas contas, quero pensar que Fermín Penzol, presidente na altura do padroado da súa Fundación, se sentiría satisfeito de botar a andar aquela aventura.

Non se pode ser investigador en Galicia e sobre a lingua e cultura galegas sen sentir a presenza acubilladora da Fundación

Penzol, coa súa biblioteca e o seu arquivo, modélicos, imponentes, portos seguros e xenerosos para o noso patrimonio. Tampouco sen sentir o seu alento como mecenas, tanto para impulsar os primeiros traballos científicos das primeiras fornadas de filólogos saídos da universidade compostelá coma para a edición de obras filolóxicas (co nome do chorado Aníbal Otero en primeiro lugar). Por iso recibín como unha honra e unha distinción especial que o presidente do Consello da Cultura Galega me propuxese para representar o CCG no padroado da Fundación Penzol, coa que todos os galegos e as galegas temos unha débeda impagable, e agora me sumo gozosa a esta celebración e á homenaxe permanente da figura do fundador ■

## Unha onza de chocolate

### Rosa Aneiros

Cando alguén busca algo non sempre ten a esperanza de atopalo. As máis das veces soñamos con encontrar calquera outra cousa. Non saberíamos sequera dicir que, pero algo. Unha palabra, unha imaxe, unha cita, unha data perdida que nos abra os ollos a un universo ata ese momento descoñecido. Durante os últimos anos, as obrigas laborais e a curiosidade intelectual leváronme por arquivos e bibliotecas de toda Galicia na procura de documentos que non sempre atopei. Pero descubrín outros, pequenas xoias que algunhas veces me humedeceron os ollos para sorpresa dos que me rodeaban. Porque os limitados redutos de investigación en que partillamos o coñecemento convertéronnos en seres estraños que se emocionan ante uns lentes recoñecidos dun estraño nunha foto ou unha caligrafía apertada que rubrica un poema. Entrar nun arquivo supón atravesar unha fronteira invisible. É certo que cadaquén experimenta unha sensación diferente condicionada polas circunstancias persoais que

alí te conducen. Ás veces levas sobre o lombo un fardel ategado de actualidade e choios domésticos e resulta difícil entrar. A alfándega esixe depositar todo o que estorba ou poida enturbiar o traballo ante as murallas desa cidade prohibida, a depositaria dos papeis da memoria. E o paraugas é o que menos molesta. Canda a ilusión das descubertas chega a alerxia polos documentos inevitablemente cheos de po e couza e, ás veces, a frustración polo que arelamos encontrar e nunca aparece. Por iso, cada incursión nun arquivo é unha aposta pola ilusión de descubrir algo. As máis das veces non sabemos que, pero algo.

A Fundación Penzol de Vigo ten de seu un encanto especial. Aló nos andares altos sentes o ir e vir das ondas do peirao e os chifres dos barcos de pasaxeiros que chegan do Morrazo. Tamén o cheiro a salgadura e falsificación da Pedra. Non é unha parvada. Cando os documentos non nos deparan os achados desexados e os ollos tornan miopes polas caligrafías indómitas, a mirada foxe pola fiestra. Válelle calquera cousa para matar o tedio. As pombas que martirizan os donos das terrazas da Praza da Constitución, as gaivotas que planean suavemente sobre a cidade vella, as andamiaxes, a chuvia. Non é asunto menor o lugar físico onde asenta un depósito documental. Os papeis acaban formando parte da xeografía urbana. E viceversa. Por iso cando penso no soneto de Estrambote de Arias Teixeira non podó evitar o cheiro da salgadura nin as luzadas que escintilaban no *Sireno* da Porta do Sol. A letra redondiña de Castelao tráeme a mirada franca das gaivotas e tamén os tusidos polo papel que esfarela entre os dedos dos artigos xornalísticos de Fernández del Riego recompilados meticulosamente nun álbum como fotos de memoria. Tamén, inevitablemente, a mirada atenta de Marián e os lentes curiosos de don Paco que esculcan como os dedos dos investigadores bailan nas liñas dos papeis vellos.

Atopei na Fundación Penzol os documentos que procuraba algunhas veces pero recoñezo que, ás máis delas atopáronnos.

Foron os encargados de custodiar os fondos os que souberon a localización exacta daquilo do que eu só levaba unha vaga referencia. Por iso é certo que nela se atesoura un riquísimo fondo documental pero tamén un riquísimo equipo humano que dá vida aos papeis perdidos. Sen eles e elas moitas teses de doutoramento e investigacións de sona nunca verían a luz. Tampouco algunhas novelas. Porque, agora que ninguén nos le, confeso que cando vou á Penzol non sempre turro polas pescudas que me levan aló. Ás veces mesmo fuxo delas con teimosía. Fágome a despistada. Paso a páxina coma quen non ve. Porque sei que no momento que as atope o cansazo pedirame dar a visita por concluída e non sempre é o que realmente quero. Cando nena só me deixaban merendar chocolate os domingos. As horas previas eran de grande excitación e, á hora de trabar o compango, demoraba o gusto das onzas no padal durante un tempo interminable. Nunca as merendas duraron tanto. Ao dar cabo do pan, a sensación era moi triste porque habería que agardar toda unha semana ata a próxima onza de chocolate. Así cando busco papeis. A alegría do achado fai que morra a ansia da busca e non sempre é iso o máis gratificante. Sobre todo para aquelas persoas que nos demoramos nas palabras e na lectura de noticias antigas que acaban regalándonos personaxes e tramas de novela que antes nunca soñáramos. Anainar na lectura vagarosa dos vellos papeis da Fundación Penzol supuxo moitas veces dar con historias, anécdotas e contextos históricos que me permitiron escribir e crear realidades nunca antes finxidas. Dei aí de fociños co afundimento dun barco na ría nos anos vinte que se converteu en conto e turrei, coma quen bate cun muro, coas lideiras dos liberais e absolutistas do século XIX que piden un furadiño en cada novela para intercambiar insultos. Seguín o ronsel dos barcos de emigrantes e as feridas das peixeiras do Berbés que tornaron se-reas e soños de retorno. Outras moitas lecturas nunca deron nada máis de si e dérono todo. Un pracer emocionado e saudoso do coñecemento e da memoria feita palabra nas plumas dos seus

1. Alonso Montero, Xesús (2009). “Para a biografía de Aníbal Otero como lingüista: documentos e datos inéditos ou descoñecidos”, *Madrygal* 12, pp. 11-24.

protagonistas. A pegada dos que nos precederon. Como tocar cos dedos os almanaques do tempo e ser capaz de pestanexar nun século pretérito coa maxia das vértebras de tinta.

Talvez por iso, pasar por diante da porta da Fundación Penzol supón traer o sabor do chocolate dos domingos cando nena. Saber que aí agarda un tesouro por min e só esixe un pouco de paciencia e horas de lectura para dar con el. Como facer rebrincar unha onza de cacao no padal da nena que fun ■

## As tardes na Penzol

### Valentín Arias

### UNHA

Foi polo ano 1965. Unha tarde cincenta do mes de xaneiro. Viaxei a Vigo naquel entón co gallo de escoitar unha conferencia que tiña de pronunciar aquí Avelino Pousa Antelo. E, precisamente da man de Pousa Antelo, cheguei á Fundación Penzol por primeira vez.

Desta miña primeira tarde na Penzol aguillóanme lembranzas moi íntimas. Por unha banda, o meu abraio diante da farтура bibliográfica encol de Galicia que se garda na Fundación. Por outra, o conforto dunha conversa demorada con persoas tan vencelladas á propia Fundación Penzol como son Ramón Piñeiro, Francisco del Riego, Xaime Isla e Xosé Manuel Beiras. De terceiro, a seguranza de ter utilidade sempre unha vida que se enche a traballar limpamente para e en Galicia.

### OUTRA

Ano 1971. Unha tarde de abril. E precisamente na Fundación Penzol, en Vigo, o meu encontro con Fermín Penzol. Outra data que se me non esquece.

Se hei de acudir a algunhas verbas para nomear as miñas impresións da tarde esta teño por forza que facer uso de palabras do xeito de naturalidade, sinxeleza, autenticidade.

Evidentemente. O se ter entregado de cheo a unha Galicia que non rende dividendos monetarios. Coa naturalidade e coa sinxeleza con que se ten entregado de por vida o Penzol, ademais o ser autor constante dese clima de intimidade nidia con que agasalla decote o Penzol, a quen se pon diante del, son garantías máis que abondo da súa autenticidade certa.

### MORTAS

Dende o outono de 1969 frecuente con regularidade a Fundación Penzol. Naturalmente, polas tardes.

Alí, na Fundación, teño experimentado esa emoción fonda de coller nas propias mans xornais, revistas e libros —publicados na Galicia do aquén denantes do 36, publicados na Galicia do alén denantes e despois desta data— dos que tiña referencia mais non tiña coñecemento directo. Alí gorentei páxinas clásicas da literatura galega e alí batín con páxinas chave para entender a Galicia tal cal é. Libros e páxinas que, fóra da Penzol, se non atopaban en ningures.

Alí, na Fundación Penzol, nos dous derradeiros anos, mirei traballar rexamente a Xosé Luís Franco Grande, Xosé Luís Méndez Ferrín, Xohana Torres, Carlos Casares, Xesús Alonso Montero... por poñer non máis que un mangado de nomes ben consagrados na cultura galega. Alí reparei en licenciados, universitarios, curiosos de saberes e intelectuais varios —galegos e mesmo estranxeiros— á procura de datos para compoñer libros, teses de licenciatura e de doutoramento, artigos ou traballos diferentes. Sempre a traballaren temas en relación con Galicia. Decote a daren testemuño de que quen queira investigar seriamente polos eidos da cultura galega ha de ter en conta a biblioteca da Fundación Penzol.

Hoxe por hoxe, para min, entrar na Penzol é sentirme automaticamente arroupado por toda a Galicia verdadeira.

Sabemos ben que todo isto non acontece a fume de pallas. Nin moito menos. A estas alturas me non abanea a dúbida máis miúda: na miña andaina futura pola vida adiante, sucedera o que sucedera, a Fundación Penzol contará xa de por sempre. As tardes na Penzol, a min, riscáronme un roteiro.

E o meu caso non é illado. Se o fose, non o traería a conto. Porque el non tería a máis miúda comenencia. Expúxeno, soamente, para pór un exemplo. Porque estou absolutamente certo de que el é un máis entre un fato que compoñen moitos ■

Homenaxe a Fermín Penzol, 1972

## Da Fundación Penzol

### Miguel Barros

A Casa Galega da Cultura acolle no seu seo tres bibliotecas, Arquivos, cadros e obras de arte que teñen todas a mesma orixe: constitúen a herdanza intelectual e política dos galeguistas que sobreviviron á Guerra Civil. A Fundación Penzol é depositaria da doazón bibliográfica de Fermín Fernández Penzol-La-bandera. No museo Francisco Fernández del Riego reúnense os fondos de quen foi organizador e primeiro fundador do Partido Galeguista reconstituído no ano 1943. Por último, e recentemente, incorporouse á Casa Galega da Cultura o legado de Ramón Piñeiro López, aínda incompleto, pero preto de ser completado coas achegas documentais dalgúns doadores privados. Todos tres militaron baixo a bandeira de Galicia, que foi a inspiración e o motor da súa actividade vital, profesional e política.

A Casa Galega da Cultura coñecémola na cidade polo nome da primeira fundación de carácter galego establecida en Vigo:

a Fundación Penzol. Frecuentemente dicimos vou “á Penzol”, vémonos “na Penzol”. Pola miña banda, frecuentaina nos últimos anos con asiduidade por estar levando a cabo a investigación sobre o galeguismo de posguerra e neste tempo tiven ocasión de coñecer datos e anécdotas acerca da primeira das bibliotecas que alí se acollen.

Da súa categoría di Carlos Martínez Barbeito que estaba considerada a terceira en importancia de Galicia, a seguir da biblioteca da Real Academia Galega e tendo en conta que o segundo lugar lle correspondería á de Antonio Rey Soto, hoxe instalada no Mosteiro de Poio por vontade do ilustre clérigo e poeta. O escritor galego concedía o cuarto lugar nesta ordenación á súa propia biblioteca, que confesaba herdada do seu avó, o ilustre arquiveiro Andrés Martínez Salazar.

A proba de que dende moi pronto se albiscou a ambición de Fermín Penzol de doar unha singular biblioteca a Galicia, son as notas que en novembro de 1964 recolle Borobó nun artigo publicado en *La Noche* e dedicado precisamente a sobrancear a súa importancia. Talvez por isto non debe sorprender a decisión do egrexio galeguista de optar por radicar en Vigo a súa xenerosa doazón, que o propio Penzol explica con estas palabras: “Coa entrega a Galaxia distes documentos inéditos que son o nomeamento e a correspondencia de Felipe II co marqués de Cerralbo, gobernador do Reino de Galicia, fago a entrega simbólica da miña biblioteca galega, coa mesma ilusión con que a reunín, arelante de que os nosos proxectos señan axiña unha realidade e degarando somentes con iste feito o conquerimento das nosas aspiracións encol da libertade da nosa terra”<sup>1</sup>.

O acto de entrega debeu de celebrarse en setembro do ano 1956, porque con data de 29 de agosto dese ano Piñeiro escribelle a Penzol sobre a entrevista que preparan xuntos para *Galicia*

- Manuscrito de Fermín Penzol atopado na correspondencia de Ramón Piñeiro co ilustre galeguista.

*Emigrante* e que, unha vez transcrita, lle remitía ao bibliófilo por se estimaba pertinente algunha corrección.

Nesta mesma carta Piñeiro explica: “Como Ramiro [Ramiro Isla Couto] marcha o sete de outono e a min gustárame que el estivera presente no acto simbólico de entrega da biblioteca, seguramente o poñeremos para o derradeiro domingo de setembro. O domingo iremos a Trasalba e xa nos poñemos de acordo con don Ramón. Co que haxa escribireiche, pois se a ti te resulta ben a data, entón comunicolla ós demais”<sup>2</sup>.

A importancia da doazón foi estimada en toda a súa significación no ámbito universal do galeguismo e podémola simbolizar na opinión e o sentimento que lle suscitou a Xosé Núñez Búa, pois o 13 de maio de 1957 escribíalle a Penzol: “A túa doazón a Galaxia é exemplar e ogallá sirva de lección que teño a seguranza que ha de servir. Accións como isa túa teñen permañenza e non perden o seu poder xerminativo. O teu nome está por ela incorporado á lista dos galegos inmorrentes”.

Sirva este testemuño como exemplo da significación e importancia que para a cultura galega, e singularmente para Vigo, tivo a xenerosa contribución do ilustre intelectual e político galeguista ■

## Lembranzas de tempos non tan vellos

### Justo Beramendi

Erán entre as cinco e as seis da tarde dun día calquera da primavera de 1979. Eu estaba xa algo canso, logo de traballar ata as tres no Colexio de Arquitectos de Santiago de Compos-

tela, comer algo en menos dun cuarto de hora, coller ás catro o Castromil de Vigo e ser agasallado con aquela viaxe por estradas do demo, parada de dez minutos no centro de Pontevedra e inevitable atasco na travesía de Redondela incluídos. Menos mal que aínda non existía a estación de autobuses de Vigo e o punto de chegada estaba a un paseíño daquela casa de pedra labrada na rúa de Policarpo Sanz. Comprobei o número que Ramón Piñeiro me dera cando me indicou a conveniencia de consultar os fondos da Fundación Penzol para a miña prevista tese sobre Vicente Risco.

Subín ata o primeiro andar por unhas escaleiras de madeira, nobres aínda, malia o deterioro dos anos. Recibíume unha señora de mediana idade coa educación amable doutros tempos. Don Francisco aínda non chegara. A breve espera deume ocasión de ollar demoradamente as dúas amplas estancias que daban á rúa, forradas de anaqueis cheos de libros, cun par de mesas de despacho, outra maior, algún ficheiro e pouco máis. Todo vello, ordenado e limpo. Todo madeira. Todo silencio. O mundo do aglomerado, do terrazo, do plástico, do tráfico, do ruído e das présas pugnaba por penetrar dende a rúa sen conseguilo plenamente.

E chegou Paco del Riego, resumando saúde e bonhomía, algo conxestionado do bo xantar e co puro mediado. Non era un descoñecido para min. Foramos compañeiros de partido no PSG e coincidíramos en Vigo en xaneiro de 1977, no I Congreso, do que presidiu a primeira sesión. Explíqueille o meu proxecto e decontado abríume de par en par as portas do gran tesouro que gardaba a Fundación sobre a historia contemporánea de Galicia e nomeadamente sobre o nacionalismo. Dende ese momento, e durante case dous anos, foron moitos os días que repetín a viaxe, apurando o tempo ata o Castromil das nove que me devolvía a casa. Nancy, infatigable e servicial, traíame carpetas e carpetas, das de cartón e gomas, que facían realidade documental as promesas enumeradas nun catálogo algo primitivo escrito a máquina nunha ducia de folios.

Así fun exprimindo diferentes fondos (García-Bodaño, Viqueira, Varios), entre os que salientaban dous: o Fernández Penzol, cunha interesantísima correspondencia con Víctor Casas na época das Irmandades e fonte maior para as actividades do nacionalismo galego en Madrid, e sobre todo o dos irmáns Villar Ponte (máis de Ramón que de Antón), o único que coñezo que, ademais de correspondencia, conserva case completa a produción de folletos e programas tanto das Irmandades como do Partido Galeguista, amais dunha apreciable cantidade de documentación interna inédita. Mesmo tiveron acceso ás caixas que contiñan os papeis de Otero Pedrayo, daquela aínda sen ordenar nin catalogar e que, malia forneceren moito menos do que cabía esperar se cadra por unha “limpeza” case masiva nos momentos de perigo en 1936, non por iso deixaban de conservar cartas e inéditos (por exemplo, as poucas actas que se conservan do Partido Nazonalista Republicán de Ourense), de gran valor histórico.

E nunha mostra insólita de confianza foime permitido saír daquel piso con grosos feixes de documentos para fotocopialos nunha pequena tenda próxima que había (ou hai) na rúa Marqués de Valladares, case esquina con Reconquista. Grazas a este favor puíden completar a recollida de información primaria no pouco tempo de que dispoñía.

Xa que logo, é evidente que, sen a Fundación Penzol e sen o trato excepcional que recibín por parte de Paco del Riego e de Nancy, a miña obra sobre a historia do galeguismo político ficaría gravemente eivada ou simplemente non existiría. Por iso a miña gratitude con eles é moi profunda. Mágoa que non tivese nunca ocasión de falar con don Fermín para poder manifestarlle o mesmo agradecemento. En todo caso, longa vida á Fundación Penzol. Segue a ser unha peza fundamental da infraestrutura cultural deste país, unha entidade imprescindible para a preservación da súa identidade ■

## O silencio

### Carmen Blanco

#### DE CASTROPOL

Eu nacín no silencio e medrei sentindo o silencio e aprendendo do silencio. Sempre en silencio. E sigo nacente en silencio no silencio. E no invisible. E para min Fermín Penzol é o silencio invisible, como Castropol, a vila dunhas súas orixes, se cadra o só silencio primeiro onde pensou que o principio e a fin de todo o que importa pode estar tamén nos libros. Nunca o vin nin o escoitei. Non o coñecín. Mais souben moito del polo seu amigo Ramón Piñeiro, que me dixo quen era e que só me dixo cousas boas del, e por quen coñecín a súa encantadora muller, Branca. Pola voz da memoria do silencio de Piñeiro vai en min Penzol, desde moza, unido á bibliofilia e ao galeguismo bos e xenerosos, dous amores nados lonxe e que poden ir e levarnos lonxe dos pretos poderes que atrapan nas súas nefastas miserias. Como vai tamén, desde aquela, incorporado ao fermosísimo Castropol de conto real maravilloso, onde coñecín de nena todo o silencio do mundo concentrado no seu castro de nácara, invisible e inmóbil na auga. E, desde aquela, non podo xa contemplar nin vivir Castropol sen o bo silencio invisible de Penzol, como, nestes momentos, sen o mal silencio asasino das terribles Santa Tebra e Santa Nebra franquistas que Luis Cernuda localizou con lucidez aquí, nun inusitado lugar de tránsito no que todo flúe sen fronteiras no silencio que clama vida libre.

#### A VIGO

Eu estou máis preto de Castropol que de Vigo, mais Vigo tira moito e a Vigo foi finalmente o seu tesouro bibliográfico, gardado por Francisco Fernández del Riego, quen tamén, desde a Gallaecia lucense, acabou en Vigo á fronte da Fundación, esa fonte

2. Carta de Ramón Piñeiro a Fermín Penzol, datada en Compostela o 29 de agosto de 1956.

de saber á que tantas persoas acadamos en procura do que non había noutras bibliotecas públicas nin privadas. Á illa do silencio da Penzol en Vigo fun moitas veces durante os anos oitenta á procura de documentación no meu proxecto de escoita do silencio da vida das mulleres, dos homes e da liberdade, cando practicamente ninguén o sentía nin quería velo nin escoitalo. E fun por puro pracer necesario desde fóra da universidade. Os meus libros sobre a escritura galega das mulleres e sobre a historia da loita contra o poder patriarcal, *Literatura galega da muller* (1991), *O contradiscurso das mulleres* (1995) ou *Mulleres e independencia* (1995), non terían sido posibles sen certas lecturas primeiras imprescindibles nesa biblioteca, ademais da miña propia libertaria bibliofilia. Mais a Penzol foi e segue sendo unha axuda permanente e por xustiza teño que repetir os agradecementos á Fundación e a Fernández del Riego á fronte das miñas publicacións, como ocorre en *Libros de mulleres (Para unha bibliografía de escritoras en lingua galega)* (1994). Xa nos anos noventa, asentada en Lugo e como profesora da Universidade de Santiago de Compostela, cando fixen a tese de doutoramento sobre *Imaxes de mulleres na literatura galega contemporánea á luz dos discursos feministas*, que presentaría en 1994, volvíñ utilizar a Penzol para consultar a primeira edición da novela *Arredor de si* de Otero Pedrayo. Desta tese saíron dous libros, o citado *O contradiscurso das mulleres*, logo ampliado en *El contradiscurso de las mujeres* (1997), e *Nais, damas, prostitutas e feirantas* (1995). Estas dúas obras, produto das lecturas de toda a miña vida, beberon na fonte da Penzol e, de feito, no limiar da primeira queda constancia disto a través do agradecemento persoal a Fernández del Riego. De maneira que a bibliofilia de Fermín Penzol alimentou a miña filantropía filóxina. O amor libre multiplícase e crea. Na década do dous mil volvíñ de novo á Penzol en procura da correspondencia de Otero con Novoneyra e María Mariño, precisamente a propósito da investigación para o libro *María Mariño. Vida e obra*, que me solicitara Edicións Xerais, e que se publicou en 2007 cos

agradecementos a Fernández del Riego, a María de los Ángeles Vidal e á Fundación. Esta foi, en síntese, a miña modesta relación co seu mundo. Unha pequena historia única mais paralela ás múltiples historias das persoas que beberon nas letras e nos libros da Fundación.

### O SILENCIO SABE

Eu, sempre en Ribadeo, no lugar ilimitado de terra, aire e auga da ría do Eo asturgalaica e galaicoastúrica, contemplo Castropol, o castro envolto nunha néboa ou nube invisible e luminosa que acocha o silencio de Fermín Penzol. O silencio invisible. O silencio que sabe e espalla saber. Solidario. Desde a mocidade celta na metrópole madrileña ata o legado da biblioteca e do arquivo de Vigo. Un legado de liberdade. O silencio sabe ■

## Luz da Penzol

### Xan Carballa

Non coñecín a vella Penzol. Cando comecei a visitala, nos primeiros anos 80, xa conseguira instalarse no actual fogar que, co tempo, logrou infectar a todo o edificio do vello concello co virus da galeguidade e bautizarse como Casa Galega da Cultura.

Casa e fogar sonlle dous nomes acaídos á presenza paternal e fraternal de Francisco Fernández del Riego, a súa *alma mater*. Se noutrora boa parte da militancia galeguista se tivera que refuxiar na cultura como xeito de facer política, don Paco actuou como verdadeiro levedo de todos os que lle pedimos opinión ou consello.

Como xornalista e fotógrafo foron a meirande parte das miñas visitas nestes case vinte e cinco anos. As principais para docu-

mentar as edicións especiais de *A Nosa Terra*, dedicadas ás grandes figuras literarias e culturais do país. Foi un proxecto que, cabo do rigor ensaístico e da divulgación conseguiu, coido que con éxito, recuperar a riqueza fotográfica e iconográfica desas persoas, de Rosalía a Blanco Amor, de Cunqueiro a Seoane ou Otero Pedrayo. Todo se estivo reconstruíndo neses quince anos após a morte do ditador, e a Penzol, xunto a outros poucos núcleos da memoria que souberon escudarse da amnesia obrigada, foi unha peza esencial dese mecano que se refacía peza a peza.

Unha institución pensada para almacenar e proxectar tivo, e ten, da man de Del Riego unha utilidade singular, porque todos fomos recibidos sen reservas e nada nos foi agachado, lonxe do prurito de secretismo doutras institucións semellantes. Valla un exemplo: o mesmo don Paco foi quen nos forneceu as copias das cartas de Castelao, as “Cartas de América”, que axudaban a entender mellor as desavinzas dos galeguismos de dentro e de fóra, e fíxoo desde a honestidade intelectual que sempre levou como bandeira, aínda que lle sería máis cómodo que seguisen durmindo nos arquivos.

Acórdome dos esforzos para mellorar as condicións do arquivo, a alegría das novas obras, o pequeno truco de chamar aos asiduos da biblioteca para que nunha visita institucional lle desen vida e intensidade a aquela mañá habitual e lograr así cartos e persoal.

Porque nunha cidade como Vigo, cun índice de bibliotecas por habitante que dá vergonza, a Penzol, desde a súa especialización investigadora de todo o que teña que ver con Galiza, é un símbolo que non tivo o trato que merecía o celo do seu fundador. Tardou en ser informatizada e aínda está pedindo a berros ser un centro de referencia da dixitalización de fondos, sobre todo hemerográficos.

A información virtual non retira a necesidade do fondo físico, dos libros e das publicacións. Nós, como editores, procuramos facerlle chegar todos os nosos fondos, e mesmo antes de

desfacernos da manchea de publicacións e folletos que se reciben nun xornal, procuramos pasar pola peneira da Penzol. Un traballo de destilación e depósito que foi feito con agarimo e que me fai lembrar aquel verso de José Martí: “Todo é fermoso e constante / todo é música e razón / e todo, como o diamante / denantes ca luz é carbón”.

Vaian aquí nestas liñas o recoñecemento meu e de *A Nosa Terra* para os traballadores que sempre nos agarimaron, de Nancy a Marián ou de Xosé, que sempre foi un entusiasta e ao que todos botamos de menos ■

## A Biblioteca Penzol, arcano do noso saber

Xavier Castro

Non era nada doado a comezos dos anos setenta descubrir a Biblioteca Penzol, que estaba na céntrica rúa Policarpo Sanz, de Vigo. Tiña algo de ámbito arcano e mesmo perigoso. Era un lugar agochado, case un non lugar para a maioría da cidadanía, o que era consecuencia ineludible das difíciles condicións de existencia nas que sobrevivía o galeguismo de entón, repregado no resistencialismo cultural e na política clandestina. Certamente, a Biblioteca Penzol era un lugar sospeitoso. A paranoia da omnipresente vixilancia policial facía que calquera que ousase achegarse a ela temese que podía quedar fichado. Non recordo ben como cheguei a dar con este centro vigués de resistencia cultural. Quizais me levou por primeira vez Arturo Xiráldez, un espírito inqueda que rebulía polo país ata que os seus pasos o levaron a asentarse nunha universidade norteamericana. Tamén puido ser por unha suxestión de Ferrín, a quen tratei un pouco, logo que fora profesor meu no Instituto Santa Irene.

A Penzol era unha biblioteca peculiar, dende logo. Pero non deixaba de ter un aire de familia coas que había entón no país:



a Municipal, marabillosamente encravada na beira da Alameda, e a do propio Instituto de Ensino Medio Santa Irene, á que eu accedín en 1969, cando cursaba quinto curso nese centro educativo, o que foi para min unha experiencia intelectualmente estimulante e liberadora. A Biblioteca Pública coñecina pouco, pero algunha vez a visitei a parei a ler nela.

Á Penzol non acudía calquera, caído alí por casualidade. Era un ámbito recóndito, semiclandestino, impregnado do segredo recendo que tivo en tempos a masonería. Frecuentábana unicamente escritores e estudosos da cultura e da realidade de Galicia, xa que era unha biblioteca especializada na temática galega. O neófito que se achegaba a ela facíao inducido por alguén: un profesor, un amigo ou mentor intelectual. Axiña tiña ocasión de ollar unha figura delgada, miúda, que se movía silandeira deambulando por aquela sala. Vestía case sempre de negro ou de cor escura e padecía unha coxeira visible. Mais non había o menor asomo de amargura naquela muller, admiradora devota de don Francisco, ao que trataba cun respecto extremo. Pronunciaba sempre o seu apelido cun matiz de reverenciosa unción e sen esquecer nunca de outorgarlle o tratamento de don. Posuía aquela muller unha amabilidade e unha calidez sorprendentes, sorría con frecuencia e atendía con dilixencia os pedimentos, ás veces tras realizar unha consulta previa co director, para localizar algunha obra que non daba atopado. Era de notar que cando o visitante volvía por alí, mesmo que fose ao cabo dalgúns meses, acordábase ben del —o que proba tamén que por alí non ía demasiada xente— e preguntáballe con inusual afecto: “Así que de novo por aquí? E que tal lle vai?” Chamábase Nancy e encarnaba o ideal de humanización dunha biblioteca como eran as daquela, lugares serenos, graves e con reberetes melancólicos.

Detrás dunha mesa, fumando con frecuencia un puro, tecleaba na máquina de escribir Francisco Fernández del Riego. Era todo un personaxe, un “esgrevio”, como trabucadamente se dicía entón. Cando o coñecín pareceume que era xa un home bastan-

te maduro. A primeira impresión era de distante receo —probablemente porque os tempos non estaban para bromas e non quedaba outra que desconfiar—, pero axiña un se beneficiaba dun trato cordial, e mesmo un chisco cómplice, daquel home que tiña un fondo socarrón e mesmo talvez falstaffiano. Aconteceu isto despois que vira que empregaba o galego nas preguntas que lle dirixía, o que facía con explicable inseguridade e nerviosismo, tanto por mor dos meus poucos anos e a moi limitada mundaneidade que aínda tiña, como pola precariedade do meu galego, aprendido a forza de voluntarismo e estudado naqueles entrañables textos do *Galego 1, 2, e 3*, que publicara o Instituto da Lingua Galega. Procedía eu dunha familia de clase media viguesa que se expresaba en castelán. Naquel tempo a utilización do idioma do país nunha esfera de rexistro culto, como podía ser unha biblioteca, xeraba moi axiña unha corrente de complicidade entre os interlocutores, pois intuían que dalgún xeito formaban parte dunha mesma confraría.

Nesta atmosfera comencei o meu labor de documentación para realizar a tese de licenciatura e logo a de doutoramento, que cando a defendín, no ano 1982, debeu ser a primeira, ou unha das primeiras, que se presentaron en galego na Facultade de Xeografía e Historia. Este traballo converteríase axiña no libro *O galeguismo na encrucillada republicana*, que publicou a Deputación de Ourense. Entre medias, fóralle entregar a Del Riego un artigo, como anticipo de publicación, sobre a historia do Partido Galeguista para que vise a luz na revista *Grial*, que el dirixía na compañía de Ramón Piñeiro.

Del Riego trasladouse despois á nova sede da Penzol, nun edificio emblemático no que se asentara antigamente a Casa Consistorial, situado entre as prazas da Constitución e da Princesa. Os fondos bibliográficos e o arquivo do escritor de Lourenzá pasaron a enriquecer entón o fondo que achegara o benefactor Fermín Penzol. Dispuña ademais de sala de exposicións e dun pequeno auditorio para presentacións de libros: alí presentamos algún número

de *Grial*, cando eu me ocupei da subdirección da revista na época en que a dirixiu Carlos Casares.

A nova Penzol constituía un espazo de traballo moi grato e pasou a converterse ademais nun lugar de encontro, en particular no verán, cando os investigadores que traballaban en distintas localidades aproveitaban as súas vacacións para realizar estudos sobre temas galegos. De cando en cando, deixábase caer por alí Ferrín para consultar algún raro libro de poesía galega, inencontrable noutra parte; tamén Alonso Montero, que preparaba o seu discurso de ingreso na Academia Galega; José Antonio Durán, decote mergullado en múltiples pescudas de historia social; e Gonzalo Allegue, preparando a magnífica biografía, de notable pulso literario, que fixo sobre Blanco Amor e argallando libros para publicar en Nigra. Nesta biblioteca instalei eu o centro de traballo e documentación para a realización da exposición conmemorativa do cincuentenario de Editorial Galaxia. Del Riego visitábanos arreo para parolar sobre a historia da editorial e, nunha desas, encargoume a preparación dun libro que recollera a correspondencia entre o galeguismo do interior e o exilio, no tempo do franquismo.

E por alí segue indo Nancy, cada vez con maior xordeira, conforme foron pasando os anos. E alí segue, xa xubilada. Unha muller que merece sobradamente un acto de recoñecemento por parte das xentes da cultura ■

## Arredor da Penzol

### Baldomero Cores Trasmonte

Polos días finais dos anos cincuenta do século pasado, tiven a sorte de vivir algunhas cousas da cultura e da vida, que ben poden ser como unha forma de iniciación extrasantiaguesa, eu que estaba vencellado a Santiago de tan intensa maneira,

só superada pola miña vocación fisterrá, construíndo todo iso a base dun federalismo emocional, extensible a outros campos da miña existencia. Esa nova forma de visión de pobos vividos con intensidade, con respecto a Vigo contaba cun precedente deportivo, pois era para min Balaídos como unha forma de vida, que non chegaba á exaltación forofa. Cando me iniciiei, pois, na cultura viguesa, era Vigo para min un tanto familiar. Pero será, máis ou menos polo anos de 1958 e 1959 cando a miña experiencia cultural viguesa se intensifique, e tome unha andadura máis cultural. Un documento entrañable que me merece toda confianza axudará algo máis a perfilar os arredores dos tempos iniciais desas novas vivencias viguesas. Trátase do libro titulado *Poesía galega contemporánea*, do que era autor Ramón González Alegre. Na súa primeira páxina estampou o poeta a seguinte dedicatoria: “Ao meu amigo Baldomero Cores, sociólogo, cunha aberta. 1960. Maio”. Eran testemuñas de tal acto nada menos que Bene, famoso fotógrafo de prensa, Sevillano, Celso Emilio e algúns máis. E o sitio onde se plasmou a dedicatoria era nada menos que A Pedra, na plenitude da súa gloria e refuxio inevitable do poeta e dos seus amigos.

Quizais ninguén puidese definir o motivo que me levou a terras viguesas, como aquel poeta berciano que, por aqueles tempos era moi sonado, de notoria fama e consideración intelectual. Pois ben, ó abeiro de tan notable paisaxe cultural, ó que había que encanarlle a amizade de Roberto González Pastoriza e de Paz-Andrade, cheguei a Vigo para exercer esa función de sociólogo, coa que o poeta me cualificaba. A razón da miña presenza na cidade viguesa debía a trafegos sociolóxicos, que tiveron algunha repercusión pública, e chegaron a oídos do notable poeta. Un deses trafegos tiña por obxecto facer un estudo de campo entre o Areal e A Guía, dentro dos estudos de comunidade que baixo o patrocinio da Unesco organizaba a Escola de Ensinanza Social de Santiago, da que eu era profesor. Outro deses trafegos consistiu en dar algúns cursos sobre ecoloxía social e socioloxía

urbana, que si contaron con grande asistencia de público, non dubido que foi máis atraído pola novidade do asunto que pola pericia do seu ousado expositor. Entre os asistentes, sentaba praza, entre outros coñecidos, Xaime Isla Couto, a quen eu pouco ou nada podería ensinar.

Vencellado a ese panorama sociolóxico, hai que encanarlle a colaboración que pasei a facer en *Faro de Vigo*, por expresa e persoal invitación do seu ilustre director, Xosé Díaz Jácome. A colaboración era semanal e levaba por título nada menos que o de “Porvirismo”, desde a que se intentaba ofrecer unha perspectiva sociolóxica da cultura galega.

Todo este marco previo vén a conto, salvados os meus excesos narcisistas, porque os devanditos acontecementos serviron para facerme unha idea do que podía ser para Vigo e para Galicia que o patrimonio documental, hemerográfico e cultural, que Fermín Penzol atesouraba, servise de base e fundamento para fundar unha institución que, aberta ó público, fose fogar de investigadores, estudosos ou curiosos da cultura galega. Puiden apreciar axiña como a idea da fundación, sobre a que non había dúbida, pois era motivo de contento xeral, por unha vez, pois non era o pobo galego exemplo de unanimidades, querían uns que se establecese en Santiago, mentres que outros, entre eles o fundador, coidaban que debía ser Vigo quen a recibise para que desde aquela institución a riqueza cultural galega puidese espallarse máis devagar. Non chegou a ser unha polémica aberta, pero mantívose o estado de opinión discrepante ata que as portas da nova Fundación Penzol se abrían no ano de 1963, na rúa de Policarpo Sanz.

Non podería dicir con exactitude cando estiven por primeira vez nela. Era, en todo caso, debida a miña presenza á procura de ideas sobre os grandes do provincialismo galego. E como co paso do tempo son moitos os fondos dos que fixen uso, as miñas presenzas poden medirse polo ritmo da miña publicación, que resulta un índice tan preciso como outro calquera. Son moitas as xornadas pasadas no seo de tan ilustre institución. En calquera

caso, foi Xohán Vicente Viqueira unha das personalidades que máis tiven en conta, como unha das figuras que me levaron ata o pé da Fundación.

Sempre me sentín un máis desta inspiradora e alentadora casa, e coido que a amizade é recíproca. ¿Como non ser animador e admirador dos que desde o primeiro día fixeron dunha institución cultural un centro de sentida convivencia? Que o diga don Paco, fundamento deste esforzo; que o diga Nancy, hoxe xubilada, que foi das primeiras que coñecín na rúa de Policarpo Sanz; que o digan Marián e Pula Díaz, e Xosé...

Que o diga Xosé... E aproveito para recordar unha pequena odisea bibliográfica na que os dous xogamos algún papel. Ben, quizais poida gabarme con Xosé de ter un pequeno mérito, nunha aventura hemerográfica que acabou en fonte de fraternidade documental entre varios amigos. Vexamos: recibía eu no Parlamento un detallado expediente de información política, económica e cultural, deses que están destinados ó transo final da trituradora. Para darlle un sentido máis perenne, no receso dunha sesión do Instituto Galego de Información, mentres conversaba con don Paco e con Isaac, faleilles da pena que daba tirar ó gasto aquela documentación hemerográfica, cando podía ser usada por tantos investigadores, como así pasou logo. Con notable axilidade, don Paco fíxose eco da oferta, e coa mesma rapidez aparecería Xosé no escenario de tal aventura, para franquear a distancia entre Vigo e Santiago, e recoller os exemplares correspondentes a cada mes. Non era fácil xuntar aqueles volátiles exemplares, pero cubrir os fallos dos exemplares que se perdían, ou o que fose, tivo en cambio a virtude de xuntar funcionarios e algún deputado, para que a colección chegase completa a mans de Xosé. Neste momento gozoso, para a institución, recordamos con tristeza o pasamento de tan notable amigo, peza clave do funcionamento cotián desta amiga de todos que é a Fundación Penzol ■

## A Penzol

Antón Costa Rico

A miña relación coa Penzol vén de lonxe, pois andei a traballar nela por vez primeira en 1975, sendo eu daquela estudante de Filosofía e Letras, Sección de Pedagogía, na Universidade Pontificia de Salamanca, onde estaba a preparar a miña tese de licenciatura arredor da figura do pedagogo renovador francés Celestin Freinet. Freinet, entre outras iniciativas e propostas, favorecía a aprendizaxe da lingua a partir dos usos dos propios nenos, e isto podería ter algo que dicir para a aprendizaxe e o uso do galego na escola, isto é, nas institucións educativas en Galicia.

Na tese que eu preparaba, e que me permitiron redactar en galego, había de haber, e houbo, un lugar para os textos de creación libre feitos por nenos e nenas do país. E por algún camiño, que agora non recoñezo exactamente, souben que na Penzol Valentín Arias acumulara e gardara as varias decenas de páxinas de xornal a toda plana publicadas dous anos antes en *Faro de Vigo*, baixo a súa coordinación, favorecendo un dos primeiros xermolos do galego no ensino primario, a partir, sobre todo, da metodoloxía dos textos libres. Na Penzol mostraríame Valentín estas follas e alí tomei nota dalgúns dos textos que máis me interesaron. O que se chama ir *ad fontes*. Recordo a Penzol como un lugar máis ben pequeno, acolledor sobre todo, silandeiro e concentrado, coas cadeiras de coiro, mentres o balbordo estaba fóra, na central rúa de Policarpo Sanz.

Pouco despois, e sendo xa profesor non numerario en Santiago de Compostela, comezaría a ser visitante un chisco asiduo desta biblioteca; en efecto, debo sinalar que a miña tese de doutoramento que, en parte, moitos lectores coñecen a través do libro *Escolas e mestres* (Santiago, 1989), é abundantemente debedora da Penzol; tamén doutras, mais agora falamos da Penzol. Ás veces, na compañía do trecoleo da Remington de don Paco, para quen eu era un dos novos, pero, en todo caso, e por fortuna

para min, comezara a andar embarcado no novo Seminario de Estudos Galegos e iso dábase algunha “proximidade”. Ademais era “camilista” confeso, é dicir, da *troupe* de Esquerda Galega, á que don Paco ollaba con simpatía.

Ao longo dos anos oitenta, máis nos primeiros e nos últimos, andei alí á consulta con algunha miudeza, o que volvería acontecer nos veráns de 1991, 1992 e 1993, en particular. Neste trienio e nas xornadas estivais foron unha mañá tras doutra na Penzol, tal como andar na horta deseguido ou a segar pan á mantenta. E xa na Casa da Cultura e con Marián, aínda que non só, a prover de libros, de xornais, de revistas, de folletos... para a voracidade do pescudador. O pescudador, eu mesmo, andaba con cousa maior: cos primeiros, segundos e terceiros pasos dun proxecto que logo de catorce anos desembocou na *Historia da educación e da cultura en Galicia* (Vigo, 2004); historia esta e obra pola que o autor recibiu gasalleiramente chufa e loanza, que debo estender, por máis que non só, á Penzol.

Nos anos seguintes visitei menos a biblioteca, pois xa fora recollendo datos e informacións e mesmo fotocopias que precisaba e o que se imponía era redactar, escribir, corrixir, anotar... Logo de 2004 volví a ela con algunha asiduidade, pero máis que para consultar, para levar papeis e libros. Outra forma de ir á Penzol, co seu aquel de templo masónico, segundo gusto pensar para o meu maxín. Levei boa parte dos papeis que eu gardaba do POG (o Partido Obreiro Galego) e de Esquerda Galega, a *Revista Galega de Educación*, cousas de Nova Escola Galega, números de *Sarmiento. Anuario Galego de Historia da Educación, Historia de la Educación*, e por riba dun cento de libros, case sempre relacionados directamente coa nosa cultura. Ben sei que tamén por librar espazo da casa, pero non só; tamén por un sentido das cousas... por algún sentido do “deber”, e ha de haber lectores que me entendan ben.

Non sei se a Penzol é o corazón intelectual do país, pois sería moito dicir, pero lonxe non lle ha de andar e para moitos de

nós, en calquera caso, forma parte da nosa memoria sentimental, cunha idea de laboriosidade, constancia, ideais... ao tempo que de lonxe se oe o rumor *Deus fratesque Gallaeciae*.

A Penzol, tan arrequecida actualmente polos libros e tanta cousa tan valiosa que alí foi depositando don Paco, xuntándoas ás de don Fermín e dona Branca, é por todo, un prezado símbolo; mais é tamén un centro vivo de saberes, como unha veiga de pan que sempre dá de comer, e sábeno ben tantos investigadores e investigadoras, tantos xornalistas, *A Nosa Terra*, Xerais, Galaxia, a *Enciclopedia Galega Universal*, e Xan e Pedro, e por iso estamos ben agradecidos... e dicímolos ■

## *A esmorga á luz da Penzol* Xosé Manuel Dasilva

130

**A***esmorga* representaba unha materia pendente ata non hai moito para min. Durante algún tempo, desde 1986 ata mediados dos anos 90, expliquei a novela nun instituto de Vilagarcía de Arousa como parte das miñas tarefas docentes. Daquela non daba entendido o final, sabendo como sabía que o propio Blanco Amor dixerá que a censura llo esnaquizara. Comecei a dexergar un pouco a luz, pouco antes de deixar aquel instituto, cando a Editorial Galaxia restituíu na obra algúns anacos mutilados. Mesmo así, o seu remate seguía a parecerme non sorprendente, mais si en certa medida brusco, coma se no texto faltasen cousas que permitisen considerar absolutamente redondo o desenlace.

A elucidación do que é unha das historias editoriais máis enleadas da literatura galega principiei a albiscala anos máis tarde, na Penzol. Entre os fondos documentais da institución hai unha parte que, ao meu entender, atesoura un valor extraordinario. Refírome á correspondencia de moitos protagonistas da nosa historia política e cultural. Os materiais epistolares téñenme va-

lido adoito para encher baleiros. Coido que as cartas tenden a ser fontes abondo obxectivas, porque cando alguén escribe unha comunicación privada, en condicións normais non está a pensar en quedar a ben coa posteridade.

Na Penzol gárdase unha carta, efectivamente, que é a punta do fío do que tirar para desenlear a maraña que envolveu *A esmorga* ao longo de máis de cincuenta anos. Divulgada ata agora só en parte, trátase dunha misiva que Ramón Piñeiro, probablemente o primeiro lector da narración en terras galegas, lle enviaba a Francisco Fernández del Riego o 13 de marzo de 1956. Grazas a este valioso documento, puiden verificar despois, seguindo o rastro axeitado, como a Editorial Galaxia quixo editar a novela en 1956 e non puido facelo debido ao impedimento da censura franquista, como esta tivo que saír do prelo en Buenos Aires con bastantes dificultades, como apareceu publicada en Galicia en 1970 sen algúns fragmentos novamente por imperativo da censura e como, en fin, aínda hoxe circula sen algunhas pasaxes entón rabenadas. Tales pasaxes, que se sitúan no derradeiro capítulo, insisten no medo arrepianante de Cibrán ao “coartelillo”, polas pancadas da Garda Civil, outorgándolle así pleno sentido a aquel remate que antes se me escapaba.

A carta de Piñeiro posúe, como antes dicía, un relevo inestimable. O orixinal d'*A esmorga* trouxérao Díaz Pardo de Arxentina e, en calidade de director literario de Galaxia, encargouse el de o ler. Para Piñeiro, a novela era moi destacable polo esforzo lingüístico e a novidade técnica, conforme lle aseguraba a Fernández del Riego. “Dende logo está ben”, xa adiantaba no inicio da súa carta. Malia todo, presaxiaba que a censura non iría consentir que *A esmorga* se imprimise, e verdadeiramente non errou no vaticinio.

É un labor pendente esmiuzar o papel que este órgano coercitivo xogou no programa literario de Piñeiro, tan debatido en ocasións. O propio Díaz Pardo tentaba facerlle ver a Blanco Amor o seu peso determinante: “Tribunal inquisitivo; cousa se-

ria, porque ademais de ser unhas bestas de bigotiño recortado son uns analfabetos”. Méndez Ferrín declaraba, non hai moito, que a censura franquista pouco o maltratara, a non ser na prohibición do conto “Elipsis”, porque escribía xa pensando nela. Puido engadir que un proxecto que pretendeu levar a cabo a finais dos anos 60, consistente nunha antoloxía da poesía galega contemporánea de temática socialrealista, antecedida por un estudo da súa pluma, non saíu adiante debido ás supresións esixidas pola Dirección General de Información.

Da sinceridade coa que Piñeiro avaliaba *A esmorga*, pondo de manifesto a súa excelente feitura, é proba palpable o que Díaz Pardo lle escribía a Blanco Amor só cinco días despois da carta a Fernández del Riego: “Onte estivo aquí, pasando o día no Castro, García Sabell, que con Ramón Piñeiro é o censor de Galaxia. Publicaranche a novela. Gustoulles moito o mesmo que a min”. Díaz Pardo non tardaba moito en salientar noutro envío: “Todos os de Galaxia están entusiasmados co teu libro”. Un exercicio moi ilustrativo sería cotexar a estimación antagónica que *A esmorga* merecía por aquelas datas de Piñeiro e de Carballo Calero. Este aludía á novela, con desleixo, como “el testimonio del picapedrero”.

A partir da carta de Piñeiro a Fernández del Riego, non sen esforzo conseguín logo acceder aos diversos expedientes de censura d'*A esmorga*, desde o da frustrada publicación de 1956 ata a instancia de solicitude de permiso para a segunda edición galega, rexistrada oficialmente só catro días antes da morte de Franco. Non vou reiterar aquí as conclusións do traballo que arrincou dos fondos da Penzol, expostas nun artigo na revista *Grial* co título “As vicisitudes editoriais d'*A esmorga*”. Mais, ao menos, quero determe arestora nalgúns aspectos, porque moitas veces foron obxecto de interpretación pouco atinada ou mesmo de terxiversación.

O primeiro deles é que Piñeiro recibiu cunha desconfianza talvez excesiva a remisión d'*A esmorga* para que a lanzase Ga-

laxia, ao pensar que se trataba dunha manobra dos galeguistas arxentinos non carente de implicacións políticas. Hoxe sábese que Blanco Amor escribiu a novela precisamente por encargo destes, como xa sospeitaba Piñeiro, mais co propósito de a editar en Buenos Aires. Se *A esmorga* acabou nas mans de Galaxia foi porque en última instancia os galeguistas arxentinos decidiron non publicala, para castigar a rebeldía de Blanco Amor. Velaquí o que lle escribía o mesmo Blanco Amor desde a capital arxentina a Díaz Pardo, en outubro de 1956, tras coñecer o informe negativo da censura: “Realmente o que correspondía era que a publicasen os que eiquí me a encargaron. Pero como me fun da *obediencia*, entonces deixei de ter condicións literarias”.

Outro aspecto que cómpre pór en claro é que Edicións Castrelos, e non Galaxia, era quen ía editar *A esmorga* no ano 1970, na segunda tentativa de dar o libro ao prelo en Galicia. Tan só nos últimos intres Blanco Amor resolveu, de maneira inopinada, que a obra a estampase a mesma editorial que catorce anos antes amosara interese por ela. O escritor ourensán contáballe nunha carta a Luís Seoane, por aqueles días, que Edicións Castrelos decidira pór na rúa, como reacción, varios centos de exemplares da edición bonaerense d'*A esmorga*, aínda sen vender.

Nos próximos meses volverei á Penzol para afondar noutro asunto tamén relacionado con Blanco Amor. E é que non vexo razón para que *Xente ao lonxe* siga a difundirse con aquela “Advertencia” que teceu o autor a última hora para a primeira edición, impelido polos atrancos da censura. Tampouco estou seguro de que a versión publicada da novela responda a todo o que saíu orixinalmente do seu maxín. Intúo que a punta do fío do que tirar estará outra vez aquí ■

131

## Pasar por Penzol é vivir

José Antonio Durán

Aínda hoxe, despois de tantos anos, me pasa o mesmo. Se non visito a Penzol, saúdo a eterna e limpa cabeza branca de Del Riego, converso sen présas co equipo que hoxe comanda Marián, fáltame algo. Teño a sensación de non ter estado en Galicia. Daquela, cando comecei a frecuentar a biblioteca na primeira sede, o meu tempo de residencia galega era moito menor que hoxe. Pero a Vigo procuraba ir sen présa. Xa daba por sentado que a *tertulia* da Penzol era tan importante como a investigación bibliográfica. O utilísimo catálogo de Pedro e Olga, tan sinxelo, veu logo na miña axuda e foi unha sorpresa continua.

A Fundación Penzol non era só un fondo excelentísimo de libros e revistas de Galicia, sazonados por *contertulios* de nivel; tamén contiña outro fondo de documentos de enorme interese. A miña investigación é debedora de múltiples asuntos que hoxe particularizan a obra de Durán. Teño contado moitas veces, con relación a ese magnífico traballo de Olga e Pedro, o que me pasou con Manuel Portela Valladares.

Despois de ir descubrindo a súa fascinante personalidade a través dos estudos de Castelao, do Agrarismo, etc., cando lín que alí estaban as súas memorias, dei por sentado que serían concisas. Unha especie de reflexión xornalística sobre si mesmo. Pedín esa referencia, con tal convencemento, coma se fose un libro ou un documento máis, do feixe de consultas habituais que levaba preparado. Pero... necesitei un ano de intenso traballo, para reordenar o dietario e presentar as revelacións e as reflexións inéditas, tan maravillosamente narradas polo autor. Dous libros de resultados que alguén valorou como un dos achados documentais máis importantes de décadas sobre a España e a Europa dramática da primeira metade do século XX.

*Caralla Campante*, con excelente pluma, sentido do humor e rigorosa información inédita, pasaba a formar parte da rara nó-

mina de políticos de primeiro nivel que contan con algo comparable. Nin sequera hoxe se atreveu a cansina cultura dominante a sacarlle punta ás revelacións de Portela, impublicables pola súa contundencia cando foron escritas...

Del Riego dixo algunha vez que dos millóns de galegos que residiron en Madrid, só eu pasei a vida recollendo materiais fundamentais para a reconstrución da memoria histórica do noso antigo país atlántico. En parte este eloxio é certo e moi grato para un amigo que sente por don Francisco afecto preferencial. Pero algo parecido ao que fixen eu, fixo no seu paso por Madrid Fermín Penzol. Fíxenme vello desconfiando das declamacións patrióticas, porque o patriotismo faise a golpe de traballo e de silencios. Por iso a obra de Fermín marabilla. E por iso, como no caso de Portela Valladares, Luís López Ballesteros, etc. quixen facer no Obradoiro un audiovisual para salientar ese galeguismo sen mácula. Tan á contra do oportunismo patriótico que nos circunda...

Os funcionarios da Biblioteca Nacional de España tiveron a humorada de facerme asinar no libro da institución. Na follá que me ofreceron, Mario Vargas Llosa escribiu moito, e co seu tino de costume. A min quedoume pouco espazo, mais non precisei do envés. Chegoume para dicir o que diría da Fundación Penzol: “Nesta casa fíxenme vello e fun feliz”. Moitas grazas, queridos amigos, por deixar que o exprese coa franqueza de que presumo ■

## Don Paco e a illa do tesouro

Camilo Fernández Valdehorras

Benquerida amiga: como observas, mal empezo encabezando este memorando —que se supón de certa substancia erudita— coa remisión ao título dunha célebre novela de Stevenson. Non, obviamente, porque me dispoña a inxeniar unha de bucairos e piratas patapaos, xaora, senón por coidar que as miñas

vivenzas *das Penzol* (sinécdoque así, para min, en plural) vistas en xunto gandúxanse nun curioso nobelo de aventuras. Pois o certo é que “coñecín” a “don Fermín” en Ribadeo primeiro que a “Penzol” en Vigo. E denantes que a “don Paco” e aos libros de Galaxia asinados por Francisco Fernández del Riego souben en Lugo de *Salvador Lorenzana*, de *Cosme Barreiros* e sobre todo de “o Del Riego”. E un día que me semella xa lendario do século pasado, no andar da vella Penzol da rúa Policarpo Sanz de Vigo dei, con abraio, coa “Illa do Tesouro”. E outro día de comezos deste século, xa na nova Penzol da Porta do Sol atopei —con abraio redobrado— a “Cámara Áurea” de Otero Pedrayo. Pero fíque o desenobelo dese nobelo para mellor emposta e veñamos ao que convén ao caso.

A tarde imprecisa do mes de outubro de 1978 en que entrei pola primeira vez no *sancta sanctorum* do Galeguismo (“a Cova do Santo Grial” como en Rompente lle chamabamos), a súa limpa austeridade de *scriptorium* monacal produciume a impresión de me atopar na cela dun padre Sarmiento laico do século XX, *illa de dignidade* no medio da esterqueira política e intelectual á que o réxime universitario nos tiña afeitos. No curto paseo que dei entre aquela follateira mesta de escritos arrumados, na que relocían os lombos encadernados en pel verde, amarronada, vermella, das testemuñas bibliográficas máis honorábeis da nosa Razón de ser como herdeiros da Magna Cultura de Occidente que nos funda e distingue como galegas e como galegos, alaguei na Fonte das fontes, na nacente dos miños e dos siles caudais que drenan os saberes de nós no espazo-tempo. E, coma un súpeto relustro, no brillo daquelas xoias de papel que alí se amoreaban deslumbroume o Inventario do Destino, o Rexistro do Sentido, a Memoria dos clans e dos patrucios da Etnia, o Arquivo arcano da Lingua... *A tradición que nunca nos traicionará.*

O meu “nostos” coa Penzol produciuse na década dos noventa do século pasado, na nova sede (praza da Princesa, 2) da Porta

do Sol. Como nun *retorno á patria perdida*, nela experimentei todo o contrario daquela primeira visita en que me cativou a dilixente presenza de don Paco, mareoume o tufo libresco de *hortus clausus*, noqueoume a contempla nas vitrinas do magno exército bibliográfico en caótica formación de combate e espantoume o dicerio de “materia reservada para investigadores” daqueles armarios pechos de impresos e pergamiños desarrumados. Desta volta, a Illa do Tesouro da nova Penzol deparábame outro agasallo excepcional: a descuberta do fondo-arquivo de Ramón Otero Pedrayo.

Era 1993. No outono precedente estrearamos en Trasalba, coa compañía do Centro Dramático Galego *A lagarada* (na que exercín os roles de promotor, dramaturgo e axudante de dirección), concibida como parte escénico-experimental da tese de doutoramento sobre o mundo dramático do ourensán na que andaba envolto neses anos. De xeito que un día calquera de inverno subín as escaleiras do estólido edificio da Casa Galega da Cultura ata o segundo andar á procura dun ensaio inédito de Otero titulado *Xenio e ser de Galicia* (do que dera noticia F. F. del Riego en *Grial* 84, 1985). Recibíume Marián Vidal e logo de me identificar solicitei consultar ese orixinal no arquivo de Otero Pedrayo. Marián amosoume un folio mecanografado coa listaxe das caixas numeradas e unha sumaria descrición dos contidos, advertíndome que nel non se rexistraba todo o fondo dado que estaba aínda por catalogar co debido detalle (“xa empezamos!”, matinei). Dirixiuse logo á entrada dun cuarto próximo, abriu a porta e o que entrevín deixoume estantío. Alí estaban ordenadamente dispostas máis dun cento de caixas arquivadoras que ateigaban a cámara! Esculquei no infolio e soliciteille, case ao chou, un arquivador para catar se o que se consignaba no papel se correspondía co que de certo gardaban as caixas. Baleirei de vagar o contido na mesa e axiña comprobei que persistía “a caótica exuberancia documental” á que aludira Pedro López (“tradición da casa”, cavilei, un aquel

desolado). Erguín a vista do caos, empeteino de novo no arquivador e no relustro dun intre propúxenme a min mesmo un reto: ensumirme na fronda do arquivo-maremágnun oteriano para ver de bosquexar un “mapa do tesouro” que acababa de descubrir.

Uns cinco anos despois deille ramo (provisorio, claro) ao desafío e inclúese no terceiro tomo da miña tese. Imposíbel esaxerar o gozo e a fatiga que me reportou remexer con celo nesa morea de caixas e paquetes a rebordar de cadernos, infolios, manuscritos, retallos de xornal, cartas, informes, axendas...

Nos últimos cinco anos apenas acudín á Penzol máis que en visitas de cortesía. Nalgunha delas, conversei coas bolseiras aplicadas no inacabábel labor de ordenar ben o fondo. Queixosas —con razón— de que no pouco tempo dos contratos pouco máis podían facer que tomar conta do revoltallo. Gardo delas como agasallo unha completa árbore xinealóxica de Otero elaborada sobre os documentos familiares, aínda inédita. Tamén inéditas seguen no meu poder as “Actas do Coloquio Oteriano de Barcelona”, entre cuxas achegas se inclúe un longo e detallado informe de Marián Vidal sobre os contidos do Arquivo ROP. E o orixinal de case tres mil páxinas da miña tese de doutoramento sobre a cosmovisión estético-relixiosa e a literatura dramática oterianas segue tamén dende hai dez anos (agás algún capítulo xa divulgados en forma de artigos, o “Pro Ópera Omnia de ROP”, etc.) á espera de editor.

Arestora, en fin, cando nun país aínda sen vertebrar nos seus ricos fondos bibliotecarios e arquivísticos seguimos sen novas certas acerca da apertura da que está chamada a ser Biblioteca (Nacional) de Galicia na Cidade da Cultura do monte Gaiás de Compostela moito me folgo de axuntar aquí o meu croio ao milladoiro dos que reclaman o xusto recoñecemento público para a Penzol.

E agora, cara amiga, xa sabes ademais por que se me perdo en Vigo abofé que me atoparás feliz remexendo nos arquivadores

e nos alzadoiros desa benaventurada “Illa do Tesouro” de don Paco. E, máis en segredo, na “Cámara Áurea” de Ramón Otero Pedrayo que é, para min, o cuarto escuro que custodia o arquivo do xenio maior e mellor das letras galegas do século XX. Aí o está, á agarda de quen o apeteza (e oxalá o mereza), no segundo andar da Fundación. Nese faro vigués de alta cultura decote a irradiar feixes de luz propulsora do espírito científico da galeguidade.

## Un lugar de encontros

**Xosé Luís Franco Grande**

Dende o momento mesmo da súa inauguración, a Fundación Penzol foi un lugar de encontros, no que confluían xentes moi diversas e de moi diferentes actitudes, aínda que case todas elas tiñan a Galicia como norte das súas vidas. Así foi polo menos ata que deixou os locais do número 24 da rúa Policarpo Sanz.

O catalizador destes encontros foi Francisco Fernández del Riego, quen, coa súa particular maneira de traballar —atendía a todos sen deixar de facer o que tiña entre mans, escoitaba e falaba, todo a un tempo— falaba con uns e con outros, aínda con aqueles que, como Landeira Yrago ou eu mesmo, aproveitabamos un tempo de cada día para facerlle compañía, para cambiar impresións, para repasar a actualidade ou tamén para conxurar o pasado, ou sinxelamente para pasar un pouco o tempo...

O acto oficial da inauguración, cunha conferencia de Rodrigues Lapa, foi xa el mesmo un encontro con xentes chegadas de toda Galicia, xentes cunha idea cabal da importancia que para o país tiña a fundación que Fermín Penzol nos entregaba. Xentes diversas, de moi afastadas inquiredanzas e de moi diferente formación, pero que todas confluían na cobiza de modernización de

Galicia, na importancia de coñecer mellor o pasado para mellor construír o futuro, en saber que en diante xa non teriamos o oco e o baleiro, remediados pola entrega da fundación, que tiñamos nos estudos filolóxicos e históricos...

E seguiu sendo a Fundación Penzol, na súa localización primixenia na rúa de Policarpo Sanz, un lugar de encontros. Xosé Manuel Beiras, Landeira Yrago, Alonso Montero, Arjona... todos de tan diversas inquiredanzas, estaban alí presentes acotío, unhas veces investigando, outras facendo a *Revista de Economía de Galicia*, outras traendo fichas —agora refirome a Landeira Yrago— cheas de notas eruditas, claras, precisas, sempre ben fundamentadas, sobre calquera curiosidade que algúns, eu entre eles, lle preguntaran o día anterior.

Todo se podía facer na Fundación, dende planificar as clases de galego que iniciáramos Ferrín e mais eu no Instituto Santa Irene, ou as actividades que se pensaban desenvolver na Asociación Cultural de Vigo, ou actos máis ou menos de actividade política, ou que tiñan que ver con ela, ata xuntanzas máis ou menos informais que, por non dispoñer doutro lugar, tamén se facían alí, por suposto baixo a ollada vixiante e raposeira de Paco del Riego.

Somos moitos os que por alí vimos andar a Odriozola, coa súa eterna flor de camelia no ollal da lapela, ben consultando algún folleto, ben traéndoo, se se traba dun traballo seu, para incorporalo á biblioteca, ben botando unha parolada con uns e con outros, sempre aberto, simpático e de pouca paraxe. Nunca souben se Odriozola viña a Vigo por algunha razón profesional ou se só viña para dar unha volta pola Penzol: aparecía, permanecía pouco tempo e desaparecía para non tardar en volver calquera tarde de calquera día.

Xentes da cidade e de fóra dela, de calquera parte de Galicia —Leuter Salgado, Bernardino Graña, Camilo Gonsar, cando este aínda non vivía en Vigo, Álvaro Gil, e tantos outros—, aparecían pola Fundación Penzol, case nunca para investigar senón para falar, para encontrarse con alguén.

Alí coñecín persoalmente a Ernesto Guerra da Cal, con quen me escribía dende o ano 1959. E por alí apareceron un día Dámaso Alonso e a súa muller, con Constantino García. Nunca puider esquecer o bo galego que falaba Dámaso, a fluidez con que o facía e a naturalidade que demostraba. Ou tamén Ramón Martínez López, que aínda era profesor en Texas, atento a una posible nova canción galega, preocupación de moitos por aquel entón.

A lista podería seguir, pero por hoxe abonda ■

## O goce do tempo detido

**Helena González Fernández**

Debullla a famosa *Cantiga CIII* da colección alfonsí a sensación de tempo detido polo goce: “Se verei do Parayso, o que ch’eu muito pidi”. E vin o paraíso, porque así vivín a primeira e tateante experiencia de investigación nos estudos galegos desde as salas da Fundación Penzol, con vistas aos tellados, as antenas, o remuíño das gaivotas fóra e un magno territorio bibliográfico dentro. A historia de como alí cheguei en 1987 soará a repetida. Xesús Alonso Montero, profesor no Colexio Universitario de Vigo, aconsellounos consultar aqueles fondos vizosos para resolver un traballo de curso sobre a *Cantiga CIII*. Alonso explicounos o que significara a Fundación Penzol na Galicia recente, falábanos dos seus descubrimentos entre aqueles libros, atopábámolo naquela sala moitas tardes á procura do título esquecido e o dato pequerrecho que só el sabía atopar na selva das páxinas impresas. Así fomos aprendendo os rudimentos da investigación literaria e nunca lle habemos de dar por ben paga esa iniciación apaixonada á bibliofilia, á investigación e ao valor da biblioteca como territorio da memoria común.

Volvíñ á Penzol noutras ocasións para resolver exercicios e un libro imprevisto: a monografía sobre Luís Seoane que me encar-

gou a Editorial Galaxia. Fun alí para documentarme sobre aquel pintor polifacético e descubrín unha América profusamente escrita por galegos: a dos intelectuais e exiliados naquela cidade cosmopolita e “europea”. Na infancia, Buenos Aires e Caracas construíranse á medida da nosa imaxinación. Resultaban tan próximas e exóticas como Chandebrito ou Mañufe, porque algún parente, algún veciño da parroquia de Comesaña, vivía daquela banda pero nunca nos explicaran as medidas exactas das vangardas artísticas á beira do río da Prata. Na Penzol apalpei as primeiras edicións de libros galegos vindas de América e fun pasando, unha por unha, as páxinas da colección orixinal de *Galicia Emigrante* ou aqueloutras revistas que me ensinou Fernández del Riego. Guiábame, desde Nova York, Xoán González-Millán, que fora o meu segundo mestre de biblioteca no tempo das laranxeiras, en xaneiro de 1992. Logo volvín para documentarme sobre Manuel Antonio, Rompente e mais as poetas galegas contemporáneas, as “mulleres atravesadas por unha patria” que estudei na miña tese de doutoramento. Para reconstruír as pegadas daquelas escritoras das que case nada se sabía e entendelas en relación ao seu tempo, precisaba consultar primeiras edicións esgotadas e, sobre todo, ler e mirar as revistas galegas dos anos 60, 70 e 80. E así fun pasando na Penzol, unha por unha, diversas revistas, de *Chan a Teima* (aí as escritoras, como puntos suspensivos), e mais *Festa da Palabra Silenciada*.

En Barcelona coñecín dous embaixadores desa Fundación. Basilio Losada, entre as moreas de libros de altura variable, e mais Xesús González Gómez, teimaban na súa importancia, no papel de Fermín Penzol e de Fernández del Riego como mantedores daquela ufa. Aínda levou un tempinho entender en emoción propia as medidas dese magno territorio de libros e memoria. Só cando a miña colega María Xesús Lama e mais eu nos puxemos a editar o intenso epistolario entre Ramón Piñeiro e Basilio Losada, entendemos a emoción de partillar a construción dunha biblioteca. Durante as súas estadias en Barcelona, Fermín Penzol

e mais Losada percorrían as librerías de vello á procura de cancioneros medievais e mapas para alimentar os fondos. Seguían como Sherlock Holmes os catálogos de libros estranxeiros e releaban cos libeiros tal peza ou tal outra. Finou Penzol e mudaron os tempos, pero González Gómez tomou o relevo enviando canta publicación relacionada con Galicia ía saíndo das comunidades galegas ou asomaba no Mercat de Sant Antoni, de tal xeito que para seguir pescudando, poñamos por caso, no diálogo cultural entre Galicia e Cataluña haberá que ir á Penzol e o goce do tempo detido da investigación.

Que xa vin do paraíso “algun pouco de seu viço ante que saya daqui” ■

## Unha e moitas débedas coa Fundación Penzol

**Gerardo González Martín**

Dende o meu primeiro ao meu último libro, case que todos son debedores do excelente patrimonio documental da Fundación Penzol. O máis lonxano, *La vocación ferial de Vigo* (Deputación Provincial de Pontevedra, 1985), contén incontable material relativo a todo tipo de feiras e exposicións galegas e de todo o mundo, que obtiven no seu día nesta casa. Na última obra, *120 anos de ciclismo galego* (Galaxia, 2007), é obrigado mencionar expresamente a revista deportiva *Sprint*, que alá polos anos trinta do pasado século atendeu de xeito moi especial as actividades velocipédicas. Publicación que forma parte do amplo fondo hemerográfico da Fundación Penzol, e que foi unha das significativas fontes, entre as moitas empregadas para elaborar o citado libro.

O certo é que as doce obras que teño publicadas de temática viguesa —nalgún caso con extensión a Pontevedra ou a Gali-

cia— foron posibles en todos os casos grazas ás contribucións documentais da Penzol, entre outros centros de investigación. Con temas tan dispares, ademais dos citados e algún outro, como a historia da Cámara de Comercio viguesa no seu centenario; biografías recollidas en dous libros, nun deles facendo tamén unha aproximación ás discriminacións a Vigo na súa historia; a orixe do automóbil en Vigo e na provincia, alá polos últimos anos do século XIX e primeiros do XX; a vida e obra do cronista Avelino Rodríguez Elías, que entre a súa grande obra inacabada deixou sen rematar un dicionario galego; os primeiros noventa anos de historia da Asociación da Prensa de Vigo; unha ampla representación dos vigueses soterrados en Pereiró, exame feito para un libro de varios autores cando o cemiterio cumpriu cen anos, así como unha contribución aos inicios da Universidade de Vigo, noutro libro colectivo, neste caso coa análise do interese que tiveron para a cidade as dúas institucións pioneiras no ámbito universitario de Vigo: a Escola de Artes e Industrias e a Escola de Comercio. Non deixaremos de nomear a obra dedicada aos xornalistas locais que impulsaron o viguismo entre a Restauración e a ditadura primorriverista.

Precisamente a ese período que me refiro, un chisco ampliado, dende os anos 70 do século XIX ata a guerra civil, decidín dedicarme un día ao estudo e divulgación da historia local viguesa. E para facer tal acoutación tiven en conta non só que as miñas actividades profesionais non me permitirían desprazarme con frecuencia a arquivos lonxe de Vigo, senón tamén ao feito de contar na propia cidade coa Fundación Penzol. Na que traballei noutras moitas ocasións, ademais da preparación da citada ducia de libros, cando amoreaba documentación para o milleiro de artigos publicados na prensa e difundidos na radio, e a trintena de colaboracións que levei ás páxinas de publicacións especializadas, como o *Boletín do Instituto de Estudios Vigueses*, a desaparecida revista *Castrelos*, a revista da Deputación Provincial e outros. Á marxe, nalgunha oportunidade acu-

dín tamén á biblioteca-hemeroteca da Fundación para os meus traballos xerais de xornalista, non relacionados coa historia local. Inxusto sería non dicir que por riba deses impagables fondos que ten a Penzol, contou sempre cun persoal que fai as cousas moito máis doadas aos investigadores. E supoño que aos que non o son, porque teño referencias directas de incontables xentes do común que para buscar datos sobre un familiar o unha empresa familiar ou cousas semellantes, recorreron con éxito á Penzol, un verdadeiro luxo para Galicia, por fortuna vencellado a Vigo ■

## A Penzol, un manantío de galeguidade

**Modesto Hermida**

A evocación da biblioteca da Fundación Penzol nun pasado xa abondo lonxano, o recoñecemento da súa realidade actual, tanto na condición arquivística coma hemerográfica, son sensacións sempre complementarias e motivadas dende dúas maneiras de nos aproximarmos a ese baluarte de saber e de compromiso sociocultural coa circunstancia de Galicia ao longo de ben diversos momentos da historia.

Unha primeira e gozosa motivación é a cachoeira de afectividade que nos provocan as persoas que propiciaron a institución e as que comprometeron o seu saber e a súa actividade intelectual ou profesional para un correcto funcionamento da mesma. De tal maneira, exemplificaremos, para os diversos niveis de funcións e responsabilidades, coa seguinte presina de protagonistas: Fermín Penzol, aquel mecenas que soñou cunha patria galega de coñecemento e tradicións, aquel Fermín Fernández Penzol-Labandera, que dende a súa nacencia en Sahagún de Campos e a súa relación en Madrid co máis florido galeguismo veu a nos entregar, a través de Galaxia, os fondos que constitúen este baluarte de información. Francisco Fernández del Riego, o don

Paco que se apegou á biblioteca, día tras día, en ambas as dúas instalacións coas que contou, para que non fallase en nada dos seus cometidos, para que ninguén carecese do consello dende o saber e dende a experiencia, para que fose propicio acubillo de conspiradores cando a conspiración era imprescindible para a esperanza. Nancy e Pula, sempre eficaces, sempre comprometidas, sempre coidadosas, ao servizo de quen investigaba ou quen tiña algunha curiosidade e, tras as citadas, outras funcionarias e funcionarios con quen eu xa non tiven ocasión de amigar pero que sei de fonte limpa o ben que cumpren co seu excelso cometido.

Un segundo achegamento ten que ver co débito obxectivo que coa biblioteca da Fundación Penzol eu teño, porque, se para tantas estudosas e tantos estudosos foi e aínda é fonte imprescindible, para min resultou un manantío de xenerosísimo e permanente cachón; a saber: cando andaba interesado nas revistas literarias galegas do tempo da Segunda República, por mediados dos anos oitenta do século pasado, por moito que foi mester complementar investigación e traballo en Poio, Compostela e Pontevedra, en Madrid ou Barcelona, ante escritores e xornalistas protagonistas daquela época, ante sabios especialistas sobre ese momento de alumbriar cultural, foi a Penzol o cerne da información, o eixo meogo arredor do que se foi complementando a pertinente documentación. Da mesma maneira, ao longo dos dez anos de investigación e redacción para a nosa tese de doutoramento (1985-1995), foi a biblioteca da Fundación Penzol un ámbito familiar onde os fondos hemerográficos do século XIX e primeiros anos do XX nos permitiron esculcar textos narrativos, de moi diversa extensión, que estaban esquecidos ou, en non poucos casos, resultaban xa descoñecidos para especialistas e estudosos. Claro que outravolta, e agora con maior extensión de ámbito e maior intensidade no traballo hemerográfico, acadimos ao mosteiro de Poio, ao Instituto Padre Sarmiento, ao Museo de

Pontevedra, á Hemeroteca Municipal e Biblioteca Nacional de Madrid, a todas as hemerotecas das bibliotecas provinciais galegas e doutras institucións como universidades ou municipios (Betanzos e Mondoñedo, á Real Academia Galega, en tempos nos que pouco se podía esculcar en tan importante institución) e traspasamos o Atlántico para nos mergullar e sacar abondoso froito en ámbitos da emigración cubana e arxentina, pero o eixo, unha vez máis, arredor do que se complementou toda a información foron os fondos dispoñibles na biblioteca da Fundación Penzol. A modo de exemplo, poderíamos deixar constancia do cómodo que nos resultaba consultar a *Revista Gallega* de Galo Salinas, cos seus números ben ordenados e encadernados en volumes doadamente manexables, e tamén dun feito agradablemente sorpresivo: como por alguén tivemos noticia de que Valentín Paz-Andrade contaba coa colección completa da revista habaneira *A Gaita Gallega*, a el acadimos para consultala, cousa que nos resultou ben doada, tal era a xenerosidade do recoñecido galeguista, empresario e excelente poeta, que nola confiou para o tempo que nos fose mester; con posterioridade, ao manexar na Penzol esoutra extraordinaria publicación periódica, o xornal *El Eco de Galicia* da Habana, atopámonos, inseridos entre as follas do xornal, cos sucesivos números da revista, o que nos dá indicios de que, denantes de ser esta suplemento literario do xornal, a distribución de ambas publicacións xa se faría de maneira conxunta.

Con este breve texto, texto de encarga e con limitación de espazo, encargo que agradecemos a quen detenta agora a responsabilidade da Fundación Penzol, tan só queremos deixar nidia constancia de que, na nosa opinión, os máis impotantes fondos sobre a esencia da galeguidade —iso que vai en nós e que nos leva, segundo expresión de García-Bodaño— están custodiados e ao alcance de todos na biblioteca da Fundación Penzol en Vigo ■

## A Penzol, unha fonte de auga fresca e permanente

### Bieito Ledo

Para min resulta gratificante falar da Fundación Penzol. Para iso teño que retrotraerme á miña chegada, en 1975, á cidade de Vigo, que escollín para asentar a miña morada e, particularmente, cando en 1979 entrei como director xerente na Editorial Galaxia, estadia e experiencia que marcaron, e para ben, o meu futuro. E desde esa responsabilidade foi desde onde tiven máis contacto coa Penzol no vello local da rúa Policarpo Sanz e a través de Francisco Fernández del Riego.

Recordarei dúas experiencias. A primeira xurdiu pola miña iniciativa: editar en facsímile a revista *Nós*, en seis volumes, da que existía unha colección completa na mencionada biblioteca e que, coa debida autorización, había que retirar e levar a Artes Gráficas Galicia para reproducir. Tiñamos unha dificultade, e non pequena, pois faltaba o último número, do que só se conservaba un exemplar en poder de *Ben-Cho-Shey*, en Madrid. Os restantes queimáranse por medo ás represalias da barbarie franquista do 36, represalias que a algúns —que andaban nos nobres mesteres de “axudar a abrir os ollos para ler a realidade”, que, segundo o profesor Xesús Alonso Montero, niso é no que consiste a cultura— lles custou a vida. Estoume a referir, entre outros, a Camilo Díaz Baliño e a Ánxel Casal.

Presentado o reto de recuperar a nosa máis recente memoria da Xeración Nós, que en gran parte se conserva nesa publicación, tiñamos a obriga de conseguir ese exemplar, logro que foi posible co meu desprazamento a Madrid para visitar a Xosé Ramón Fernández Oxea, sendo eu apadriñado polo mecenas da cultura galega Álvaro Gil, co que previamente falaran Ramón Piñeiro e Domingo García-Sabell. Puiden regresar co desexado orixinal, previo compromiso pola miña parte de que lle buscaría un comprador para a súa biblioteca, que neses momentos negociaba

vender con algúns libeiros de vello. Puiden cumprir o compromiso grazas a unha xestión co daquela presidente da Deputación de Ourense, Victorino Núñez.

Deste asunto tería que falar polo miúdo para recordar o momento posiblemente máis duro da miña vida, cando, ao día seguinte de asinar o documento de compra e da entrega do cheque polo presidente, en presenza de Segundo Alvarado e José Cordero, ademais de min, observamos como uns mozos fornidos e robustos ían collendo “mangados de libros” para ir meténdoos en caixas, momento en que o vello *Ben-Cho-Shey* comezou a berrar con tan intensa dor que mesmo parecía que lle estaban sacando os riles a sangue frío.

Volvendo ao rego, aquel exemplar único do último número de *Nós*, una vez reproducido, fun a entregalo persoalmente á Deputación, e alí se conserva, xunto con todo o seu fondo, nos baixos do edificio desta institución.

A segunda experiencia coa Biblioteca Penzol como editor esténdese durante os xa hai case que vinte e cinco anos, que se cumpriran este 2010, que fundei a editorial Ir Indo. Por alí teño pasado a retirar exemplares, sempre coa pertinente autorización de don Paco e a supervisión e control, préstamo con documento asinado, dos eficacísimos bibliotecarios, Xosé (*in memoriam*) e Marián. Esta experiencia foi moi frecuente durante os nove anos que nos levou redactar a *Enciclopedia Galega Universal*. Durante ese tempo, varios dos redactores e mais eu frecuentamos a biblioteca na procura de documentación e retirada de exemplares, por veces únicos, para escanear a portada e incluíla como ilustración nas entradas correspondentes. Teño que recoñecer que sempre tivemos as máximas facilidades, iso si, cunha esixencia rigorosa para a súa rápida devolución.

A modo de conclusión teño que recordar ao mecenas, Fermín Penzol, a quen coñecín da man de Ramón Piñeiro cando o iamos visitar na rúa Ourense, en Compostela, piso situado en fronte da casa do meu “irmán maior”, Agustín Sixto Seco, morada que

logo me acolleu con agarimo durante moitos anos. E como non, a Francisco Fernández del Riego, don Paco, que desde o ano 1963 atendeu a Biblioteca Penzol con celosa dedicación e xenerosa entrega “ad maiorem Galiciae gloriam” ■

## A Penzol nos tempos en que as bibliotecas eran delito

Gustavo Luca de Tena

A Biblioteca Penzol tiña forma de escadra de albanel, no primeiro andar do número 22 da rúa Policarpo Sanz, no que abrira en 1963, e no ángulo daquel corredor en forma de L estaba a mesa de Paco del Riego. Á esquerda da mesa, na dirección da entrada, había unha máquina de escribir Remington. Del Riego metía un papel de posteta (o que se facía co sobranse do corte de probas, nos diarios) metía un papel, digo, no carro da máquina e entraba alguén a preguntar por un libro ou un documento.

Na altura na que abre a Penzol en Vigo non recordo bibliotecas que tivesen un director-bibliotecario da cultura e da experiencia de Paco, con obra e hemeroteca feita dende os 18 anos, director nese tempo da Editorial Galaxia, da revista *Grial* e da revista *Industrias Pesqueras*. Non había, con toda esta gravidade de méritos, barreiras físicas nin alfándegas que filtrasen o paso ao director. El mesmo retiraba volumes e caixas de documentos do almacén e da hemeroteca e deitábaos riba das mesas de melamina verde dos lectores. No transporte e procura de libros contaba coa axuda non menor de Nancy Miranda, mais as indicacións e consellos, sempre de ouro, e por veces con memorias persoais, eran de Del Riego. Mediado o proceso de tránsito bibliotecario, repicaba a maraca dun teléfono de baquelita negra que atendía o director. Un par de liñas escritas agardaban a continuación na máquina.

Quen isto recorda estaba daquela na redacción dun diario de Madrid e andaba a procurar prensa escrita en galego para a colección de monografías de *Cuadernos para el Diálogo*. Case todas esas cabeceiras estaban na Penzol e, en todas as que aparecen despois de 1916, escribira Del Riego. A buscadísima *Alento*, revista de pensamento nacionalista, de 1934, fora fundada por el e alí estaba ben gardada. O que non estaba na Penzol tiñao Xosé María Álvarez Blázquez na súa editorial Monterrey. Xosé María déralle ao mozo impertinente que preguntaba sobre xornais en galego a chave da súa casa das Travesas, para recoller o tomo II da revista *Logos* (na Penzol estaba só o I).

Del Riego nunca cobrou un peso por aquel traballo de Cassandra que se estendía, por riba do xa citado, que eran as probas de Hércules, no labor de conservación e clasificación de miles de volumes e de centos de medeiros de documentos. Custa ver citado este recoñecemento capital nos libros e folletos de homenaxe que se lle fan nos 90 e non se repara, tamén, na sinxeleza de trato e na aura solidaria e de irmandade que se transmitía á xente moza interesada pola cultura do país. Téñase en conta que todas as bibliotecas eran clandestinas cando a ditadura pero as bibliotecas nacionalistas eran reo de sedición e pecadoras antes da letra da famosa Lei do Xuíz de Linares, o Instrutor do Helicóptero. “Tienen faltas de ortografía en el alma”, escribira contra *Grial* o Director de Prensa de Franco, o valenciano Juan Aparicio, no ano 60. Naquela atmosfera con 99 por cento de densidade fascista, a Penzol era un milagre pola importancia do que gardaba e por causa do mérito e da personalidade do druída que a atendía, un represaliado do franquismo que tiña máis razóns que ninguén para precaverse dos argumentos ladinos da ditadura, pero que nunca negaba unha información e, todo o máis, sabía transmitila con prudencia.

Tamén debe lembrarse que o discurso dominante do franquismo podía levar a oportunistas, desinformados e frívolos

á percepción errada de que a Penzol era naqueles anos unha institución menor, coma unha asociación de coleccionistas, un club de bibliófilos. Os usuarios da Penzol teñen visto naquel espazo aberto do local de Policarpo Sanz centos de atraques de buques sen goberno en peirao trabucado, que o director despachaba con intelixencia e prudencia. No entanto, os bancos que se fixeran ricos co aforro emigrante non reparaban en libros escritos no idioma dos emigrantes, considerábanse a si propios no espazo dos elixidos porque non pronunciaban unha palabra en galego e tiñan despachos con cartaz na porta, e vivían convencidos de que a cartilla do Estado Corporativo de Franco había durar mil anos. A necesidade de se lexitimaren politicamente nos derradeiros tempos da ditadura fixo que aparecesen de arrebatado deslumbrados polo prestixio da biblioteca/arquivo do nacionalismo.

Coido que Fermín Penzol acertou ao pensar en Vigo para o destino final do seu legado. Unha cidade que Portela Valladares imaxinara deitada sobre dun micelio rico e vivísimo no que habería de apuntar a cultura en mil agromos a pouco que aprendese a coidar o seu, a non hipnotizarse coa última novidade. Portela, que instalara no centro mesmo do seu diario *El Pueblo Gallego* unha espléndida biblioteca/hemeroteca na que estaba en lugar principal a colección completa de *La Concordia*, o xornal liberal de Vigo, en lombada de coiro vermello e letras de ouro. Os de Franco queimaron os libros e venderon coma papelote a colección única de *La Concordia*. Xa dixera Churchill: “Franco é un cabaleiro cristián”. Se hoxe celebramos que Vigo sexa a cidade editorial de Galiza é en gran parte pola irradiación de dignidade e decoro da Penzol e polo sacrificio e intelixencia que puxo nesta institución Paco del Riego ■

## A imaxe da Lealdade

X. L. Méndez Ferrín

Fermín Fernández Penzol-Labandera falaba pouco e sorría con sorriso irlandés, tal como un día dixo García-Sabell. Ser, Penzol foi tan patriota como Eamon De Valera e a súa presenza xa era discreta, forte e sixilosa no Partido Galeguista durante a República e seguiu a ser tal nos días en que valerosamente entrou á clandestinidade. De todos os galeguistas que eu tratei nos anos cincuenta do século XX ningún tan veloz á hora de pagar as contas dos restaurantes e cafés nos que facían as xuntanzas máis ou menos legais e ningún tan observador, escoitador e silencioso coma Fermín Penzol. Só con enxergar a súa ollada intelixente e o seu sorrir bondadoso sabemos que alí estaba a imaxe mesma da Lealdade. A procedencia familiar da Terra Eo-Navia acumulaba na súa persoa uns valores irrenunciábeis para todos os nacionalistas galegos.

Un día Penzol doou a súa biblioteca ao pobo galego e situouna en Vigo porque a tradición nacional, desde Murguía, Rosalía, Alexandro Chao e Compañel, sabe que Vigo é o centro simbólico da Galicia futura e ceibe. Os patriotas todos impulsaron a obra de constitución e posta en funcionamento da Fundación Penzol; pero foi, máis unha vez, Francisco Fernández del Riego quen se puxo desde o primeiro intre á súa fronte, e alí continuou como capitán da nobre empresa deica xaneiro deste ano 2010. Un dos días máis felices da miña vida foi aquel no que baixei desde Lugo no Gómez de Castro (o “Translaliniano”, para Cunqueiro) para lle aplaudir a Penzol e a Del Riego (moi especialmente) o día da inauguración da biblioteca en locais de Policarpo Sanz (a rúa “de Policarpo” que Otero Pedrayo sacara en *Devalar* asociada ao mundo afín dos libreiros). Naquel entón, M. Rodrigues Lapa, ao leccionar sobre poesía medieval, estaba abrindo sen o saber un período histórico no cal a lingua e a literatura galegas contarían cunha escola de filoloxía emancipada.



Como nesta homenaxe ninguén se vai referir ao seguinte, direino eu. No máis profundo dos locais da Penzol estaba instalada a valiosísima biblioteca económica de Xaime Illa (así lle chamabamos nós) Couto, e a aquelas estancias non accedía libremente o público. Discreta e moi conscientemente, Fernández del Riego, gardián inflexibel dos selos e segredos que toda biblioteca acubilla, permitía que houbera reunións clandestinas naquelas estancias celadas, que nunca esqueceremos. Entre tanto, a señorita Nancy movíase entre os andeis ou ladrairos de libros en procura disto ou daquilo. Del Riego, na súa mesa de dirección, fumaba xarutos de elite, recibía as visitas de todo galeguista e antifascista que se deixaba caer por Vigo, despachaba os asuntos de Galaxia, da que era xerente, confeccionaba os *Industrias Pesqueras* cuxo patrón (Valentín Paz-Andrade) tiña o despacho na casa de a carón e mesmo conseguía, mediante unha economía do tempo (ou dosimetría) perfecta, dactilografar a súa propia, vivaz e tonificante obra literaria. Eu, coma outros, traballaba nun curruncho e deixaba pasar a década dos sesenta do século XX como podía ■

## A cartografía e o territorio na Biblioteca Penzol

### Gonzalo Méndez Martínez

Entre por primeira vez na Biblioteca Penzol a finais dos anos oitenta. Andaba a percorrer todas as bibliotecas, arquivos e museos con documentación cartográfica antiga de Galicia, como paso fundamental para o seu estudo, que constituíu a miña tese de doutoramento. O interese da cartografía antiga como reflexo da evolución do territorio e dos proxectos sobre o mesmo é enorme. Nela quedaron plasmados tanto os procesos de organización

interna do país, coas diferentes divisións administrativas, extensión da rede de estradas e comunicacións, como pequenos plans de ámbito local ou preitos de lindes. Mesmo resulta espello da imaxe que tanto nós coma os estranxeiros temos da nosa terra. O interese da cartografía antiga foi sentido e recollido pola Biblioteca Penzol, que destaca por ter unha das máis interesantes coleccións cartográficas de Galicia, formada por un conxunto de mapas, cartas náuticas e planos soltos, aos que podemos engadir tanto os atlas como a cartografía inserida en libros.

Entre todos eles, eu destacaría algunhas series de documentos cartográficos como a formada polas distintas edicións que do mapa *Descripcion del Reyno de Galizia* de Hernando Ojea, de 1603, que se realizaron ao longo do século XVII por algunhas das grandes empresas cartográficas dos Países Baixos. Trátase dunha imaxe de alto valor científico e simbólico. É a primeira vez que se fai un mapa de Galicia illada do resto dos territorios peninsulares pola consideración de territorio diferenciado. A Biblioteca Penzol conta con diversas edicións das distintas versións dese mapa, a *Gallaecia Regnum*, que desde 1611 se insire no *Gerardi Mercatoris Atlas Sive Cosmographicae Meditationes De Fabrica Mundi Et Fabrica Figura...*, publicado por Iodocus Hondius, a *Gallaecia, Regnum descripta a F. Fer Ojea Ord. Praed. et postmodum multis in locis emendata et aucta*, que desde 1635 se insire nos grandes atlas da familia Blaeu, e da que co mesmo título e moi parecido deseño inclúe Janssonius desde 1636 nos atlas da serie Mercator-Hond. Forman todos eles un valioso conxunto que axuda á comprensión desta complicada fase da historia da nosa cartografía.

Entre as referidas series, outra compoñena algúns documentos cartográficos referentes ao trazado de estradas e ferrocarril en Galicia no século XIX. Recollen a preocupación da intelectualidade e de distintos grupos por cuestión tan importante como a organización e desenvolvemento do país. Entre eles chamoume moito a atención o manuscrito anónimo elaborado entre 1790 e

1833 *Plano Corografico del Reyno de Galicia que demuestra la Carretera construida desde Astorga à la Coruña, y desde la villa de Benavente la que debe construirse hasta la ciudad de Orense, Santiago, etc. Dedicado por un zeloso Patricio al Sr. Conde de Guzmán. Ynspector General de Caminos y Canales de España*, no que se recolle un proxecto de rede viaria principal para o sur de Galicia con destino en Vigo.

Pero, por riba das series ou dos documentos únicos, da cartografía na Biblioteca Penzol destacaríase o equilibrio xeral dos seus fondos: a compensada representación de cartografía náutica e terrestre e das distintas épocas, desde o século XVII ao XX.

Entre por primeira vez a finais dos anos oitenta, e atopei nela un lugar de referencia para os meus estudos. A ela teño encomendado doutorandos ou xente que preparaba teses de licenciatura. Nela temos un centro recorrente para os investigadores do territorio galego ■

## Penzol

### Xose Neira Vilas

En 1963 creouse a Fundación Penzol. Eu vivía na Habana e chegoume a noticia a través de Francisco Fernández del Riego, director da mesma dende entón. E con Del Riego estiven na sede da mesma no outono de 1972, cando volví a Galicia por primeira vez tras vinte e catro anos de ausencia, América adiante.

Radiqueime en Galicia en 1992 e veño utilizando os servizos desta entidade, coa que xa viña mantendo algunha relación esporádica por correo dende a outra banda do mar.

Utilizo sobre todo información de hemeroteca, referencias sobre traballos diversos e algunhas veces fotocopias dos mesmos. Sempre recibín unha atención cordial, eficiente. Sempre me enviaron o que solicitaba, con toda puntualidade. E non debo

dicilo en pasado, pois a cada momento sigo necesitando algúns servizos, algún dato. E sempre o obteño. Con frecuencia as miñas peticións están relacionadas con publicacións periódicas da nosa emigración americana e a riqueza bibliográfica alí existente é asombrosa. Preguntei, por exemplo, polo periódico *Adiante*, que publicabamos as Mocidades Galeguistas de Buenos Aires, e alí está. E hai anos, comentando en Madrid con Celso Emilio Ferreiro a conveniencia de enviar a Penzol dende Cuba algunhas revistas que tiñamos repetidas na Sección Galega do Instituto de Literatura e Lingüística, souben que *El Eco de Galicia*, decano da prensa galega da emigración xa o tiñan. O mesmo Celso fixera a xestión ante os descendentes de Waldo Álvarez Insua, o estradense fundador e director. Queden aquí estes dous exemplos. Pero podería engadir *Galicia, Opinión Gallega, Orzán, Lugo*, e outras publicacións de Buenos Aires. Estas e moitas máis áchanse a disposición de lectores e investigadores.

Eu non coñecía a Fermín Penzol, pero si sei da súa inxente obra na procura de “papeis” diversos sobre Galicia. Coñecía, iso si, a súa viúva, Blanca. Coñecía seis meses despois do falecemento do seu marido, en setembro de 1981. Veu a Gres, na compañía de Ramón Piñeiro, Díaz Pardo e as compañeiras de ambos. Foi na ocasión en que lle entregamos a Isaac, para que decidise o destino máis axeitado, un estoxo de prata contendo un rizo de Rosalía de Castro e un ramiño de pensamentos (viola tricolor) dos que cubrían o seu ataúde cando morreu. (Sería longo contar como chegou a nós esta reliquia na Habana). Nesa ocasión falamos, na miña casa materna, da traxectoria e da obra de Penzol de quen eu sabía, como dixeran, había moitos anos, e tiña presentes os traballos que sobre el publicara Seoane en *Galicia Emigrante*.

En Buenos Aires téñenme falado del Moisés Dapresa e Lino Pérez, membros da Sociedade Nazionalista Pondal. E entre os papeis que me entregou na Habana Fuco Gómez, aquel gran batallador de Becerreá, atopeime con dúas cartas de Fermín, de 1923. Dunha delas extracto: “no nome da Irmandade Céltiga, hoxe dele-

gación da Irmandade Nazonalista Galega en Madrid [...] nos diga da marcha do nazonalismo n-isa Illa; da constitución do Comité Arredista, da saída da revista *Céltiga*”. Fálalle dunha conferencia de Teixeira de Pascoaes; refírese a grupos nacionalistas de París, Liverpool, Euskadi, Cataluña, Portugal, e despídese con “apertas distes expatriados irmaos, a cotío na santa causa”.

Aquela forte emoción xuvenil derivaría na achega dun patrimonio bibliográfico importantísimo para a cultura galega; para todos nós ■

## A Penzol onte e hoxe

### Camiño Noia

Había seis anos que se inaugurara a Biblioteca Penzol cando eu cheguei a Vigo. Puxéranas no entresollado do nobre edificio da rúa Policarpo Sanz, obra de Jenaro de la Fuente, hoxe restaurado para Centro Social de Caixanova. Entrei alí pola primeira vez unha tarde de outono. No fondo da sala, envolta nunha misteriosa penumbra, enxergábase a contraluz unha figura patrucial escribindo á man sobre unha mesa. Era Paco Fernández del Riego, peza clave desta institución que aínda hoxe nas novas instalacións da praza da Princesa segue mantendo o espírito fundacional de conservar e ampliar o mellor fondo bibliográfico sobre Galicia a disposición de investigadores de todo o mundo.

A partir daquela volví decote á Penzol para consultar libros, para pedirle informacións a don Paco ou, simplemente, para estar alí escoitando os que falaban. Naqueles tempos a Penzol era un lugar de encontro de escritores que ían visitar e conversar con Del Riego. E alí, arredor da súa mesa, coñecín e falei con Eduardo Blanco Amor, con Álvaro Cunqueiro, con Ramón Piñeiro e con Fermín Penzol e Blanquita, cando viñan a Vigo. E tamén con Méndez

Ferrín, Franco Grande, Eduardo Moreiras e Xohana Torres, que colaboraba coa fundación organizando e catalogando libros. E baixo o ruído monótono do bater das teclas da vella máquina na que don Paco escribía os artigos de *Grial*, que puntualmente saía cada trimestre do prelo, fixo Ferrín a súa tese de doutoramento consultando as primeiras edicións dos poetas e das poetisas. Aqueles foron para min tempos de aprendizaxe e descubrimentos.

Recordo tamén que Valentín Arias e mais eu utilizabamos a máquina de don Paco para traducir ao galego un longo artigo sobre as reformas da sociedade chinesa que aparecera na revista francesa *Realités*. Rematamos a tradución para publicala en Galaxia, en formato de libro de peto, mais non chegou a facerse; a revista pedía trece mil pesetas de dereitos de edición, e entón eran demasiado cartos.

A Penzol das miñas primeiras lembranzas, familiar e humana, hai anos que desapareceu substituída por unha organización bibliotecaria rexida por criterios máis funcionais. Os libros pídense por escrito e ningún lector nin lectora ten acceso libre a eles; e don Paco dispoñía dun despacho que amortecía os golpes da máquina, para que os seareiros da biblioteca puidesen traballar en silencio.

Nas miñas visitas á Penzol, nestes case corenta anos que pasaron, atopei sempre na sala de lectura un selecto número de usuarios, centrados nas súas consultas ou concentrados nas súas investigacións, nun ambiente de recollemento monástico roto só polo tecolear da entrañable Nancy, sempre disposta a axudar e interesada polo que se fai. Don Paco e Nancy aínda manteñen na Penzol de hoxe algo daquel ambiente acolledor que pairaba no local de Policarpo Sanz.

Periodistas, historiadores, doutorandos, profesores e mesmo alumnos de secundaria cando se achega o Día das Letras Galegas pasaron, e pasan, por este centro da cultura galega situado no corazón da cidade máis industriosa de Galicia, que non é consciente da importancia de dispoñer dun centro con tan importante fondo.

A Biblioteca Penzol foi, e segue a ser, un lugar de referencia, conservador de libros e de revistas de difícil acceso, algúns dos cales só alí se poden atopar.

Mais os tempos mudaron, e aquilo que foi entrañable e acolledor no seu momento, que propiciou o ambiente literario da cidade, hoxe debería axeitar mellor os seus servizos ás novas demandas que vaian xurdindo neste século de avanzadas tecnoloxías, e sobre todo neste mundo de medios de información que, como autómatas, reproducen e impoñen culturas hexemónicas. Cómpre poñer en valor os libros e documentos que falan da importante cultura que houbo en Galicia para presentala como merece ao resto do mundo.

Situada no centro de Vigo, con aparcadoiro e autobuses á porta, veciña da Biblioteca Municipal, a Biblioteca Penzol está nas mellores condicións para converterse nun centro de cultura máis dinámico e atractivo. Entre outras tarefas, urxe facer un estudo do patrimonio documental e dixitalizalo, abrir unha páxina web con oferta de arquivo virtual e crear unha revista —*Papeis da Penzol*, por exemplo— que informe do que hai e das novidades que van chegando. E quizais, nun futuro, debería organizar actos (conferencias, exposicións...) para dar a coñecer obras importantes que garda a institución sobre Galicia, practicamente descoñecidas para a maioría dos galegos e das galegas.

Ante a posible febre acumuladora da Cidade da Cultura, creo que sería oportuno un foro sobre “A Penzol nos tempos das novas tecnoloxías” no que se tratasen estes e outros asuntos para que a biblioteca chegue a ter un futuro próspero ■

## A Penzol acougadora

### Craig Patterson

A finais dos 90, cando vivía en Galicia ou botaba longas estadias de verán en Vigo, cheguei ás portas grandes e acolledoras da biblioteca Penzol por primeira vez. Para o peregrino obstinado en percorrer a ruta oteriana, aquela institución antergra e sobranceira ocupaba un lugar chave no mapa da memoria cul-

tural e histórica de Galicia. Ademais, estaba situada nunha zona da cidade que sempre me gustou: naquel pequeno cumio sobre a rúa Príncipe, vixiado polo *Sereo*, aberta a esa praza da Constitución que lle dá un aire de vila pequena á enorme urbe da porta ao Atlántico. Podía o estudoso tomar algo na cafetería Scala ou xantar nas tascas enxebres que se atopan na rúa dos Cesteiros para aliviar as horas de mergullo nos fondos diversos e enriquecedores da biblioteca. Unha mañá perfecta consistía nalgunhas horas de traballo serio nas salas da Penzol e logo tomar unhas sardiñas frescas no bar A Pedra. Aquilo si era investigar.

Sendo oterólogo, atopei materiais na Penzol que non se podían consultar en ningures. Sobre todo, aqueles documentos do galeguismo histórico que lles achegan unha dimensión humana aos seres de carne e óso que a miúdo convertemos en suxeitos de estudo clínico e rigoroso. Algunhas das edicións dos libros escritos por Otero Pedrayo, por exemplo, estiveran case sen tocar ata a miña chegada, pero non sentín demasiado pracer ao ser o primeiro en consultalos. Lémbrome de ter que pedir un coitelo para cortar as páxinas dun libro impreso ao antigo xeito pola imprenta Nós da rúa das Hortas en 1932. Creo que foi a *Lembranza de Goethe*. Emporiso, a experiencia penzoliana non consistía unicamente en recuperar e aprender de libros abandonados. Durante os moitos anos que dediquei á análise da obra de don Ramón e mais do seu retrato da identidade galega, gocei de moitas experiencias agarimosas e agasalladoras. Entre elas, a de atopar en Oxford un escuro panfleto de Otero, esquecido e agochado nalgunha caixa poeirenta da biblioteca do museo Ashmoleum. Ou a de ler as obras completas do benquerido Chateaubriand na biblioteca pública de Nova York. Con todo, non podo comparar estas experiencias coas lembranzas que gardo das moitas horas botadas na Penzol.

A partir dunha xuntanza con Franciso Fernández del Riego fun cavando nas vetas dos moitísimos fondos oterianos que aínda daquela estaban sen catalogar de maneira rigorosa. Pedía

por ficha as caixas pertencentes ao seu legado, unha tras outra, e cando o atento persoal da biblioteca mas traía, eu abríaas cunha ilusión cada vez maior. Creo que repasei todas as fotografías que pertenceron a Otero, moitas delas herdadas seguramente da nai, Eladia. Databan algunhas de mediados do século XIX, e revelaban personaxes e se cadra parentes da galería do decimonónico mundo ourensán. Unha amosaba un dandy con guedellas e capa. Por detrás, alguén escribira cunha brevidade devastadora “egoísta”. Outras fotos foron obra do propio Otero, e captaran imaxes xeolóxicas e xeográficas dalgúns países de América Latina. Tirounas sen dúbida durante as súas tres viaxes á Galicia de alenmar. O maior pracer consistía en ler as cartas persoais de Otero, produto do trasfego agarimoso e vital entre el e moitos amigos ao longo dunha longa vida de excepcional actividade intelectual. Eran as misivas da familia galeguista do pasado recente do país, pasado que, grazas a Fermín Penzol, chegou a estar un pouquiño máis preto deste investigador inglés durante aqueles días calorosos dos veráns vigueses. Cando penso en Galicia sempre penso en Vigo, e cando penso en Vigo sempre penso na Penzol, albergue acougador para o filólogo peregrino ■

## A biblioteca dun soño, a biblioteca dos meus recordos

**Carmen Pérez Pais**

Corrían os anos setenta cando me acheguei por vez primeira á Biblioteca da Fundación Penzol. Visitara con anterioridade outras moitas bibliotecas (Biblioteca Nacional de España, Hemeroteca Municipal de Madrid, bibliotecas públicas e universitarias), mais aquela ía ser diferente. Situada nun piso na céntrica rúa Policarpo Sanz de Vigo, gardaba a memoria dun pasado recente para poñela a disposición das novas xeracións.

E, aínda que situada nun simple piso fronte aos grandes edificios doutras bibliotecas e non estar financiada polo erario público, tiña xa un dos trazos que distinguen as boas bibliotecas e, en particular, as bibliotecas de investigación, trazo que se podería traducir por: “saber invitar a saber”. Efectivamente, en contraste con algúns arquivos e bibliotecas que daquela en España desalentaban cando non impedían o acceso á documentación, na Biblioteca Penzol, por contra, acollíase os investigadores con respecto, con mimo e con certa dose de curiosidade. Diría que mesmo se celebraba a presenza dos recentemente titulados universitarios. Franqueada a porta, atopabamos a mirada sempre atenta do seu director, Francisco Fernández del Riego, para que todo funcionase ben, a presta atención de Nancy e a pegada de dous excelentes profesionais, Olga Gallego e Pedro López, na ordenación dos fondos e nos catálogos.

Anos despois a Biblioteca da Fundación Penzol trasládase á Casa Galega da Cultura, na Praza da Princesa, onde non só conserva senón que afianza a súa singularidade. Na súa nova sede gañou espazo, lonxe quedan os atados de xornais en corredores e en todo tipo de ocos propios dunha vivenda familiar. Pulcritude e orde dominan estancias e depósitos así como un ambiente de comedida elegancia e confort. Agora, no catálogo automatizado e nos servizos de información advírtese a man de novas promocións de bibliotecarios (Marián, Xosé, Pula, Loli, aos que se sumarán outros profesionais nos últimos anos). E desde a súa atalaia, don Paco atenderá a marcha do centro e seguirá entregando xenerosamente unha parcela da súa prodixiosa memoria a quen busque a súa axuda e a súa compañía.

Con todo, o principal interese da Biblioteca e do Arquivo da Fundación Penzol reside nos seus fondos, ao abranxer desde arquivos persoais a cartografía, libros, folletos, documentos de todo tipo e procedencia (carteis, calendarios, manifestos, panfletos, etcétera) e unha colección de publicacións seriadas ou periódicas con máis de dous mil títulos. En relación con este último

apartado, a vista fíxase en particular nos xornais que os galegos publicaron fóra de Galicia, moitos deles en Buenos Aires, de moi difícil localización noutras bibliotecas, en revistas escolares, en revistas satíricas, en publicacións da transición ou en títulos dos que apenas quedan exemplares, como *El Anunciador*, da Coruña, ou *Federación*, de Vigo. Pero os fondos teñen ademais outros alicientes: a procedencia das doazóns e os achados inesperados e sorprendentes dun documento, unha nota do propietario ou unha interesante encadernación. Non foi unha colección forxada con criterios estritamente profesionais senón que se constituíu dos retricos, no mellor sentido da expresión, de moitos empeños e afáns, o que lle dá un valor intanxible que os investigadores percibimos cando a consultamos. É nesta singularidade da súa construción onde reside o seu interese e a súa excepcionalidade.

O importante centro de documentación sobre a cultura galega, que hoxe configura a biblioteca e o arquivo da Fundación Penzol, é a realización dun *soño*, iniciado por Fermín Penzol, continuado por Ramón Piñeiro, o grupo Galaxia, e consolidado principalmente por Francisco Fernández del Riego, un soño no que o “factor humano” foi e segue sendo esencial.

Mais, por que a mención explícita no título que antecede a este texto aos meus propios *recordos*? Acompañei e acompañoume a Biblioteca da Fundación Penzol dalgún xeito ao longo de case catro décadas. Nunha primeira etapa, sendo unha moza investigadora que se esforzaba en demostrar na súa tese de doutoramento o papel que desempeñou a prensa galega nos anos da Segunda República e en alcanzar conclusións que servisen para evitar cruentas guerras civís no futuro. Tamén entusiasmada por dar a coñecer o patrimonio das publicacións galegas a través da *Gran Enciclopedia Gallega* e doutras publicacións. Dúas tarefas difíciles de resolver sen contar co apoio da Fundación Penzol. Nas décadas dos oitenta e na dos noventa acudín á biblioteca sendo xa bibliotecaria, ademais de investigadora, en particular

na etapa en que Francisco Fernández del Riego foi presidente de ANABAD-Galicia. Foi outro ciclo intenso, presidido polo afán de facer chegar á sociedade a importancia das bibliotecas para lograr e afianzar unha auténtica democracia. O espírito da Fundación Penzol e a perseveranza de don Francisco na súa defensa e loita por manter e mellorar a Biblioteca Penzol foron un estímulo inestimable nese sentido. E, nos últimos anos, a relación coa Biblioteca estivo motivada pola miña actual condición de profesora universitaria na Facultade de Humanidades da Universidade da Coruña nas titulacións da área de Biblioteconomía e Documentación. A referencia á Biblioteca-Arquivo da Fundación está sempre presente nas miñas clases, xustificada polo seu carácter excepcional no ámbito dos centros documentais galegos e no panorama español. É claramente un modelo para as novas xeracións de profesionais, xa que aquí poden aprender principios como o deber do traballo ben feito, a prioridade na atención aos lectores e investigadores, a responsabilidade no coidado da colección, o afán por incrementar o patrimonio ou o ideal de contribuir a un proxecto que beneficie á sociedade á que pertencen.

Para rematar, quixera expresar o meu agradecemento e recoñecemento a todos aqueles patróns da Fundación Penzol, bibliófilos, doadores anónimos, institucións, políticos e profesionais que no pasado mantiveron ou que manteñan no futuro o espírito e o soño da Biblioteca Penzol. E a miña especial e permanente gratitude a Francisco Fernández del Riego. ■

## Vinculeiros de Fermín Penzol Miguel Anxo Seixas Seoane

Somos os herdeiros de Fermín e de todos os filántropos dos que sabemos os seus nomes e mesmo dos que non. Velaquí unha achega a esa crónica na que de certo ha faltar ben xente.

Algún caso ha de haber, na Idade Media, de homes e de mulleres que nos seus testamentos deixen de herdeiros á Igrexa ou a algunha institución relixiosa sen comenencia ningunha ou que en vida exerceran algún mecenado. Un supoñer, o “Princeps galletie”, Rodrigo Gómez, conde de Trastámara ou de Traba, que patrocinou na súa corte os trovadores galegos entre 1232 e 1261. Pero tamén xente do común que constituíron fundacións para facer e amañar camiños e pontes no século XIII. Por parte, haber, houbo representantes da Igrexa que fixeron obras pías e outras regalías pensando nos seus fregueses. Así, en 1400 funda na súa casa o Hospital de San Miguel en Santiago o cóengo Ruy Sánchez de Moscoso e unha biblioteca para peregrinos, cregos e leigos. Esta debe ser a primeira biblioteca pública que rexistramos.

De 1407 é a derradeira vontade do cóengo compostelán Diego López de deixar a súa biblioteca á catedral de Santiago, que non se cumpre. Emporiso, a que foi doada polo maxistral Carmona ao cabido é vendida por este á Universidade de Santiago co que xorde a Biblioteca Universitaria. Nesta cidade o notario Lopo Gómez de Marzoa funda un colexio para estudantes pobres o 4 de setembro de 1495 que conta co apoio de Diego de Muros II, bispo de Canarias, e do deán compostelán Diego de Muros III. Logo virá o arcebispo Alonso III de Fonseca e xorde a Universidade.

A Diego de Sarmiento de Acuña, conde de Gondomar, e gran bibliófilo, débémolle o pagamento da publicación do mapa de Galicia de Hernando Oxea, 1603, aínda que en Galicia son máis abondosas as obras pías, como o convento de San Xacinto e o de Santa Catarina en Monforte, tras a morte de Pedro Fernández de Castro, VII conde de Lemos, en 1662; ou a igrexa de Camariñas, de 1747, debida a Domingo Rodríguez Canosa, emigrado en México. Nesta listaxe de agradecementos hai que inscribir os laicos, como Antonio Ramos de Soto, emigrante en México que crea escola en San Pedro de Salgueiro en 1699. Outro, Andrés de Seoane, de México, outra, en San Vicente

de Anceu en 1710. Outra máis, que non se fai, manda en 1730 Domingo Vázquez, de México, en San Vicente de Burres. Faise, en Bouzas, en 1747, a de Andrés Fernández da Rúa, emigrado en Lima. De arredor de 1760 son as de Juan Salmonte e de Pedro Quintela, ambos en México, para Burres e Calvos de Sobrecamiño, respectivamente.

Así e todo, os eclesiásticos continúan coas obras caritativas como o arcebispo de Compostela, Juan de Sanclemente (Colexio de Sanclemente, de 1602, e o das Orfas), ou Francisco de Soutomaior, natural de San Tomé de Freixeiro e logo arcebispo de Charcas, que no seu testamento (1630) funda varias capelánías, bolsas de estudo, dotes para orfás e unha obra pía de grans para os pobres da súa parroquia. Grazas a Jorge de Andrade, establecido en Lima, fúndase (1664) o colexio de xesuítas en Pontevedra.

Os prelados e a nobreza eclesiástica déixannos os seus legados, como o arcebispo compostelán dende 1686, frei Antonio de Monroy, de orixe mexicana, que sufragou gastos de obras relixiosas (convento de Bonaval) ou o bispo de Quito, Alonso de la Peña Montenegro, que o imitou, en Padrón, ou o cardeal Rodrigo de Castro en Monforte de Lemos, que comeza o seu proxecto en 1593 e segue en obras aínda o patio do colexio da Compañía en 1715. Bartolomé de Raxoi, arcebispo de Compostela (1751-1772), deixa, así mesmo, o seu labor de beneficencia e de mecenado.

Outros hai que fan escolas e obras pías, como o arcebispo de México, Mateo Segade, en Melide contra 1760. A fundación do colexio dos xesuítas de Ourense é obra do limiao Alonso de Santana, e o convento dos dominicos de Ourense do celanovés Domingo F. de Araúxo, establecidos ambos en Potosí. Coa doazón testamentaria da biblioteca do cóengo mestrescola Diego Xoán de Ulloa á catedral compostelá nace a Biblioteca capitular de Santiago, en 1762. No caso de Manuel Ventura Figueroa, arcebispo de Laodicea, deixa a súa herdanza (1784) para que estuden

e casen só os seus parentes, que lle erguerán un monumento en Santiago, en 1898.

O 15 de agosto de 1806 ábrese a Biblioteca pública na sede do Consulado do Mar da Coruña, que incorpora ademais a doazón de 4.500 libros de Pedro Antonio Sánchez Vaamonde. Co século XIX vén unha nova tendencia nos laicos antes reservada á Igrexa; a fundación de hospitais. Esa é a intención de Manuel I. Romero Caballero, dende Xamaica, para Bouzas en 1810.

Ademais temos eruditos que comezan a recompilar palabras (frei Martín Sarmiento, Vicente Paisal, o padre Sobreira...), herbas, e outras cousas que nos han deixar en herdo como a colección de malacología de Gerónimo Piñeiro de las Casas dada, en 1845, ao Museo de Historia Natural de Santiago. Mentres Jacobo María de Parga y Puga, colexial e reitor de Fonseca, deixa á Universidade o seu legado bibliográfico.

Tamén houbo persoas que outorgan premios nos certames literarios, entre os que destacan o de xullo de 1861 na Coruña de Pascual López Cortón ou o patrocinado por Modesto Fernández y González en Ourense, no que triunfa M. Curros e gaña dous mil reais o 24 de febreiro de 1877. Mentres, inaugúranse as escolas de Blanco de Lema en Cee, en 1886 e 1887, os institutos de José Policarpo Sanz, morto en Nova York en 1888, en Vigo, mentres Tomás A. Alonso constrúe en Coia e en Castrelos; Remigio R. Nieto, en Lavadores, ou Eusebio da Guarda na Coruña, a este agradécenllo cunha estatua en 1891, como llo recoñecen con outra, en 1894, en Ferrol, a Ramón Plá y Monge, marqués de Amboaxe, polo seu labor benéfico. De 1896 é a escola de Sarria de Matías López López. En fin, as sociedades galegas en América, que subvencionaron outros proxectos culturais e sociais, destacan por promover 235 colexios en Galicia. Continúan estes exemplos de xenerosidade nas obras en Verín (escolas) e en Vigo (Escola de Artes e Oficios, o Teatro Rosalía) de José García Barbón, na granxa-escola de Pedro Murias, 1907, en Ribadeo, nas testemuñas dos irmáns García Naveira,

en Betanzos, cos lavadoiros, asilo e Xardín do Pasatempo ou na escola de Casimiro Gómez, en Pontevedra. A maior abastanza, Sabino Enrique Peinador Vila, a quen lle erguen unha estatua en 1919, e mais seu fillo Enrique exercen o mecenado en Mondariz. Verbo dos libros, data de 1904 o comezo da Biblioteca América de Gumersindo Busto dende Buenos Aires, que se inaugurara en Santiago en 1926. De 1919 é a doazón do Ministerio de Facenda dos libros do mosteiro de Montefaro á Real Academia Galega e, do ano seguinte, a de Xosé Fontenla Leal; a de A. Hermosilla, de 1922. A biblioteca do Seminario de Estudos Galegos fúndase coa doazón de Xoaquín Arias Sanxurxo, en 1923, que logo recibirá outras achegas. Outrosí acontece co Museo do Seminario de Estudos Galegos, que se inicia co agasallo de obras de Arias Sanxurxo en 1924. Do 12 de decembro dese ano é a doazón do pazo e das terras de Castrelos de Fernando Quiñones de León, marqués de Alcedo, a quen lle dedican un busto en 1927, e que se converterá en museo e en xardín a partir de 1934. Outra figura dadiveira é Xosé López Suárez, *Xan de Forcados*, que subvencionou proxectos culturais e científicos durante a ditadura de Primo de Rivera. En 1925 inaugúrase a estatua do filántropo José Félix Soaxe, en Cangas, morto en 1924, e a de García Barbón, falecido en 1909, en 1927 en Vigo, ambas esculpidas por Asorei. Son homenaxes e recoñecementos a eses mecenados; outros patrucios aínda están pendentos desa gratitude. Así mesmo, continúan as doazóns de libros á Real Academia Galega de Tomás Mirambell en 1928, do arquivo musical de Marcial del Adalid e da biblioteca de María del Adalid, en 1929. Xa na República recibe o Museo de Castrelos outra doazón ao falecer a viúva de José Policarpo Sanz, en 1934.

En Galicia, durante o franquismo, inaugúrase a escultura feita por Asorei ao filántropo Manuel Barreiro Cabanelas, en Pontevedra, en 1942. En Buenos Aires, no exilio, Luís Seoane e os emigrados, Manuel Puente e Xesús Canabal e outros patrocinan a cultura galega. A Real Academia Galega recibe o agasallo de

## A Fundación Penzol cae no vinte e catro... Xohana Torres

A Fundación Penzol cae no vinte e catro da rúa Policarpo Sanz. No baixo do edificio, un marco a mar de apropiado: a Imprenta Gutemberg. Primeiro piso dunha casa antiga, escaleiras de pedra, amplo portal, fresco portal que dá gusto cruzar polo verán cando o sol pega forte na rúa. Invariablemente, non máis entrar na biblioteca, aparece a figura de Paco na súa mesa de traballo ordenándoo todo. En certo modo, Paco F. del Riego forma parte de todo isto. Hai un grande acougo no local situado no corazón de Vigo. Ás veces, coa fiestra entreaberta, escoitaremos o carillón da Caixa de Aforros cun *Camiña don Sancho* ou a *Negra sombra*, silábicos, metálicos.

Pasa moita xente por aquí ao longo do ano. Estudantes franceses, italianos, noruegueses, portugueses, americanos, romanistas especializados en folclore, xente namorada das catedrais e dos mosteiros, arqueólogos, preparadores de teses socio-económicas,

escritores e amigos dos libros, que queren botarlle unha ollada a algún título recentemente saído do prelo. Tamén visitan a biblioteca moitos alumnos de instituto que queren saber algo máis sobre Curros ou Rosalía do que teñen nos textos. Eu gastei tamén moitas horas manexando o ficheiro, ollando artigos, ordenando periódicos, lendo, aprendendo. Coido que antre libros e folletos a Fundación terá uns doce mil exemplares, manuscritos, mapas, edicións únicas, rarísimas. Xunto coa da Academia é a biblioteca privada máis importante do país pola súa riqueza documental.

Non embargantes, Fermín Penzol é persoalmente descoñecido. E isto non me asombra o máis mínimo: Recordo que o coñecín un día calquera na Fundación, con moita xente arredor. Souben ao día seguinte que aquel home de ollos claros, calado, discretísimo, era o Penzol que daba nome á Fundación. Nesta época de tanta campaña e birimbau este anonimato é un gran signo de elegancia. Porque ademais Fermín Penzol non é dos que chegan agora. Vén dende lonxe, naqueles tempos da mocidade cobrando subscricións de *A Nosa Terra* casa por casa na capital de España, pertencendo ás Irmandades da Fala, na Coruña con Villar Ponte, coleccionando libros de Dereito referidos a Galicia, xa daquel entón. Nesta materia, é sen dúbida un gran bibliófilo. Fermín Penzol doou todos os seus libros de Castropol, Madrid e Ponferrada á Fundación, e ademais, en vida. Iso si que é difícil. Pois o normal é arrequecer as bibliotecas cando os donantes morren e, se cadra, citalo oficialmente nun acto ou que a cousa conste nunha placa visible, co agradecemento de todos.

Se algo xusto podó dicir sobre Fermín Penzol será precisamente ese seu xeneroso xeito de ser, esa posición calada, ese anonimato, a súa axuda sempre en silencio.

¡MAIS, QUE DIFÍCIL SILENCIO CANDO EN VERDADE SE LEVA DADO TANTO! ■

*Homenaxe a Fermín Penzol, 1972*

## O noso planeta Penzol Dolores Vilavedra

A miña descuberta da Biblioteca Penzol produciuse (¡como non!) da man —metafórica— do mestre Alonso Montero, sendo alumna súa no daquela Colexio Universitario de Vigo, alá polo curso 1983-84. Ademais dos traballos de curso, para os que se facía indispensable a consulta dos fondos da biblioteca, comencei daquela a estudar pola miña conta, e baixo a tutela de Xesús, a obra de Xosé Neira Vilas, o cal era un motivo engadido para converterme en siareira habitual: así coñecín a Nancy, que se desvivía por atender as miñas demandas, e a don Paco, a quen vía de cando en vez e que me inspiraba unha mestura de admiración e temor. Tamén de xeito ocasional coincidía con algún escritor ou escritora de sona, o que me causaba a sensación de estar próxima a unha sorte de Olimpo de seres escolleitos. Por aquel entón a biblioteca non gozaba aínda das espaciaosas dependencias actuais, o cal lle daba ás nosas pesquisas un aire máis familiar e doméstico; por suposto, non estaba informatizada, e era sempre un pracer remexer naquelas fichas amarelecidas e manuscritas, co secreto anxeio de atopar algunha xoia bibliográfica esquecida.

A tese de doutoramento obrigoume a manter un vencello académico coa Penzol ata que de súpeto un día, sen saber moi ben como, o mundo virara e eu atopeime no outro hemisferio, mandando os meus alumnos e alumnas da facultade de Filoloxía de Santiago de Compostela a consultar os seus fondos, tentando espertar a súa curiosidade, o seu anxeio de descubrir os seus tesouros. Dalgún xeito, pechábase o ciclo e eu podía agradecerlle á biblioteca algo do que me dera durante tantos anos mandándolle zume novo, lectores e lectoras que bebesen nas súas fontes.

Pero a miña relación coa Penzol entrou nunha nova etapa dende o momento en que aceptei a responsabilidade de coordinar o *Diccionario da literatura galega* que a Editorial Galaxia quería publicar. O proxecto, iniciado en 1994 e rematado case

unha década despois, artellaríase en catro volumes e xa dende o primeiro momento tiven claro que a biblioteca tiña que ser un dos esteos nos que alicerzar o noso labor, e os profesionais que a atendían, os nosos cómplices. Hoxe podó afirmar, sen esaxerar en absoluto, que se non existise a Penzol sería imposible realizar cando menos os dous primeiros tomos do *Diccionario* (os dedicados a “Autores” e “Publicacións periódicas”). Non é só que o feito de funcionar como biblioteca de referencia para o libro galego, e de contar cuns fondos plenamente actualizados, nos permitise centrar as nosas pesquisas, aforrándonos en parte unha excesiva dispersión que pexaba e ralentizaba o traballo máis do desexable. Se só fose isto, xa sería abondo, pero é que a Biblioteca foi tamén unha sorte de corno da abundancia, interminable fornecedora de xoias bibliográficas e hemerográficas, de materiais insospetados, que arrequecentaron o contido do *Diccionario*, pero tamén nos fixeron a nós, ao equipo redactor, máis sabios: nos ficheiros e nos andeis da Penzol atopamos o mapa do tesouro, o camiño invisible do noso ser histórico.

Naturalmente, o proceso fíxonos tamén amargamente conscientes das carencias do noso país: de termos unha biblioteca e unha hemeroteca nacionais, de termos os fondos dixitalizados, todo sería máis doado e máis logrado o resultado final do noso traballo. Sabermos que esas carencias eran froito dunha desgraciada historia non nos servía de consolo, porque a figura de Fermín Penzol erguíase na sombra como un modelo posible de cidadán capaz de endereitar as ringleiras tortas do devir histórico. Dende entón, pensar na cultura galega sen a Biblioteca Penzol empezou a parecer nos unha aporía.

Se a Biblioteca Penzol foi durante os anos que durou o traballo do *Diccionario* o planeta arredor do que todos os membros do equipo xirabamos como satélites teimudos, cónstame que hoxe o é para todas aquelas persoas interesadas en afondar, a un ou outro nivel, no que hoxe é Galicia e en como chegou a selo. Oxalá siga a selo por moito tempo: o noso planeta Penzol ■

## A gran recompensa do noso labor

Marián Vidal Fraile

Unha mañá do mes de maio de 1985, cos meus compañeiros bibliotecarios de entón, Pula Díaz, Loly Mendía e Xosé García, saín da biblioteca da Universidade Popular para o que ía ser un novo destino: a Biblioteca da Fundación Penzol. O Concello de Vigo enviáranos alí en virtude do convenio que asinara coa Fundación.

Este traslado recibímolos cun certo desacougo, coído que os catro. Inesperadamente, trasladábanos dun escenario no que comezabamos a movernos con soltura para outro descoñecido. Non sabiamos que axiña ese sentimento se trocaría en entusiasmo e orgullo. Por moitas razóns. As primeiras déunolas xa o primeiro día o señor de cabelo branco que coñeciamos dos xornais ou da televisión, pero que nunca tratáramos. Ese señor, Francisco Fernández del Riego, acolleunos con certa distancia mais con positiva actitude. Arengounos sobre a historia de Fermín Penzol e o valor da biblioteca que viña dirixindo dende a súa creación en 1963. Así, coas rectas e elegantes formas do seu verbo galego, entramos nesa outra etapa laboral, xa máis animados.

Cando xa estabamos instalados nos locais da Casa da Cultura e case sen darnos tempo a colocar os libros nos andeis, empezaron a chegar os usuarios da biblioteca, impacientes por retomar as súas vivencias, aprazadas polo traslado, coas obras requiridas.

A visita de cada lector provocaba, naqueles inicios, momentos de abafos no noso afán por atendelos debidamente. Movíamonos con inseguridade nun medio aínda por conquistar. Agravaba a miña inqueda a escasa soltura coa lingua galega, que sempre intentou subsanar teimudamente don Francisco.

Pero o trato afable, colaborador, paciente, dos investigadores e o valioso asesoramento, nunca escatimado, de don Francisco, ao que sempre tivemos e temos que recorrer en moitas consultas complexas, foron escorrentando os medos iniciais. Estes foron

os mellores apoios para saír medianamente airosos no cumprimento do noso deber para cos lectores. Xunto con eles, co director, e tamén coa axuda de Nancy, o noso diario labor técnico bibliotecario rendeu máis e fomos enlazando paseniñamente cos habitantes silenciosos dos depósitos que tantos segredos deron e gardan. Foron tempos enriquecedores, de continuos retos profesionais, tamén de progresivo achegamento á cultura galega, froito do contacto habitual cos libros que catalogabamos e das agradables charlas cos nosos lectores máis expansivos.

Xa pasaron vinte e tres anos dende aquel primeiro día na Penzol e foron moitos os cambios. Entres eles, as mudanzas no equipo profesional primixenio provocadas por diversas circunstancias, unhas felices e outras moi tristes, como o falecemento de Xosé. Botámolo moito de menos e terémolo sempre na nosa lembranza.

Mais o orgullo e o entusiasmo por ter a oportunidade de traballar acotío nesta biblioteca permanece, acrecentado. Este é un recanto privilexiado, tocado pola sabedoría plural dos usuarios que por aquí pasan e das obras que aquí moran. Entre aqueles e estas prodúcese un troco incesante de ideas, pensamentos, coñecementos e descubertas. Sendo habitual que os investigadores compartan con nós a súa emoción polo froito das súas pescudas. Algúns din que atoparon *verdadeiros tesouros*. Ser testemuña destes momentos e dos outros, ao mellor menos sublimes pero non menos importantes, é sen dúbida a máis grande recompensa polo noso labor. E disto, do que ao longo do tempo os nosos seareiros foron transmitíndonos da súa ciencia, da súa actitude comprensiva ante os nosos erros, do seu trato respectuoso e das súas xenerosas doazóns nace o noso entrañable agradecemento cara a todos eles ■



Castelao. *Carauta de Pimpinela*. 1941.

Unha das deseñadas para estrea en Buenos Aires de *Os vellos non deben de namorarse*. No teatro Mayo en setembro de 1941.





Juan de Gayoso. *Testamento e fundación de maorazgo do capitán Juan de Gayoso, señor de Guntín e Canedo*, 1558-1560. Juan de Gayoso estivo ao servizo do emperador Carlos V e do papa Clemente VII. Retirado da milicia toma os hábitos e ocupa diversos cargos, entre eles a nunciatura do Reino de Galicia.



**Libro intitulado Palinodia, de la nephanda y fiera nacion de los Turcos.** y de su engañoso arte y cruel modo de guerrear. y de los imperios, reynos, y prouincias q han subjectado, y poseen cō inquieta ferocidad. Recopilado por Vasco Díaz Tanco, natural de Fregenal de la sierra. Dirigido al muy alto y muy poderoso príncipe, dō belippe, nuestro señor. Año. M. D. LVII.



Marquesado de Vilagarcía. *Venta de Felipe II da xurisdición de Vilagarcía, a D. Rodrigo de Mendoza y Sotomayor*, 1591. A xurisdición da actual Vilagarcía de Arousa foi obxecto de sucesivos litixios entre o Mosteiro de San Martiño Pinario e a mitra compostelá. Por medio dunha breve de Gregorio XIII este dominio pasa á Coroa de Castela que a vende a Rodrigo de Mendoza. Sinatura autógrafa do Rei.




Prudencio de Sandoval. *Antigüedad de la ciudad y iglesia cathedral de Tuy y de los obispos que se save aya auído en ella: sacada de los Concilios y cartas Reales y otros papeles / por Don Fray Prudencio de Sandoval su Obispo*, 1610. Curiosa obra de frei Prudencio de Sandoval, coñecido historiador do século XVII, impresa en Braga.

Vasco Díaz Tanco ou Vasco Díaz Fregenal. *Libro intitulado Palinodia, de la nephanda y fiera nación de los turcos y de su engañoso arte y cruel modo de guerrear y de los imperios reynos y prouincias q han subjectado, y poseen co inquieta ferocidad / recopilado por Vasco Díaz Tanco natural de fregenal de la sierra...*, 1547.

Impresor que pasou os seus últimos anos en Ourense, onde instalou unha oficina de impresor e editou arredor de oito libros. Este rarísimo exemplar foi impreso con amplas marxes e caracteres góticos.





*Gallaecia Regnum / descripta a F. Fer. Ojea Ord. Praed. / et postmodum multis in locis / emendata et aucta, [1634-1635].*  
Versión corrixida do primeiro mapa de Galicia de Hernando Ojea de c. 1602. Esta versión atribúese á familia de gravadores Blaeu.




Felipe de la Gándara y Ulloa. *Armas i triunfos, hechos heroicos de los hijos de Galicia...* : resumen de los servicios que este reino á echo á la magestad del Rei Felipe IV Nuestro señor / escribelos el Padre Maestro Frai Felipe de la Gándara, 1662. Impresa en Madrid, esta obra compendia os servizos rendidos polo Reino aos seus monarcas, en especial a Felipe IV con ocasión das Guerras de Portugal.




Domenico Laffi. *Viaggio in Ponente a' San Giacomo di Galitia e Finisterrae / di D. Domenico Laffi Bolognese ; aggiuntoni molte curiontà doppo il suo terzo viaggio à quelle parti...*, 1681. Doménico Laffi, o máis famoso peregrino italiano, viaxou tres veces a Compostela. Obra impresa en Bolonia.




Bartolomé Sagrario de Molina. *Descripcion del reyno de Galicia, y de las cosas notables del ... / compuesto por el licenciado Molina...*, 1675. A imaxinación que amosou Molina en materias nobiliarias, contrarréstase polo legado do fiel retrato e a riqueza e abundancia de datos sobre a Galicia do século XVI. A primeira edición, realizada en 1550 en Mondoñedo, é de Agustín de Paz. A presente foi impresa en Madrid.




*Fiestas minervales y aclamacion perpetua de las Musas à la inmortal memoria de el Ilustrisimo y Excelentissimo Señor D. Alonso de Fonseca el Grande, Arzobispo de Toledo y de Santiago ... / por mano de ... Ioseph Varela y Vasadre,* 1697. Editado en Santiago de Compostela, recolle nove composicións premiadas en galego e o resto en castelán. Os poemas de eloxio ao arcebispo Fonseca e á Universidade de Santiago amosan unha cultura bilingüe en Galicia e queixas pola necesidade de recoñecemento do galego.



Martín Sarmiento. *Conjetura sobre el nombre de un pez cetáceo, que con otros 212 de la misma especie, bararon a primeros de Julio de 1760 en la playa de la villa de Zumaya, en Guipúzcoa*. Madrid, 1760. Orixinal rubricado polo propio Sarmiento. Aparece citado na *Obra de 660 pregos*, texto de afán enciclopédico realizado entre 1762 e 1766 e copiado nos tomos XIII a XVII da colección Medina Sidonia.



José Cornide de Saavedra. *Investigaciones sobre la fundación y fábrica de la Torre llamada de Hércules... / por Joseph Cornide*, 1792. Impresa en Madrid, nesta obra, Cornide amosa os seus coñecementos de historia erudita e defende a orixe romana da Torre de Hécules.




Francisco Somoza de Monsoriu. *Estorvos i remedios de la Riqueza de Galicia / discurso politico legal que escribe el Lic. D. Francisco Somoza de Monsoriu ; dedicalo al Illmo. Sr. D. Manuel Ventura de Figueroa*, 1775. Impresa en Santiago, é unha moi interesante obra sobre os problemas da sociedade galega do século XVIII.




*Semanario instructivo : periódico de agricultura, ciencias naturales y artes*, 1838. Editado en Santiago por José María Gil Rey. Considerado a primeira revista ilustrada que se publicou en Galicia. Os seus artigos desenvolvían temas de física, agricultura, historia natural, artes, etc.



*El Sensato*, 1811-1814. Semanario inicialmente de carácter antiaristocrático e anticlerical, que muda a posicións absolutistas e eclesiásticas seguindo os avatares políticos.



Manuel Pardo de Andrade. *Os Rogos dun gallego : establecido en Londres, dedicados os seus paysanos para abrílles os ollos sobre certas inorancias, e o demais que verá o curioso lector*, 1813. Impreso na Coruña cun obxectivo propagandístico das ideas liberais, foi produto da polémica que se organizou con motivo da supresión da Inquisición polas Cortes de Cádiz en 1813.



Osterberger [gravado]; F. Monje y Merino [debuxo]  
*Embarco de SS. AA. RR. en Marín*, 1849?


Antonio María Filipe de Orleans e a infanta Luísa Fernanda, irmá da raíña Isabel II, duques de Montpensier, foron personaxes relevantes do século XIX. As súas viaxes por España crearon grande expectación, como amosa esta litografía, que informa do paso por varias localidades galegas en 1849.



*Album de la caridad: juegos florales de La Coruña en 1861; seguido de un Mosaico poético de nuestros vates gallegos contemporáneos*, 1862.

Esta edición, custeada por José Pascual López Cortón e impresa na Coruña, recolle os primeiros Xogos Florais de Galicia. Nela publícase o primeiro poema en galego de Eduardo Pondal: “A campana d’Anllóns”.

Rosalía de Castro. *Cantares gallegos*, 1863.  
 Obra fundacional do Rexurdimento galego, impresa en Vigo por Juan Compañel.



Francisco Javier Rodríguez. *Diccionario gallego-castellano*, 1863.

Primeiro dicionario galego moderno, publicado por entregas na revista *Galicia*, da Coruña, que sería a base dos publicados posteriormente por Cuveiro Piñol e Marcial Valladares.

Juan Antonio Saco y Arce.  
*Gramática gallega*, 1868.  
 A principal gramática das publicadas no século XIX. Impresa en Lugo por Soto Freire.






Manuel Curros Enríquez. *Aires d'a miña terra : colección de poesías gallegas*, 1880.

Impreso en Ourense por Antonio Otero. Máximo exponente da poesía civil do século XIX, claramente aliado coa causa dos oprimidos dende unha posición galeguista, progresista e republicana.


164



*A Monteira : somanario de intereses rexionales e literatura*, 1889-1890. Primeiro xornal publicado en Lugo en 1889 integramente en galego; fundado por Amador Montenegro Saavedra e Manuel Pardo Becerra. No editorial do primeiro número faise unha defensa do idioma galego, liña que seguirá sempre a revista.




Vicente Sotomayor Rojas. *Ramón Otero Pedrayo*, [1905-1911]. Retrato de Otero na súa etapa de estudante en Madrid.



Castelao. *Álbum de autocaricaturas* ca. 1903. Doazón de Francisco Fernández del Riego.

165


Nós : boletín mensual de cultura galega, órgano da Sociedade Galega de Publicacións "Nós", 1920-1936.  
A máis ambiciosa empresa cultural do primeiro terzo do século XX.




A Nosa Terra, 1907-1908. Semanario rexionalista, editado por iniciativa do sector galeguista de Solidaridad Gallega, agrupado arredor de U. Carré Aldao.




Xohán Vicente Viqueira, 23-XI-1912. Folla de inscrición como estudante de Filosofía na Universidade de Berlín.



Ramón Cabanillas; Antón Villar Ponte. O Mariscal: traxedia histórica en verso, 1926. Obra teatral sobre Pardo de Cela, referente indiscutible do nacionalismo galego da época.



Luis Porteiro Garea. 1º discurso do Dr. Porteiro á fundarse a Hirmandade en Santiago : (28-maio-1916). Activo militante das Irmandades da Fala, con este discurso iniciou as actividades a Irmandade de Santiago.



Ramón Otero Pedrayo. Arredor de si. Manuscrito autógrafo da novela que en 1930 publicou Editorial Nós.




Cantigas d'amor dos trovadores galego-portugueses, 1932. Edición crítica de José Joaquim Nunes publicada en Coímbra.

Castelao. Caderno A, [1938-1947]. Manuscrito autógrafo con apuntamentos das súas estadias en Estados Unidos, Cuba, Arxentina e Francia.



Castelao. Carta a José Antonio de Aguirre, 10-I-1946. Minuta. Castelao dirixese a Aguirre procurando o apoio do PNV ao ingreso dun representante galego no goberno republicano no exilio, que daquela presidía José Giral.



Manuel Portela Valladares. *Memorias de la Guerra Civil*, 1948. Orixinal mecanografado e con notas manuscritas, escritas durante o seu exilio en Francia. Foron editadas por José Antonio Durán e publicadas por Alianza Editorial en 1988.



Manuel Gómez Román. Proxecto de sede para o Seminario de Estudos Galegos, 1947.

I68

*Galicia Emigrante*, 1954-1959. Editada en Buenos Aires e dirixida por Seoane, foi unha das revistas galegas máis importantes da emigración e do exilio americano.



Ramón Piñeiro. *Nova orientación do galeguismo*, [1965]. Neste informe, atribuído a Ramón Piñeiro, preséntanse novas estratexias da actividade galeguista ante a situación política durante esta etapa do franquismo.


I69



Sala de lectura da sede da biblioteca na Casa Barcena da rua Policarpo Sanz de Vigo e primeira sala de lectura da biblioteca na Casa Galega da Cultura



Actual sala de lectura na Casa Galega da Cultura. Fotografa: Enrique Tourino



Depósitos e planario. Fotografía: Daniel Lema



Instalacións da Biblioteca Francisco Fernández del Riego







Este libro,  
*Fermín Penzol.*  
*Unha obra para un país,*  
rematouse de imprimir  
o 7 de abril de 2013,  
aos cincuenta anos da constitución  
da Fundación Penzol.

